

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 13

SESION ORDINARIA DO 27 DE XULLO DE 2009

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Couto Pérez, José Manuel
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martíño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

NON ASISTE:

Díaz Vázquez, Raquel (Grupo PSdeG-PSOE)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e nove minutos do día vinteseite de xullo do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martíño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velooso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste a Sra. Díaz Vázquez. Están tamén presentes o membro da Xunta de Goberno Local Sr. Mariño

Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA: Bos días, señores e señoras concelleiros, iniciamos sesión ordinaria do Pleno do Concello convocada para o día de hoxe, coa orde do día asinado o 23 de xullo que obra en poder das señoras e señores concelleiros.

Constatado o quórum se abre sesión pública. Procedemos coa orde do día.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Cuestión de orde a respecto da orde do día. Sinxelamente quereríamos saber por que non se incluíron na orde do día as vinte e unha mocións que aínda quedan, toda vez que non se aprobou o Regulamento do Pleno.

A PRESIDENCIA: Porque é a proposta que a Xunta de Voceiros lle fai ó Alcalde e este así a acepta.

1.- (121).- ACTAS ANTERIORES. (S. ORDINARIA 25.05.09 E EXTRAORD. 16/29.06.09).

(Está ausente a concelleira Sra. Díaz Vázquez).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas das sesións ordinaria do 25 de maio e extraordinarias do 16 e 29 de xuño de 2009.

2.- (122).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS 30.06.09, 03.07.09 E 08.07.09 DE DELEGACIÓNS DE FUNCIONS CON CARÁCTER TEMPORAL.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 30 de xuño de 2009, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Mediante Resolución da Alcaldía, de data 22.06.09, nomeouse, con carácter temporal, ó Sr. Concelleiro D. Carlos López Font, Delegado da Área de Xestión

S.Ordinaria 27.07.09

Municipal, representante do Concello de Vigo na Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV) substituíndo á Sra. Concelleira D^a Raquel Díaz Vázquez en dita función durante a súa ausencia.

RESOLVO

Primeiro.- Ampliación da modificación, con carácter temporal, dende o día 26 de xuño de 2009 ata a incorporación da súa titular, ás delegacións efectuadas na Concelleira D^a Raquel Díaz Vázquez, en virtude de Resolucións de Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, apartado segundo III, na área de Economía e Facenda e de data 31 de marzo de 2008, apartado segundo, na área de Montes, Parques e Xardíns, Limpeza e Contratación, e, en consecuencia delegar ditas atribucións no Sr. Concelleiro D. Carlos López Font, Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións sinaladas.

Segundo.- Nomear, con carácter temporal, ó Sr. Concelleiro D. Carlos López Font, Delegado da Área de Xestión Municipal, representante do Concello de Vigo na Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV) substituíndo á Sra. Concelleira D^a Raquel Díaz Vázquez en dita función durante a súa ausencia.

Terceiro.- Finalizado o período de ausencia volverán ter plena eficacia as delegacións conferidas inicialmente á Concelleira D^a Raquel Díaz Vázquez, quedando sen efecto a modificación recollida nos apartados primeiro e segundo da presente resolución.

Cuarto.- Notificar a presente resolución ós interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Quinto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Sexto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de poñela no seu coñecemento.”

Igualmente con data 3 de xullo de 2009, a Alcaldía-presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do concelleiro-delegado da area de Cultura e Animación Sociocultural, D. Xesús López Carreira, entre os días 6 ao 12 de xullo de 2009, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124 r da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais.

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Xesús López Carreira no Tenente de Alcalde, Santiago Domínguez Olveira.

Segundo.- Notificar esta resolución aos interesados, á Area de Cultura e Animación Sociocultural e á Intervención Xeral.

Terceiro.- Publicar a presente Resolución no Taboleiro de Editos do Concello.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se realice.”

A Alcaldía-presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación as anteriores resolucións.

3.- (123).- DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 03.07.09 POLO QUE SE RESOLVEN AS INDEMNIZACIÓNS EN RÉXIME DE ASISTENCIAS A UN CONCELEIRO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 3 de xullo de 2009, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Segundo escrito de data 13 de maio de 2009, con entrada no Rexistro Xeral na mesma data (Doc. 90071032), D^a Corina Porro Martínez concelleira-voceira do grupo político municipal do Partido Popular manifesta que como consecuencia do seu nomeamento como Presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo (Orde FOM/1171/2009 do 08.05.2009, publicada BOE o 13.05.2009) renuncia ó cargo de concelleira, dándose conta de dita renuncia no Pleno do 25.05.2009. Así mesmo, segundo escrito de data 01.05.2009, con entrada no Rexistro Xeral en data 04.05.2009 (Doc. 90064144), D^a Lucía Molares Pérez concelleira do grupo político municipal do Partido Popular manifesta que como, consecuencia do seu nomeamento como Delegada Territorial da Xunta de Galicia en Vigo (Decreto 259/2009, do 30 de abril, publicado no DOG do 01.05.2009), renuncia ó cargo de concelleira, dándose conta de dita renuncia no Pleno do 25.05.2009.

Mediante Resolución da Alcaldía, de data 20.07.2007, determinábase que D^a Lucía Molares Pérez desempeñara as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e D^a Corina Porro Martínez segundo Resolución da Alcaldía de data 08.04.2008 percibiría indemnizacións pola asistencia ás sesións dos órganos colexiados e/ou órganos reitores dos Organismos Autónomos. Polo tanto quedan vacantes ditas dedicacións.

Mediante escrito do voceiro do Grupo Político Municipal do Partido Popular de data 01.07.2009, entrada no Rexistro Xeral en data 02.07.2009 nº Doc. 90099609, maniféstase que trala toma de posesión do concelleiro D. Ignacio López-Chaves Castro no Pleno do 29.06.2009, este percibirá indemnizacións pola asistencia ás sesións dos órganos colexiados e/ou órganos reitores dos Organismos Autónomos.

En virtude dos antecedentes expostos e segundo o art. 75.5 da LBRL, RESOLVO,

Primeiro.- D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, percibirá indemnizacións pola asistencia ás sesións dos órganos colexiados e/ou órganos reitores dos Organismos Autónomos.

Segundo.- Notificar a presente Resolución ó interesado, Unidade de Persoal, Intervención e Tesourería Municipal.

Terceiro.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e no Taboleiro de Editos do Concello.

Quinto.- Dar conta ó Pleno na próxima sesión que este órgano realice.”

A Alcaldía-presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación a anterior resolución.

4.- (124).- DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 03.07.09 POLO QUE SE RESOLVE A ADXUDICACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL A UN CONCELEIRO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 3 de xullo de 2009, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Segundo escrito de data 13 de maio de 2009, con entrada no Rexistro Xeral na mesma data (Doc. 90071032), D^a Corina Porro Martínez concelleira-voceira do grupo político municipal do Partido Popular manifesta que, como consecuencia do seu nomeamento como Presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo (Orde FOM/1171/2009 do 08.05.2009, publicada no BOE o 13.05.2009), renuncia ó cargo de concelleira, dándose conta de dita renuncia no Pleno de 25.05.2009. Así mesmo, segundo escrito de data 1.05.2009, con entrada no Rexistro Xeral en data 4.05.2009 (Doc. 90064144), D^a Lucía Molares Pérez concelleira do grupo político municipal do Partido Popular manifesta que como consecuencia do seu nomeamento como Delegada Territorial da Xunta de Galicia en Vigo (Decreto 259/2009, do 30 de abril, publicado no DOG do 01.05.2009) renuncia ó cargo de concelleira, dándose conta de dita renuncia no Pleno do 25.05.2009.

Mediante Resolución da Alcaldía, de data 20.07.2007, determinábase que D^a Lucía Molares Pérez desempeñara as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e D^a Corina Porro Martínez segundo Resolución da Alcaldía de data 08.04.2008 percibiría indemnizacións pola asistencia ás sesións dos órganos colexiados e/ou órganos reitores dos Organismos Autónomos. Polo tanto quedan vacantes ditas dedicacións.

Mediante escrito do voceiro do Grupo Político Municipal do Partido Popular de data 01.07.2009, entrada no Rexistro Xeral en data 02.07.2009, nº Doc. 90099598,

S.Ordinaria 27.07.09

manifesta que trala toma de posesión do concelleiro D. José Manuel Couto Pérez no Pleno do 29.06.2009, este desempeñará as súas funcións en réxime de dedicación parcial de nove horas semanais.

En virtude dos antecedentes expostos e segundo o art. 75.5 da LBRL, RESOLVO,

Primeiro.- D. JOSE MANUEL COUTO PÉREZ, desempeñará as súas funcións en réxime de dedicación parcial de nove horas semanais con efectos dende a súa toma de posesión; as retribucións aboaranse en doce pagas; tales importes revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Segundo.- Non percibirá indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación nin dos organismos autónomos municipais, sen prexuízo das indemnizacións polos gastos ocasionados no exercizo do seu cargo.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución ó interesado, á Unidade de Persoal, á Tesourería e á Intervención Xeral.

Cuarto.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de Editos do Concello.

Quinto.- Dar conta ó Pleno na próxima sesión que este órgano realice.”

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación a anterior Resolución.

5.- (125).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 20 DE XULLO DE DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS CON CARÁCTER TEMPORAL.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 20 de xullo de 2009, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do Concelleiro D. Carlos López Font, dende o día 21 de xullo de 2009 ata o 31 do mesmo mes, e considerando as delegacións que en materia de goberno ostenta en virtude de Resolucións de Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, área de Xestión Municipal, e dende o 30 de xuño de 2009 as competencias delegadas na concelleira delegada D^a Raquel Díaz Vázquez mentres dure a súa ausencia; en uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía en virtude do disposto no art. 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais,

RESOLVO:

S.Ordinaria 27.07.09

Primeiro.- Modificar, con carácter temporal, dende o día 21 de xullo de 2009 ata o 31 de xullo de 2009, as delegacións efectuadas no Concelleiro D. Carlos López Font en virtude de de Resolucións de Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, e 1, 22 e 30 de xuño de 2009, onde se lle encomendaban as funcións da Concelleira D^a Raquel Díaz Vázquez mentes durase a súa ausencia, na área de Economía e Facenda e na área de Montes, Parques e Xardíns, Limpeza e Contratación, e, en consecuencia, delegar ditas atribucións no Concelleiro D. Santos Hector Rodríguez, nos termos das delegacións sinaladas.

Segundo.- Finalizado o período de ausencia volverán ter plena eficacia as delegacións conferidas inicialmente ó Concelleiro D. Carlos López Font, quedando sen efecto a modificación recollida no apartado primeiro da presente resolución.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de poñelo no seu coñecemento”.

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación a anterior Resolución.

6.- (126).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 15 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN RELATIVAS Ó HORARIO DE REALIZACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 15 de xullo de 2009, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Por Resolución de Alcaldía do 20 de xuño do ano 2007, apartado cuarto, fíxose, entre outros extremos, o horario de realización de sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, determinando que sería ás 8.00 horas en primeira convocatoria e unha hora despois, ás 9.00 horas en segunda, resolución que foi posteriormente modificada por RA de data 30 de abril do ano 2008, no relativo á data de realización naquelas ocasións en que coincidise coa da sesión plenaria.

O artigo 113.1 c) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispón que

"Para la válida constitución de la Junta de Gobierno se requiere la asistencia de la mayoría absoluta de sus componentes. Si no existiera quórum, se constituirá en segunda convocatoria, una hora después de la señalada para la primera, siendo suficiente la asistencia de la tercera parte de sus miembros y, en todo caso, un número no inferior a tres".

Considerando que, segundo os usos e costumes municipais, a realización de sesión prodúcese ordinariamente en segunda convocatoria, sendo que dita previsión, tal e como se sinalou, só procede ante a ausencia de quórum de constitución, debendo procurarse a realización en primeira convocatoria nun funcionamento regular do órgano colexiado.

En exercizo das atribucións conferidas polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 57/2003, e segundo o establecido no artigo 112 do RD 2568/1986

RESOLVO

Primeiro.- Modificar as Resolucións de Alcaldía de datas 20.06.07 e 30.04.08 no relativo ó horario de realización de sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local no apartado cuarto quedando coa seguinte redacción:

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, previa convocatoria desta Alcaldía, realizará sesións ordinarias na denominada "Sala de Goberno" todos os luns non festivos de cada semana ás 9.00 horas en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois (10.00 horas) en segunda, ó abeiro do disposto no artigo 113.1 c) do RD 2568/1986. No caso de que coincida no mesmo día sesión do Pleno do Concello ou cando o día luns fixado sexa festivo, a sesión terá lugar o venres anterior á mesma hora.

Non obstante o previsto, a Alcaldía poderá adiantar ou atrasar as sesións ordinarias, así como suspender a súa realización, con ocasión de períodos vacacionais ou por circunstancias excepcionais, sempre que isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais.

Segundo.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Terceiro.- Da presente Resolución darase conta individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de tomar coñecemento da mesma de conformidade co establecido no artigo 44 do R.D. 2568/1986, en relación co artigo 38.d) do mesmo corpo legal."

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación a anterior Resolución.

7.- (127).- DAR CONTA DE SENTENZA EN RCA 02/4085/2004 INTERPOSTO POLO COLEXIO OFICIAL DE APARELLADORES E ARQUITECTOS TÉCNICOS DE PONTEVEDRA CONTRA ACORDO PLENARIO DE DATA 28.11.05 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE CAPTACIÓN E APROVEITAMENTO DA ENERXÍA SOLAR. EXPTE. 2087-111

ANTECEDENTES.- En relación co recurso contencioso-administrativo núm. 4085/06, interposto polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Galicia cotra o acordo de data 28.11.05 de aprobación definitiva da ordenanza municipal sobre captación e aproveitamento da enerxía solar, a Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con data 17 de xullo de 2008 ditou a seguinte sentenza:

“Desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra contra o acordo do 28.11.05 do Concello de Vigo polo que se deu aprobación definitiva á “Ordenanza municipal sobre captación e aproveitamento da enerxía solar para usos térmicos en edificacións e instalacións no termo municipal de Vigo”. Non se fai imposición de custas.”

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación a anterior sentenza.

8.- (128).- DAR CONTA DA EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE Ó PRIMEIRO SEMESTRE DE 2009, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 7 de xullo polo interventor xeral:

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Regra 105 da ORDEN EHA 4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de execución orzamentaria para o ano 2009, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o órgano que teña atribuída a función de contabilidade, remitiralle ó Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-

Presidencia, información da execución dos orzamentos, dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao primeiro semestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables ata o 30 de xuño de 2009.

A información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, nos que se reflicte a situación inicial, cobros e pagos así como a situación final.

En canto ós estados consolidados, a información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada. As institucións consolidadas son: A Entidade Local, o Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios.”

A comisión informativa de Réxime Interior, en sesión do 23 de xullo, tomou coñecemento do expediente.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Sorpréndenos que se traia a este Pleno a liquidación do primeiro semestre do ano 2009 ou, o que é mesmo, a acumulación dos dous trimestres e que o goberno non teña nada que manifestar polo de agora, cousa que tamén nos sorprende porque o lóxico é que a primeira intervención sexa por parte do goberno e non da oposición. Dado que semella que estamos deixados da man de Deus, isto xa se está convertendo nunha práctica habitual.

Cando se presentou a este Pleno a primeira liquidación trimestral do orzamento do ano 2009 xa sinalábamos, e os feitos así o evidencian, que nos atopamos diante dun grave problema de xestión pola parte deste goberno municipal e da súa dirección económica.

Con posterioridade estenderémonos no punto nº 9, non vou facer mención ó mesmo agora, pero coido que é significativa esta modificación orzamentaria que traen no día de hoxe ó Pleno deste defecto de xestión por parte do goberno municipal. Tamén o

son os datos que figuran na liquidación trimestral que presentan no día de hoxe en canto á situación do orzamento de gastos e tamén respecto á situación do orzamento de ingresos.

Sorpréndenos que un goberno que está constantemente presumindo dos grandes investimentos que está levando a cabo na cidade, moitos deles propiciados polo Plan de Investimento Local tamén coñecido como Plan Zapatero, que a estas alturas do exercizo e con estas obras que teñen data de caducidade, nos atopemos con que está executado só un 18,94%, pouco máis de 16.000.000 de euros. Este dato significa precisamente a dificultade na xestión que está a ter o goberno municipal, á que xa aludín no anterior Pleno, cando fallan por executar case 47.000.000 de euros e estamos máis aló da metade do exercizo orzamentario.

En canto ós pagamentos realizados tamén nos preocupa o seu nivel porque acadan só un 17,03%. Ante a crise que vivimos, como destacabamos nun Pleno anterior, é preocupante que a estas alturas do exercizo orzamentario non exista un maior nivel de “P” e de “RC” por tanto que entendemos que os provedores do Concello, empresas medianas e pequenas, á vista da grave crise económica existente no noso país, necesitarían que estes pagamentos se axilizasen.

Dende logo nada ten que ver esta xestión de gastos coa que fixo no seu día o Partido Popular que deixou unha xestión orzamentaria magnífica e daquela a caixa municipal engordara. Agora non só non engorda, senón que vai diminuír considerablemente, pero deste tema falaremos posteriormente.

Estamos nunha situación na que diminúe o nivel dos ingresos, van a un ritmo moi lento. Os ingresos por impostos directos non acadan o 15% da previsión definitiva a estas alturas do exercizo. Sei que se logo contestan van dicir que isto é por mor do imposto sobre bens inmobles que se liquida noutro mes e por iso xa adianto que efectivamente este imposto aínda non está liquidado.

Independentemente diso parécenos un feito grave que a estas alturas do exercizo non só os gastos, senón que os ingresos leven os niveis de execución actuais, máxime cando esta fin de semana puidemos ver nalgún medio de comunicación como Vigo descende nas listas de índices de transparencia dos concellos. Pasamos do posto 5 no ano 2008, curiosamente pouco despois deixar o goberno municipal o Partido Popular, a ocupar o posto número 22. Este é un feito lamentable e grave. Sei que hai outros concellos, gobernados tamén por vostedes como o de Pontevedra, O Ferrol e Ourense, que ocupan lugares aínda inferiores; o da Coruña e Lugo, tamén gobernados por vostedes, están inmediatamente antes que nós e tamén o de

Santiago de Compostela.

Creemos que existe unha clara falla de xestión municipal e que no Concello de Vigo estamos a metérmonos en graves problemas económicos.

Logo xa falaremos da modificación orzamentaria de gran gravidade e que está a demostrar precisamente esta falla de xestión municipal, á parte dos datos que figuran na liquidación trimestral que demostran que o goberno municipal non funciona e se isto é así xa saben o que poden facer, deixárnolo a nós que seguro que o facemos funcionar.

SR. LÓPEZ FONT: Traizoan ó Sr. Conde Gil as ganas que ten por gobernar. Detrás de cada unha das súas críticas hai precisamente un lamento por perderen o goberno.

Sr. Conde, non intervimos inicialmente porque pensabamos que o documento presentado era o suficientemente amplo e concluínte como para que non precisase inicialmente de maior explicación.

No Pleno do pasado 27 de abril producíase entre vostede e a concelleira de Economía e Facenda un debate nos mesmos termos que practicamente vostede marcou agora. Daquela dicíalle a Concelleira de Facenda que estabamos diante do maior orzamento da historia da cidade de Vigo, un orzamento de 310 millóns de euros que constituía, insisto, o maior orzamento que tivo xamais esta cidade.

Dentro dese orzamento contemplábase unha partida, que xa empeza vostede a chamar do Plan ZP, por 52.320.000 euros. Esta é unha cantidade que nunca se podería maxinar nesta cidade e que revitalizou todas as obras, todo o sector económico, pero que evidentemente vostedes non saben valorar nos seus xustos termos.

Daquela dicíalle a concelleira de Economía e Facenda que xa estaban adxudicados, nun trazo de eficacia administrativa e de xestión, estes 52.000.000 €. Xa estaba absolutamente todo executado o 27 de abril. Este é o trazo que realmente se debe salienta cando na orde do día de hoxe se fala da execución do estado de gastos e de ingresos.

Dende aquel debate que mantiñan vostedes o 27 de abril a situación mellorou substancialmente porque seguimos estando diante do mellor orzamento da historia da cidade de Vigo e estamos nun nivel de adxudicación do Capítulo VI, Investimentos Reais, do 71,80%, é dicir, Sr. Conde e concelleiros do Partido Popular, en seis meses de 87.176.000 euros que comporta o Capítulo VI están adxudicados e autorizados 62.629.000 €; xa pasaron por Mesa de Contratación e xa se adxudicaron ás

empresas. Isto supón 71,84%.

Polo tanto, como ás cousas hai que as chamar polo seu nome, hai que dicir que literalmente é falso e inexacto que diga vostede que fallan 47.000.000 por adxudicar. Creo polo tanto que en seis meses, diante do maior orzamento desta cidade, estamos nuns niveis de eficacia administrativa que deberían ser salientables, deberían seren recoñecidos por todos e mesmo pola parte do Partido Popular.

Segue vostede coas mesmas argumentacións que expuxo no Pleno do 27 de abril, daquela tamén lle preocupaba moito a situación do cobramento das empresas polos traballos realizados para este Concello. Eu sinxelamente téñolle que dicir que comprobe os cadros, que na fase "O", obriga de factura, están recoñecidos 16.509.000 euros e na fase "P", de pagamento, están aboados 16.509.000 euros, é dicir, a mesma cantidade. Isto leva á afirmación, mesmo de quen non entenda moito de economía e de análise contable e orzamentario, que toda factura que se presentou neste Concello se aboou. Que máis poden pedir as empresas desta cidade? Non piden nada porque se está cumprindo literalmente con elas. A pregunta sería, que máis pode pedir o Partido Popular con respecto a isto?

Cando falamos deste tema o importante é o que está adxudicado sobre o total do orzamento que, indícolle novamente, é do 71,84% e o aboado ás empresas correspóndese coas facturas presentadas. Dificilmente podíamos entrar na fase "P" de pagamento, que semella que lle preocupa moito a vostede, cando aínda non cumpriron a fase "O" por non remataren os traballos as empresas.

Poderíalle citar toda a relación das obras que están financiadas polo Plan Zapatero e o seu grao de execución. Abonda con dicirlle que están en torno a unha media do 49% e que no momento no que as empresas vaian rematando unha a unha cada unha das obras deste Plan Zapatero, pasaremos á fase "P" de pagamento. Esta é a realidade, que estamos cumprindo dun xeito diría eu que escrupuloso pero tamén practicamente ó día, coas obrigas coas empresas, coido polo tanto que isto non lle debe preocupar.

Fíxese se evoluciona isto rapidamente que se ben os datos que lle preocupan aquí son do 30 de xuño, xa os datos dispoñibles a 24 de xuño, ese 18,94% do que lle falaba de aboamento ás empresas, xa estaba no 25,56%. Sr. Conde Gil, sinxelamente o único que está pendente é o remate dos traballos pola parte das empresas. O Concello está puntualmente ó día no pagamento con todas e cada unha das empresas que presentaron as facturas.

Esa primeira intervención que semella que vostede botaba en falta, non a fixemos

porque este é un tema o suficientemente claro como para que se entendese á primeira xa que é evidente que estamos en primeiro lugar nun nivel de transparencia máximo. Tamén lle pregunto eu, como facía a concelleira de Facenda no mes de abril, onde están os estados de gastos e execución do orzamento dos anos 2004, 2006 e 2007? Precisamente este goberno o que está a facer é o que non fixo o goberno do Partido Popular, está nun grao máximo de transparencia facilitando ó Pleno trimestralmente, tal como figura nas bases de execución do orzamento, este Estado de Execución e así o cumprimos. Deuse conta do correspondente ó 31 de marzo no Pleno de abril e estase dando conta no Pleno do mes de xuño do correspondente ó 30 de xuño. Maior transparencia, maior grao de eficacia é difícil que se poida dar.

Con respecto ó grao de eficacia e de transparencia administrativa nas administracións, o único dato que debería salientar da información que apareceu en prensa esta fin de semana é que o Concello de Vigo mellora de cada vez, ten un índice de transparencia certamente salientable e como nos ocorre con outras polémicas e con outras situacións, pouco nos importa o que ocorre noutros Concellos, o que nos ten que preocupar é o índice de transparencia neste Concello e nese sentido o que si é certo é que nós imos mellorando día a día. Se quere facer mencións relativas a concellos pode comezar perfectamente polos Concellos de Madrid e Valencia que non son quen de chegaren ó noso índice de transparencia. Tamén nese aspecto de transparencia estamos mellorando día a día.

SR. CONDE GIL: Estrañábame que no Pleno de hoxe non saíra Madrid, pero dá a casualidade de que Madrid está no posto nº 10 e Vigo, que estaba no posto nº 5, caeu ó nº 92; é algo curioso.

En algo xa melloramos, Sr. López Font, por que non o recoñecer diante de tantos admiradores como ten na mañá de hoxe no salón de plenos. Conseguiu vostede quitarlle o protagonismo ó Sr. Alcalde e agora o ten vostede.

Recoñeceu algo en contra do que ven sendo habitual nas manifestacións do Presidente deste Pleno, que efectivamente perdemos o goberno municipal, pero non as eleccións. Hónralle que por fin recoñeza que o Partido Popular foi o gañador das eleccións municipais na cidade de Vigo. O Sr. Alcalde non é desa opinión, el vai manifestando que o Partido Socialista ganou as eleccións. Maximo que iso foi nos seus mellores sonos.

Gustaríame dicirle tamén que un orzamento por seren o máis grande que tivo a cidade de Vigo, non necesariamente implica que sexa o mellor porque precisamente

o orzamento reflicte as políticas que se aplican neste Concello e aquí estamos asistindo a un completo desnorte por parte deste goberno municipal, a unha serie de irregularidades, das que falaremos logo, que fan que Vigo non teña a mellor xestión, que existan eses defectos de xestión dos que falei antes e que polo tanto teñamos que asistir a situacións como as que asistiremos e das que falaremos con posterioridade.

Que vostede fale de que está executado o 18,94% ou o 71,84% adxudicado paréceme moi ben. Efectivamente está adxudicado o 71,84% cos datos que vostede facilita que, por certo, está dicindo que eu estou repetindo o que dixen no Pleno do mes de abril e vostede o que fixo é seren un lector da Sra. Díaz, nada máis, non fixo ningunha nova achega, sinxelamente limitouse a ler aquel Pleno. Para iso poderíamos dalo por reproducido como se di no mundo xurídico e aforraríamos un tempo.

Está claro que a data 30 de xuño só está executado un 18,94%. Di vostede que está pagado un 18,94% e preguntolle entón, onde están esas facturas que non están reflectidas nestes datos? Porque algúns empresarios nos veñen comentar que non cobran deste Concello e que se lles deben cartos. Igual están nun caixón ou abriuse algún sobre como xa pasou neste Concello, o que non pasara xamais na súa historia democrática.

Di vostede que é o mellor e o maior orzamento pero eu lle digo que por máis correr e por maior que sexa non significa que sexa o mellor orzamento e ós feitos ímonos remitir logo. Como dixemos no seu día, vostedes fixeron unha chapuza de orzamento e a súa execución non pode seren máis que un reflexo do orzamento porque se alguén é malo na súa vida profesional, loxicamente vai ser malo na súa vida persoal. Se o orzamento é unha chapuza por forza a súa execución ten que ser tamén unha chapuza. Os datos están aí para evidenciarlo.

Non só hai que falar dos investimentos, senón que no Capítulo VII, Transferencias de Capital, en gastos atopámonos cun executado dun 3,49%, unha cifra completamente ridícula con esas adxudicacións do 61,02%. Nos gastos de bens correntes e servizos só está executado o 34,77% a estas alturas de exercizo.

Sr. López Font, por moito que tente adornar coa súa verborrea a situación do orzamento, por moito que tente maquillalo, a realidade está aí. Fixeron vostedes un mal orzamento, están executándoo moi mal e a situación verase cando ó remate de exercizo teña que presentar a liquidación do orzamento.

Xa falaremos do tema da modificación orzamentaria nº 75 porque non a quero mesturar con este expediente, que non ven senón seren reflexo da súa deficiente

xestión e transparencia. Vostedes están enrocados en dicir que fan todo fantástico e marabilloso e ó final atopámonos cuns deficientes servizos municipais, con empresarios que veñen onde nós e nos din que non cobraron e de seren así, de non estar iso reflectido aquí, é que as facturas non chegan á xestión de pagamentos, atópanse metidas nalgún caixón dalgunha concellería. Pero vista a lentitude que teñen vostedes en transmitirse a información duns a outros departamentos, do que xa darei algún exemplo no seguinte punto, non me estraña absolutamente nada. Teñen unha xestión nefasta e insisto en que poden presumir de que teñen o maior orzamento pero, por favor, non presuman de que teñen o mellor porque se están equivocando e enganando á cidadanía.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Conde, é evidente que me congratula que vostede recoñeza que estamos diante do mellor orzamento da historia de Vigo. Recoñece que é o maior e implicitamente está recoñecendo que é o mellor porque é o que está dotado dunha maior cantidade económica para poderen atender a todas as demandas que ten a cidade.

Non estou lendo a intervención que fixo a Sra. Díaz no Pleno do 29 de de abril; estou reafirmando o que dixo e o importante, cando estamos a falar do estado de execución é recoñecer que porcentaxe está adxudicada, iso é o que realmente importa. Cando vostede recoñece que estamos no 71,84%, está recoñecendo que estamos executando correctamente este orzamento, que a evolución do orzamento e o seu grao de execución é a correcta, polo tanto téñolle que dicir novamente que non faga acusacións que non poida demostrar.

Non se pode dicir, Sr. Conde, que hai empresas sen cobrar, non se pode dicir iso cun documento coma este que se presenta onde na fase "O" que significa obriga-factura están presentados 16.509.000 euros e na fase "P" de pagamentos están aboados eses mesmos 16.509.000 euros. Este grao de execución reafirma que toda factura presentada neste Concello está aboada, que este Concello non lles está creando ningún problema ás empresas.

Dado que vostede non ten, non sei se a valentía ou a transparencia do dicir neste Pleno, descoñezo as empresas que se dirixen a vostedes dicindo que non cobraron. Debo intuír que son aquelas coas que o goberno da Sra. Porro se comprometeu, non deixou presupostadas as cantidades e hoxe están pendentos porque a min tamén me veñen eses empresarios, e dixémolo en moitas ocasións neste Pleno. Polo tanto con este grao de execución, por moito que diga vostede, é difícil que haxa unha empresa

pendente de cobrar.

Sr. Conde, como lle dicía antes o importante é que só en vinte e catro días esa porcentaxe do 18,94% pasou ó 25,56% e de faceren un Pleno cada día, este índice incrementaríase a diario porque o importante é o estado de execución no que temos as obras do Plan Zapatero. Tal e como esas obras se rematen e as empresas presenten diante do Concello as correspondentes facturas, estaremos na mesma situación. Aquilo que se presenta na fase "O" como factura, converterase na fase "P" de pagamento.

Por unha banda di que non quere mesturar este punto co seguinte da modificación orzamentaria e está continuamente facendo mención a iso. Sinxelamente digo que o orzamento que aprobamos para o ano 2009 engloba todo o que esta cidade precisa, medidas contra a crise, engloba todos os sectores nos que se precisan achegas económicas por parte deste Concello.

Non estamos, Sr. Conde, diante dun mal orzamento. Estamos diante dun orzamento equilibrado, moi medido en canto ós gastos e ós ingresos que, como se demostrou hoxe, está executándose correctamente e polo tanto o Estado de execución que traemos aquí demostra o acerto do orzamento, o acerto de todas aquelas medidas que englobamos no orzamento e que unha a unha en canto a eficacia administrativa estanse deixando sentir na cidade.

O Partido Popular ten un problema moi claro: sae moi pouco á cidade, non ve o que realmente se está facendo nesta cidade e só fai falla saír á rúa para contemplar as realizacións deste goberno. Só vostedes son os que lamentablemente non ven estas actuacións.

Rematando por onde comecei e como conclusión direille que estamos diante do maior e do mellor orzamento deste Concello, que a data 30 de xuño estamos nun estado de execución certamente bo, sobre todo estamos cumprindo cos provedores e coas empresas que fan obras ou que certifican servizos a este Concello. Isto certifica o grao de transparencia e de eficacia administrativa.

Eu comprendo que ó Partido Popular lle resulte moi difícil falar de orzamento, como tamén dicía a concelleira de Economía e Facenda no Pleno de abril e é verdade que estamos nun bo estado de execución. Creo que con esta e as anteriores explicacións quedou suficientemente demostrado que administrativamente este orzamento se está executando dunha forma moi boa.

Do anterior a Alcaldía Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

9.- (129).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 75/2009, CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO, POR IMPORTE TOTAL DE 20.200.000 € PARA GASTOS INELUDIBLES A EXECUTAR NO ANO 2009. EXPTE. 5890/101.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 9 de xullo de 2009, a Alcaldía Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Polas distintas unidades xestoras do orzamento o abeiro das delegación feitas por esta Alcaldía e pola Xunta de Goberno Local, os Srs. Concelleiros/as Delegados/as me solicitan facer fronte a determinadas actuacións no ámbito da promoción e acción social, no comercio e turismo, animación sociocultural, nos viarios públicos e en xeral naquelas áreas funcionais que son da súa competencia, para as que non dispoñen de recursos orzamentarios ou existindo, estes resultan insuficientes para acometer as accións previstas.

Avaliadas a totalidade das necesidades formuladas, consideráronse necesarias e que non poden demorarse ao exercizo seguinte unha parte das mesmas que máis adiante se relacionan, para as que non hai crédito no orzamento vixente ou sendo este insuficiente, xustifícase a necesidade de tramitar unha modificación orzamentaria para habilitar créditos nalgúns casos e suplementar noutros, para atender esas necesidades que motivadamente se consideran inaprazables e que en síntese se recollen nesta resolución pero que figuran con máis detalle na documentación que configura o expediente e que conforma a xustificación motivada da modificación orzamentaria.

O artigo 177 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, do 5 de marzo, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, prevé que cando haxa de realizarse algún gasto que non se poida demorar ata o exercizo seguinte e non exista no presuposto da Corporación crédito ou este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o Presidente da Corporación ordenará a incoación dun expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo. Á proposta haberase de acompañar unha memoria xustificativa da necesidade da medida que deberá precisar a clase de modificación a realizar, as partidas presupostarias ás que afecta e os medios ou recursos que han de financiarla, debendo acreditarse todo iso no expediente

O expediente que se está a tramitar, engloba as dúas figuras de modificación presupostaria, xa que nalgún caso tratase de habilitar créditos e noutros de suplementar, formando parte do expediente a xustificación en cada caso das necesidades a cubrir suscrita polos responsables dos centros xestores implicados e conformada polos Concelleiros/as Delegados/as.

O obxecto da modificación presupostaria ten como finalidade facer fronte a necesidades de distinto contido, unhas de carácter operativo e de funcionamento

ordinario dos servizos consistentes en insuficiencias dotacionais, e outras de carácter legal para facer fronte a indemnizacións por sentenzas e outras de remate ou de gastos plurianuais cuxas anualidades e modificados de proxectos que non estaban previstos e para os que non existe dotación orzamentaria.

Unha destas necesidades inaprazables é a execución da sentenza en materia urbanística, nº 469/2008 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. En relación co anterior, o art. 106 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no seu apartado primeiro establece o prazo e procedemento de execución, salvo que conorra o suposto previsto no apartado catro do precitado precepto. O apartado primeiro establece que "cando a Administración fose condenada ao pagamento de cantidade líquida, o órgano encargado do seu cumprimento acordará o pagamento con cargo ao crédito correspondente do seu presuposto que terá sempre a consideración de ampliable. Se para o pagamento fose necesario realizar unha modificación presupostaria, deberá concluírse o procedemento correspondente dentro dos tres meses seguintes ao día de notificación da resolución xudicial".

A partida 1210.2260901 Indemnizacións a cargo do Concello, foi dotada cunha consignación inicial de 250.000 euros, sendo esta insuficiente para facer fronte á sentenza, que tendo en conta a liquidación de intereses legais dende o 16 de abril de 2004 a 30 de setembro de 2009, ascende a 590.600,16 euros, non existindo na aplicación presupostaria crédito para facer fronte a esta e estando a bolsa de vinculación xurídica dos créditos destinadas a facer fronte a gastos operativos. Así mesmo, tendo en conta que a partida referenciada ten un saldo negativo, suplementase a mesma para facer fronte as indemnizacións que acontezan ata fins do ano por unha contía de 75.188,08.

En relación cos gastos de avogados e procuradores, hai minutas que se foron achegando correspondentes a facturacións dos anos 2005-2007, para as que non existe crédito dispoñible na partida 1210.2260300, todas as minutas correspóndense con procesos xudiciais iniciados e rematados en mandatos de gobernos anteriores e tendo en conta que as mesmas están asinadas pola Asesoría Xurídica e xustificando o seu pago, polo tanto a inaprazabilidade do gasto, polo que resulta necesario facer un suplemento de crédito na citada partida por un contía de 136.172,80 euros.

Tamén, adicada a facer fronte a sentenzas, motivadas pola contratación de persoal no servizo de Emprego e Promoción económica e en Benestar Social, como consecuencia de despidos declarados improcedentes nos xulgados por contratación encadeada considerada irregular en etapas anteriores, hai sentenzas firmes xa notificadas por unha contía de 412.533,77 euros e en súplica outra contía de 391.692,41 euros, que seguindo a doutrina que se ven aplicando, serán firmes o longo deste ano, polo que se fai necesario complementar a partida 1210.1410000 con 850.000,00 euros. En relación cos despidos declarados improcedentes, xa se executaron distintas sentenzas no ano 2008.

Noutros supostos, o suplemento ten como finalidade a de facer fronte a insuficiencias orzamentarias producidas como consecuencia de atrasos de outros exercizos, tal e o caso do Transporte Colectivo Urbano de viaxeiros, sendo a súa dotación anual suficiente para facer fronte os gastos que se derivan da prestación anual do servizo, pero por mor das distintas prórrogas orzamentarias que se produciron nos anos 2004, 2006 e 2007, así como unha maior utilización da tarxeta do bono normal, esta

partida acumulou un déficit orzamentario que xa foi rebaixado coa modificación orzamentaria (suplemento de crédito) nº 110/07, por unha contía de 2.500.000 euros, pero que resultou insuficiente, aínda que como xa se dixo, a dotación do orzamento do ano 2009 é suficiente para o gasto que devenga a prestación do servizo correspondente ó ano, pero téndose imputado á mesma os atrasos do ano 2008, resulta insuficiente para cubrir a facturación do ano. Neste mesmo servizo e tamén polas mesmas causas, resultan insuficientes os créditos dispoñibles relativos ó contrato de prestación de servizos de transporte de estudantes á Universidade, as chamadas lanzadeiras, existindo crédito para facer fronte á prestación ata o mes de setembro.

Tamén no ámbito das prestacións de servizos, están os atrasos que se derivan da revisión obrigatoria do prezo do contrato de retirada e custodia de vehículos aá vía pública correspondente o expediente tramitado no ano 2009, no que se puxo de manifesto que o crédito era suficiente para o gasto anual da prestación pero non para facer fronte ós atrasos que o mesmo xeraba, xa que no ano 2008 producíase unha alteración no prezo da prestación pola entrada na estrutura de custos da amortización técnica e financeira de novos vehículos.

Nestes casos, existe un informe motivador do servizo que pon de manifesto as insuficiencias e polo tanto a necesidade inaprazable de suplementar ás dotacións anuais para facer fronte ás obrigas que se producen no ano, sendo o seu carácter inaprazable pola súa consideración dun contrato de tracto sucesivo, con devengos mensuais e non existindo crédito suficiente para facer fronte ós citados devengos.

Así mesmo, tamén polas razóns que se manifestan no informe emitido pola unidade de Patrimonio, hai un recibo do ano 2002 correspondente ó seguro de responsabilidade civil dá Aseguradora Mussini agora MAFRE, para o que existía o compromiso de gasto nº 200200043211, que se incorporou ó orzamento do ano 2003 co nº 20030005328, e que se anulou a fins dese ano por non tramitarse o recoñecemento da abrigo en prazo, pero que foi reclamado en distintas datas á unidade de Patrimonio, quedando polo tanto xustifico o seu carácter de inaprazable.

En canto ó suplemento que se fai para o mantemento ordinario de xardíns, a factura que forma parte do expediente e que está pendente de imputar ó orzamento, correspóndese coa prestación do servizo do mes de xullo de 2007, sendo a súa orixe a folga dese ano e a súa repercusión económica na prestación do servizo do citado mes, na que xurdiron discrepancias en canto á contía que procedía reducir a factura polos días que se deixou de prestar o servizo, razón pola cal non se tramitou a mesma no ano e non foi solicitada a incorporación do crédito, polo tanto, estamos ante unha prestación feita (regra do servizo feito) pendente de imputar ó orzamento e polo tanto xustificable o suplemento da partida.

Outro gasto inaprazable ó ano 2010 é a necesidade de facer fronte a unha maior adicación horaria do Corpo da Policía Local, os problemas de tráfico que xeran as obras que se están a desenvolver para a humanización da cidade, o control intensivo que se está a levar a cabo nas zonas de prohibición do botellón e a maior demanda de servizo na tempada estival, motiva un suplemento na partida de produtividade adicada a unha dispoñibilidade superior á prevista, sendo os créditos que financian este suplemento os propostos pola unidade xestora mediante a minoración da aplicación adicada ao renting dos vehículos da Policía Local, xa que o mesmo non é

posible concertalo ata o mes de outubro-novembro, sendo polo tanto este crédito reducible sen que afecte ó funcionamento operativo da unidade.

Tamén forman parte destas insuficiencias, unha relación de liquidacións de proxectos, en algúns casos co-financiados con fondos europeos e que a súa liquidación está pendente de tramitar, tal é o caso dos investimentos en saneamento en Zamáns e o proxecto de automatización das instalacións de saneamento, camiño do Freixo, piscina de Valladares e saneamento de Navia Fontáns, cuxas liquidacións están informadas favorablemente polos técnicos directores das obras e expedida a certificación e notificada a empresa executora das obras, estando a liquidación dentro dos límites porcentuais que regula o art.160 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. No expediente atópase a xustificación e motivación para o suplemento ou habilitación do crédito.

Así mesmo, tamén se inclúe nesta modificación a 2ª anualidade orzamentaria correspondente o ámbito do mercado de Bouzas, así como a segunda anualidade da Rúa T. do Pino, en ambos casos adxudicadas a Construcións Crespo, SA, con acordos de adxudicación adoptados pola Xunta de Goberno Local en sesión do 17/11/2008 e non contempladas no plan de investimentos para o ano 2009 pola unidade xestora do gasto. Inclúese tamén o modificado nº 1 do proxecto da Rúa Esperanto aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de decembro do ano 2008 adxudicado en dúas anualidades, unha con cargo ó orzamento do ano 2008 e o resto con cargo ó orzamento do ano 2009, para esta anualidade a unidade xestora non tramitou a preceptiva modificación orzamentaria, polo tanto é necesaria e xustificada a habilitación do crédito para o remate das obras. Nestes casos, figura a relación dos investimentos correspondentes á unidade de Vías e Obras e Saneamento subscrita polo coordinador técnico da Área e pola Sra. Concelleira Delegadas dos servizos descritos.

Outro gasto non aprazable ó ano seguinte é a derrama correspondente ós gastos financeiros que lle corresponden ó Concello de Vigo na póliza de crédito da ADR da MAIV (Mancomunidade), xa que este crédito foi dotado no ano 2008 e non foi tramitado a finais de ano, polo que en aplicación do previsto no artigo 175 do TRLRFL, quedou anulado, e non foi solicitada a súa incorporación. A súa inaprazabilidade está xustificada polos acordos acadados nos compromisos dos Concellos en relación coa carga financeira da póliza de crédito, sendo a súa condición de inaprazable a carga que supón a mora na súa cancelación para os Concellos que conforman a MAIV.

En canto ás novas necesidades, móvanse unhas no desenvolvemento da xestión anual, dá que xurdiron compromisos ineludibles, e noutros casos, representan actuacións colaterais coas execucións orzamentadas do ano 2009. En todos os casos, incorpórase ó expediente a xustificación das mesmas e o seu carácter de ineludibles e que deben ser tramitadas no ano 2009, non sendo demorables a exercizos posteriores.

Os créditos que se habilitan no centro xestor de Vías e Obras, están destinados basicamente a dar unha cobertura de seguridade vial nas estradas e rúas do rural, abarcando as beirarrúas, iluminación, recollida de augas pluviais, alumeado e mellora no firme. De acordo ó informe-memoria que consta no expediente, son necesidades inaprazables pola necesidade urxente de dar solución ós problemas de seguridade

vial peonil e para facer fronte a melloras de infraestrutura no ámbito das parroquias que tanto se ten demandado e que este goberno ven executando dende o inicio do mandato.

En canto ás solicitudes que fai a Concellería de Participación Cidadá e de Promoción Económica e Emprego, ten como finalidade acometer as obras de reforma do Local da rúa Ecuador que está pechado por riscos de derruba tal en como consta nos informes técnicos que están na unidade de Patrimonio. Tamén é obxecto de habilitación de crédito, unha subvención de capital para facer fronte ás obras de mellora do pavimento da Praza de Beade. En canto ós suplementos da precitada Concellería, están adicados a subvencións, xa que a dotación anual viuse moi minguada polo convenio suscrito pola concellería cos sindicatos para vixiar o plan de obras do FEIL.

Por outra banda, o suplemento que se fai na partida de Fomento de Emprego, ten a súa xustificación no programa "IMOS TRABALLAR", que supuxo unha transferencia adicada a este programa por mor do financiamento municipal ó mesmo, polo que dificulta dar cobertura orzamentaria ós gastos que devengan os traballadores que están contratados ata finais do ano. En consecuencia co anterior, o gasto e inaprazable e non se pode demorar ó ano seguinte

O suplemento que se fai na partida 1110.2260101 Feira Mundial de Pesca, ten como obxectivo o de facer fronte ós gastos en que vai incorrer o Concello para o desenvolvemento deste evento tan importante e que vai ter unha repercusión económica de gran valor para a cidade. Os créditos que se dotaron inicialmente non eran suficientes, pero se estaba a artellar o informe económico de valoración total que é o que agora xustifica este suplemento. Neste caso, o gasto, non require a motivación da inaprazabilidade, xa que o evento se executa neste ano polo que o mesmo resulta inaprazable.

En canto ás habilitacións que se fan no programa de Comercio para facer fronte a axudas ó Comercio, ven motivada tanto pola crise que está a afectar ó pequeno e mediano comercio como polos inconvenientes que temporalmente poden estar a producir nalgúns casos a execución dos proxectos de humanización que se están a desenvolver na cidade e que no futuro inmediato estimularán precisamente a este sector de actividade polas melloras que introducen estes proxectos na mobilidade peonil. Tamén no ámbito do mesmo programa orzamentario, se habilita un crédito para estimular o consumo no pequeno e mediano comercio, que se instrumentará mediante a convocatoria pública de axudas ás familias máis necesitadas tendo en conta unha relación de criterios que nos vai permitir entregar as mesmas a aqueles que máis as necesitan e coa finalidade de asegurar que van destinadas a cubrir as necesidades básicas de vivenda e alimentación. Neste mesmo programa tamén se incorporan suplementos de crédito en distintas partidas que teñen relación coa situación actual e que están destinados a dinamizar e promocionar o comercio.

O suplemento que se propón para o programa orzamentario de Turismo está relacionado coa Feira Mundial de Pesca, coa organización loxística de Feiras e o desenvolvemento de programas e traballos técnicos. Tamén se inclúen aquí as promocións de Vigo a través de contratos de patrocinio, basicamente a través dos clubs da cidade, xa que como é sabido, resultan o soporte de maior impacto e o de menor custo. Todas as dotacións están relacionadas co funcionamento operativo do servizo e polo tanto inaprazables.

A solicitude de suplementar créditos na Tenencia de Alcaldía está relacionada con programas e traballos propios da mesma e que queda explicada na solicitude subsrita polo Sr. Tenente Alcalde.

O suplemento de crédito orzamentario e o crédito extraordinario solicitado pola Concellería de Deportes ten a súa motivación no funcionamento operativo da unidade e a de facer fronte a gastos nos que se incorreron inevitablemente na redacción de proxectos do FEIL. Tamén se suplementa a dotación destinada a subvencións de eventos deportivos, que como é sabido neste ano estes eventos están a ter un grande impacto na cidade e que ademais están a repercutir favorablemente no sector hostaleiro e de restauración en xeral.

Tamén é obxecto de suplemento o programa de Servizo de Axuda no Fogar, o de emerxencia Social, as axudas a becas de comedor e libros, axudas a melloras nos fogares e melloras nas UBAS. Todos eles están motivados polo incremento de prestación que xorden pola crise que se está a vivir, quedando motivada a necesidade inaprazable no informe da unidade de Benestar Social que forma parte do expediente. En relación con este suplemento, é un compromiso deste Alcalde o de incrementar as dotacións para facer fronte ás axudas para becas de comedor e libros, garantindo así que ningunha familia con problemas económicos afecte á formación escolar e alimentaria do neno escolarizado. En canto ó incremento de gasto no servizo de axuda no fogar, tendo en conta que afecta a un contrato que vai xerar gasto no exercizo corrente e en exercizos futuros, a memoria xustificativa explica a forma de financiar o incremento para o próximo exercizo, xa que o Remanente de Tesourería para gastos xerais non é un recurso ordinario e continuado no tempo, polo que o gasto que financie tampouco pode ter a consideración de ordinario, senón extraordinario. Así o informe pon de manifesto que a achega consolidada da Comunidade Autónoma é por unha contía superior ca que figura presupostada, polo que o incremento do gasto quedará financiado no ano 2010 polo maior importe de financiamento autonómico e parte de financiamento local coa minoración doutras partidas de gasto da área xestora.

Tamén vai ser obxecto de suplemento a partida destinada as Festas de Vigo e o programa de música teatro e danza, neste último caso para facer fronte ó Festival Are More. A motivación dos suplementos de crédito destas áreas figuran no expediente.

As necesidades da Área de Xuventude están basicamente relacionadas coas campañas de sensibilización do botellón e dos estudos a elaborar no eido da mocidade. As dotacións que se prevén para a Concellería de Igualdade, están adicadas á loita contra a violencia de xénero e ó plan de igualdade e a súa dotación de medios e as do servizo de normalización lingüística teñen como finalidade a promoción no uso do idioma.

A habilitación proposta pola unidade de Patrimonio Histórico, ten como finalidade facer fronte ós traballos de reparación e mantemento do buque Alfageme para a súa entrega ó Museo do Mar.

Como se pode apreciar, estamos ante un expediente de modificación orzamentaria que está moi ligado á situación económica actual, por unha banda ós novos proxectos destinados a satisfacer as necesidades das parroquias que se consideran

inaprazables tanto polo goberno como polas propias asociacións veciñais e veciños en particular, pero ademais vai continuar co plan de creación de emprego, sendo esta unha das preocupacións máis importantes do goberno, buscando a través de distintos canles favorecer a renda dos máis necesitados. Por outra banda, o gasto destinado ó consumo tendo en conta os niveis de renda así como os destinados a animar ó pequeno e mediano comercio tamén busca non só manter a actividade económica do sector, senón manter ou incrementar os postos de traballo.

O gasto previsto para financiarlo incremento do SAF e das axudas a familias, busca por unha banda dar cumprimento ás maiores demandas que sobreveñen pola actual situación, pero ademais, estanse a consolidar como accións políticas xeradoras de emprego no sector terciario.

En resume, os eixos vertebradores desta modificación orzamentaria que se está a tramitar son dous: Implementar políticas activas que amortezan os efectos da crise naqueles estratos da poboación máis necesitada, e xerar fórmulas que produzan efectos positivos na creación de emprego e axuden a incorporar ó mercado de traballo a aqueles que foron expulsados del por mor da recesión económica.

Tendo en conta o anterior, ao amparo do regulamentado no artigo 177 do TRLRFL,

RESOLVO:

Incoar o expediente de modificación de crédito nº 75 /09, conformado por un suplemento de crédito cun importe de 9.570.127,45 euros e dun crédito extraordinario por 10.629.872,55 euros, coas aplicacións e orixes que se relacionan de seguido, e cuxa xustificación atópase no expediente, salvo aquelas que se derivan dá execución dos contratos de prestación do servizo, onde a insuficiencia ven determinada pola dispoñibilidade da aplicación orzamentaria.

Concepto	Denominación partida	partida/proxecto	Modificac.	Importe
Facturación atrasada	Facturas atrasadas	11102260101	Sup.Cred.	200.000,00
Feira Mundial de Pesca	Feira Mundial de Pesca	1110.2270612	Sup.Cred.	330.000,00
Publicidade e promoción	Public. e Plan promoción	1112.2260200	Sup.Cred.	94.811,07
Día do Estatuto	Reunións e Conferencias	1112.2260600	Sup.Cred.	18.188,93
Distintos traballos técnicos	Distintos traballos tccos.	1112.2270600	Sup.Cred.	137.000,00
Convenios e programas T.A	Convenios e pr. Ten.Alcal.	1112.2270602	Sup.Cred.	415.417,23
Indem. Sentencias persoal	Indem. Sent. persoal	1210.1410000	Sup.Cred.	850.000,00
Dispoñibilidade Policía Local	Produtividade	1210.1500000	Sup.Cred.	200.000,00
Gastos xudiciais	Gastos xudiciais	1210.2260300	Sup.Cred.	136.172,80
Sentencia Paulino Pampillón	Indem. a cargo Concello	1210.2260900	Sup.Cred.	685.788,24
Seguro Resp. Civil 2002	Seguro Resp. Civil 2002	1210.2240000	Sup.Cred.	156.000,00
Revisión prezos grúa	Rev.prez.contrat. grúa	2220.2270601	Sup.Cred.	243.178,59
Contratación de trab. sociais	Persoal laboral eventual	3130.1310000	Sup.Cred.	75.000,00
Repar. e mantemento UBAS	Repara. e mantemento UBAS	3130.2120000	Sup.Cred.	50.000,00
Estudios e traballos técnicos	Estudios e traballos	3130.2270600	Sup.Cred.	90.000,00

	técnicos			
Servizo de Axuda no Fogar	Servizo Axuda no Fogar	3130.2270601	Sup.Cred.	450.000,00
Axudas a familias	Axudas a familias	3130.4800000	Sup.Cred.	50.000,00
Becas libros e comedor	Becas libros e comedor	3130.4810000	Sup.Cred.	40.000,00
Melloras en fogares	Melloras en fogares	3130.7800000	Sup.Cred.	10.000,00
Fomento de emprego	Fomento de emprego	3220.1410000	Sup.Cred.	200.000,00
Fact. Folga xardíns xullo/07	Mantemento xardíns	4326.2270601	Sup.Cred.	342.869,80
Festival Are More	Prog.Musica, teatro, danza	4510.2260803	Sup.Cred.	200.000,00
Festas de Vigo	Festas de Vigo	4512.2260805	Sup.Cred.	350.000,00
Campaña efectos negativos botellón	Publicidade	4520.2260201	Sup.Cred.	20.000,00
Estudos e traballos técnicos	Estudos e traballos tcos.	4520.2270605	Sup.Cred.	70.000,00
Locais de ensaio	Locais de ensaio	4520.2270610	Sup.Cred.	20.000,00
Subv. a asociacións xuvenís	Subv. asociacións xuvenís	4520.4890000	Sup.Cred.	25.000,00
Mobiliario Ciber	Adq. Mobiliario ciber	4520.6250000/09452002	Sup.Cred.	3.000,00
Adqu. Equipos inform. ciber	Adq. Equip. Inf. ciber	4520.6260000/09452003	Sup.Cred.	2.000,00
Mant. Instalacións deport.	Mant. Inst. deportivas	4521.2120001	Sup.Cred.	30.000,00
Org. Actividades deportivas	Org. Actividades deport.	4521.2260800	Sup.Cred.	61.398,62
Redac. Proxectos FEIL	Redac. prox.inst. Deport.	4521.2270601	Sup.Cred.	214.236,07
Subvencións eventos deportivos	Subvencións eventos deportivos	4521.4890001	Sup.Cred.	149.000,00
Progr. Desenv. actividades	Progr. Desenv. Activid.	4631.2270601	Sup.Cred.	6.000,00
Subvención entidades e sindicatos	Subvención entidades e sindicatos	4631.4890000	Sup.Cred.	13.000,00
Subministros	Subministros	4632.2210900	Sup.Cred.	15.000,00
Impartición de cursos	Impartición de cursos	4632.2260600	Sup.Cred.	30.000,00
Plan de igualdade	Plan de igualdade	4632.2270606	Sup.Cred.	85.000,00
Pl.Municipal contra violencia Xénero	Plan contra viol. Xénero	4632.2270608	Sup.Cred.	25.000,00
Camp.dinamización lingtca.	Camp.din.lingüística	4633.2260201	Sup.Cred.	25.000,00
Prestación de servizos	Prestación de servizos	4633.2270603	Sup.Cred.	20.000,00
Redacción de proxectos	Redacción de proxectos	5110.2270600	Sup.Cred.	100.000,00
Factur. out/nov/dcbro 2008	Bono bus	5130.4790000	Sup.Cred.	2.200.000,00
Factur. out/nov/dcbro 2008	Lanzadeiras	5130.4700000	Sup.Cred.	400.000,00
Prog. dinamización comercio	Prog. Dinami. comercio	6220.2270601	Sup.Cred.	138.000,00
Progr. Promoción comercio	Prog. Prom. do comercio	6220.2270604	Sup.Cred.	50.000,00
Mat.grf.e promoción turística	Mat.grf.e prom. turística	7510.2260200	Sup.Cred.	55.000,00
Prom. Feira Mundial Pesca	Prom. Feira Mund. Pesca	7510.2260201	Sup.Cred.	40.000,00
Patrocinios publicitarios	Prom. turismo de Vigo	7510.2260202	Sup.Cred.	209.880,00
Org. Loxística de Feiras	Org. Loxistica de Feiras	7510.2270600	Sup.Cred.	140.000,00

Estudos e traballos técnicos	Estudos e traballos tcos.	7510.2270602	Sup.Cred.	99.186,10
Liquid.prox.telecont. sanem.	Liqu. Automat.telecontrol	4410.6010008/05441004	Cr.Extraord	119.776,10
Liq. Sanem. Zamáns	Liq. Saneam. Zamáns	4410.6010009/05441003	Cr.Extraord	300.306,23
Liq. Obra piscina Valladares	Liq.Obra pisc. Valladares	4521.6220001/05452109	Cr.Extraord	89.816,14
Investi.mell.insta.deportivas	Investi.mell.insta.dep.	4521.6320004/09452109	Cr.Extraord	25.000,00
Rep./mant.Buque Alfageme	Rep./mant. Alfageme	4531.2190000	Cr.Extraord	149.073,00
Acond. Local R. Ecuador	Acond. Local R/Ecuador	4631.6320003/09463104	Cr.Extraord	51.000,00
Arranxo pav. Praza de Beade	Arranxo pav. Pr. Beade	4631.7800003/09463115	Cr.Extraord	64.000,00
Adq. Libros biblot. Alecrín	Adq. Libros biblot. Alecrín	4632.2200101	Cr.Extraord	30.000,00
Adq. Mobiliario at. Vict. violencia	Ad. Mobiliario at. Vict. violencia	4632.6250000/09463200	Cr.Extraord	31.000,00
Adq. equipos at. Vict. violencia	Ad. equip.infor. at. Vict. violencia	4632.6260001/09463201	Cr.Extraord	9.000,00
Mod.R/Esperanto XGL 22/12/08	Modfic. Nº 1 R.Esperanto	5110.6110011/08511008	Cr.Extraord	50.674,33
Liquid. Camiño Freixo	Liq. Camiño Freixo	5110.6110040/06511040	Cr.Extraord	80.471,00
2ª Anualidade ent.M. Bouzas	2ªAnualid.e ent.M.Bouzas	5110.6110016/08511010	Cr.Extraord.	240.574,63
Rúa Castaña de Alcabre	Rúa Castaña de Alcabre	5110.6110020/09511020	Cr.Extraord	200.122,00
Camiño da Cruz Bembrive	Cño. da Cruz Bembrive	5110.6110021/09511021	Cr.Extraord	367.500,00
Avda. Santa Marina 3ª Fase	Av. Santa Marina 3ª Fase	5110.6110022/09511022	Cr.Extraord	424.840,00
R.Mestre Alfredo Gonz.Cabral	M. Alfredo Gnz. Cabral	5110.6110023/09511023	Cr.Extraord	134.160,00
R. San Cristobo, Candeán	R. San Cristobo, Candeán	5110.6110024/09511024	Cr.Extraord	275.000,00
Subida a Madroa, Candeán	Sub.Madroa,Candeán 1ªF	5110.6110025/09511025	Cr.Extraord	375.000,00
R. Costa, Castrelos	R. Costa, Castrelos	5110.6110026/09511026	Cr.Extraord	205.000,00
R. Espedrigada, Castrelos	R. Espedrigada, Castrelos	5110.6110027/09511027	Cr.Extraordi	280.000,00
Rúa Cañiza, Comesaña	Rúa Cañiza, Comesaña	5110.6110028/09511028	Cr.Extraord	206.830,00
Camiño Sanín, Comesaña	Camiño Sanín, Comesaña	5110.6110029/09511029	Cr.Extraord	310.000,00
Camiño Muiños, Comesaña	Cño Muiños, Comesaña	5110.6110030/09511030	Cr.Extraord	170.000,00
Estrada Fragoselo, Coruxo	Est.Fragoselo, Coruxo	5110.6110031/09511031	Cr.Extraord	350.000,00
Baixada a Igrexa, Freixeiro	Baix. a Igrexa, Freixeiro	5110.6110032/09511032	Cr.Extraord	166.803,39
R. Subride, Lavadores	R. Subride, Lavadores	5110.6110033/09511033	Cr.Extraord	46.986,55
Manuel de Cominges, Matamá	Manuel de Cominges , Matamá	5110.6110034/09511034	Cr.Extraord	866.695,18
Avda. San Paio, Navia	Avda. San Paio, Navia	5110.6110035/09511035	Cr.Extraord	465.000,00
R. Cesáreo Vázquez, Oira	R. Cesáreo Vázquez, Oira	5110.6110036/09511036	Cr.Extraord	889.914,89
Casal de Abaixo, Sampaio	Casal Abaixo, Sampaio	5110.6110037/09511037	Cr.Extraord	247.009,00
Casal de Arriba, Sampaio	Casal de Arriba, Sampaio	5110.6110042/09511042	Cr.Extraord	193.759,00
Baixada a Laxe, Sárdoma	Baixada a Laxe, Sárdoma	5110.6110043/09511043	Cr.Extraord	270.000,00
R. Xílgaro, Calvario	R. Xílgaro, Calvario	5110.6110044/09511044	Cr.Extraord	290.000,00
Estrada Igrexa, Valadares	Estrada Igrexa, Valadares	5110.6110045/09511045	Cr.Extraord	404.600,00
Pr. contorno Igrexa, Zamáns	Pr.cont, Igrexa, Zamáns	5110.6110046/09511046	Cr.Extraord	150.000,00

Estr. Marcosende, Zamáns	Est Marcosende, Zamáns	5110.6110047/09511047	Cr.Extraord	100.000,00
Cº Curros-Capitán, Lavadores	Cº Curros-Capitán, Lavadores	5110.6110048/09511048	Cr.Extraord	350.000,00
2ª Anualidade T. Pino	2ª Anualidade T. Pino	4410.6110000/08441000	Cr.Extraord.	80.024,00
Liq. Sant. Navia e Fontáns	Liq. Sant. Navia/Fontáns	4410.6010000/06441000	Cr.Extraord.	78.112,40
Material Graf. e de prom.	Mat.gr. e de promoción	6220.2260200	Cr.Extraord.	50.000,00
Subv. pequeno comercio	Subv. pequeno comercio	6220.4700000	Cr.Extraord.	600.000,00
Sub. consumo no peq.com.	Sub.cons. peq.comercio	6220.4890000	Cr.Extraord.	600.000,00
Renovac. estética rúas comerciais	Renovac. estética rúas comerciasi	6220.6010000/096220022009	Cr.Extraord.	50.000,00
25Aniv.Torneo I Hockey 2008	Org. Activ de prom. Tur.	7510.2260800	Cr.Extraord.	122.860,90
Gastos Bus turístico pendtes	Bus turístico	7510.2270605	Cr.Extraord.	52.714,71
Derrama extr.gast.fin. póliza	Derrama ex.gast.póliz ADR	9110.4630005	Cr.Extraord.	16.249,10
Total Suplemento de Crédito				9.570.127,45
Total Crédito Extraordinario				10.629.872,55
Total Aplicacións da modificación orzamentaria				20.200.000,00
Financ. por minoración en partida para financiar a partida 1210.1500000		2222.2040000		200.000,00
Remanente de Tesourería GX para financiar o suplemento de crédito		870.01		9.570.127,45
Remanente de Tesourería GX para financiar o crédito extraordinario		870.02		10.629.872,55
Financiamento con Remanente Líquido de Tesourería				20.000.000,00
Total orixe de fondos				20.200.000,00

O apartado 4 do artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, relaciona as distintas formas de financiar o Crédito Extraordinario e o Suplemento de Crédito, sendo un recurso financeiro axeitado o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, sendo o saldo dispoñible que se deriva da liquidación do orzamento 2008 unha vez feita a incorporación de remanentes (modificación 19/2009) de 63.752.948,79 euros.

En canto ó mantemento da estabilidade orzamentaria, faise constar, que a Subcomisión de Réxime Económico Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administraciones Locales (CNAL), na que participan representantes do Goberno e da FEMP, informou favorablemente os obxectivos de estabilidade orzamentaria das Entidades Locais para os exercizos 2010, 2011 e 2012, de acordo co que establece a Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, permitindo un déficit (% sobre Produto Interior Bruto, PIB) do 0,4 % para o ano 2010, 0,3% para o ano 2011 e 0,2% para o ano 2012, polo que os orzamentos dos devanditos anos poderanse aprobar e liquidar con ese déficit. Agora ten que determinarse que porcentaxe supoñen estes sobre os ingresos non financeiros dos estados consolidados para aplicar a cada entidade local.

Así mesmo, o Goberno representado na Subcomisión, tamén manifestou a vontade de contemplar un déficit para a liquidación do ano 2009 equivalente ó aprobado para a liquidación dos orzamentos do ano 2008, é dicir, un 0,3 por 100 do PIB que representa un 4,8 por 100 dos ingresos non financeiros dos estados consolidados da

entidade local sen necesidade de tramitar e aprobar un Plan Económico-Financeiro de reequilibrio.

En consecuencia co previsto, o importe do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais que se vai utilizar como recurso axeitado para o financiamento da modificación orzamentaria que se está a tramitar, non vai supor risco ningún de incorrer nun déficit superior ó previsto, xa que os estudos feitos sobre a proxección da liquidación do orzamento do ano 2008 ó ano 2009 con hipóteses distintas de recadación tendo en conta as distintas figuras tributarias, non alcanza en ningún caso os límites previstos, polo que non é previsible a tramitación dun Plan Económico-Financeiro de reequilibrio ó peche do orzamento do ano 2009.

Déase conta desta resolución á Intervención Xeral Municipal aos efectos previstos no artigo 177.2 do TRLRFL. Unha vez que o expediente estea completo, someterase ó Pleno da Corporación para seu debate e aprobación se procede previo ditame da comisión informativa.”

Visto o anterior, con data 12 de xullo de 2009, o concelleiro delegado de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de xullo de 2009, o interventor xeral emite o seguinte informe:

“Incoado por Resolución da Alcaldía de data 9 de xullo do ano en curso, tivo entrada, con data de 13 de xullo, nesta Intervención Xeral ao meu cargo, expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 75/2009, que se financia con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería obtido no exercizo de 2008 e con cargo a baixas de créditos de gastos de partidas do orzamento vixente, e presentada a proposta de modificación acompañada da Memoria xustificativa que se inclúe na propia resolución de incoación, o funcionario que subscribe, en cumprimento do ordenado polos artigos 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, 37.3 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril e artigo 4.1.g) do Real Decreto 1174/87, do 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional (na actualidade estatal), emítense o seguinte informe:

1.- Lexislación aplicable.

O expediente que se tramita contén créditos extraordinarios e suplementos de crédito por un importe global de 20.200.000,00 euros, dos cales 9.570.127,45 euros corresponden a suplementos de crédito e a diferenza, isto é, 10.629.872,55 euros a habilitación de créditos extraordinarios.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercizo seguinte e para o que non existe crédito.

Os suplementos de crédito son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e

determinado que non pode demorarse ata o exercizo posterior, sendo o crédito previsto insuficiente e non susceptible de ampliación.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulada nos artigos 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais (TRLRHL) e 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, así como na Base 8ª das de execución do orzamento vixente. O Remanente de Tesourería, que por importe de 20.000.000,00 euros se propuxo neste expediente como fundamental recurso para financiar a modificación, regúlase nos artigos 191 de devandito corpo legal e 101 a 105 do mencionado Real Decreto. En canto ás baixas por anulación que por importe de 200.000,00 euros propóñense tamén como medio de financiamento neste expediente atopan a súa regulación no artigo 177.4 TRLRHL e artigo 36.1.c) e 49 a 51 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

2.- Descrición da modificación de crédito proposta.

A normativa que vén citando, esixe unha serie de requisitos que deben reunir os gastos para os cales se proxecta este tipo de modificación de créditos, requisitos, por outra banda, que son comúns tanto para os suplementos como para os créditos de carácter extraordinario.

En síntese tales requisitos concréntanse en que os gastos haberán de ter carácter específico e determinado, non podéndose demorar para o exercizo seguinte.

Así mesmo, debe cumprirse la premisa da non existencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado á finalidade específica a que se orienta o gasto a realizar no nivel establecido na vinculación xurídica, para o caso das dotacións de créditos extraordinarios; ou para o suposto de suplementos, a constatación de que é insuficiente o saldo de crédito non comprometido na partida correspondente do estado de gastos do orzamento a que se debe imputar o gasto proposto, e iso no nivel establecido na vinculación xurídica (bolsa de crédito), non podendo ser obxecto de ampliación.

Pois ben, a Resolución da Alcaldía-Presidencia que ordena a instrución do expediente que se informa, fai referencia ás distintas áreas ou unidades administrativas a que afecta a modificación orzamentaria, incluíndo así mesmo as partidas orzamentarias a complementar ou, no seu caso, a crear ex novo ("créditos extraordinarios"), e incluíndo escritos dos diferentes servizos municipais e áreas solicitando crédito orzamentario para os gastos e necesidades que se proxecta atender coa modificación que se propón.

A efectos da súa análise podemos establecer tres grupos de tales gastos e necesidades, dos que se recollen nos cadros figurados no Decreto da Alcaldía-Presidencia e na proposta da Concellería de Economía e Facenda:

- Suplementos e créditos extraordinarios por novas necesidades ou gastos a realizar.
- Suplementos e créditos extraordinarios para obrigacións esixibles derivadas de resolucións xudiciais ou de desviacións, atrasos ou insuficiencias dotacionais para gastos e obrigacións de carácter contractual.

- Suplementos e créditos extraordinarios para dar cobertura a gastos xa realizados sen consignación orzamentaria. Recoñecemento extraxudicial de créditos.

2.1.- Suplementos e créditos extraordinarios para atender necesidades novas ou gastos a realizar.

En efecto, en primeiro lugar contéplanse gastos e necesidades novas, para cuxa eventual realización solicítanse suplementos e habilitacións de créditos extraordinarios.

Unha análise dos mesmos así como da súa motivación, pon de manifesto a súa inadecuación ao requisito esixido pola normativa indicado anteriormente, isto é, o carácter concreto e determinado do gasto a realizar. A falta da delimitación concreta, tanto desde o punto de vista cualitativo como cuantitativo, do gasto a realizar considero que dificulta cando non imposibilita xustificar a imposibilidade de demorar a súa execución para o exercizo seguinte.

Ademais, o requisito de que o gasto non poida ser aprazado para o exercizo seguinte vén determinado polo carácter imprevisible do mesmo, que é precisamente o que determina a súa urxencia.

Para o caso do crédito extraordinario será a imprevisibilidade do propio gasto e para o caso do suplemento non estaremos ante un problema de gasto imprevisible, isto é, de gasto que xorde nun momento puntual e que non puido ser anticipado ao documento orzamentario, senón que o realmente imprevisible será a súa contía.

En realidade, obsérvase que o efecto que produce a modificación proposta, nun número importante e elevado de supostos, é un incremento da dotación global inicial ou actual da partida orzamentaria, tal feito, ao meu xuízo, non significa que se estea aumentando ou habilitando crédito para un gasto específico ou concreto, xurdido nun momento determinado e non predicible a priori pola dirección política ou de goberno no exercizo da potestade orzamentaria, senón que o que en puridade estase realizando é unha autorización de maior crédito para acometer máis gastos, da mesma natureza económica e funcional que define a partida orzamentaria obxecto de modificación, sobre os inicialmente aprobados no orzamento do exercizo.

Non se pode negar que esta última posibilidade así exposta non poida acometerse mediante unha modificación orzamentaria, pero tal modificación correspóndese con outra modalidade das previstas na normativa vixente, cal é: as transferencias de créditos; modalidade de modificación orzamentaria que presenta diferenzas substanciais dende o punto de vista do financiamento, procedemento, órganos competentes, no seu caso, e finalidade, respecto dos suplementos e créditos extraordinarios, non atopándose na normativa vixente para tales transferencias de créditos referencia ningunha, por outra banda, á impredecibilidade ou urxencia do gasto a financiar.

En realidade o confusionismo que se aprecia no expediente entre as dúas categorías de modificación orzamentaria nos termos que vimos sinalando, debe entenderse tendo en conta que as transferencias de crédito se expoñen como unha resposta á imprevisión do propio documento orzamentario inicialmente aprobado, ou no mellor dos casos en atención a unha reformulación parcial, en termos de priorización, dos

gastos inicial ou actualmente previstos no orzamento; en tanto que os suplementos e os créditos extraordinarios configúranse na normativa vixente como unha modalidade de modificación orzamentaria para dar cobertura, como vimos reiterando, a novos gastos concretos e determinados xurdidos no ciclo orzamentario, impredecibles (o propio gasto ou a súa contía) para a dirección política do orzamento no momento da súa elaboración, sendo ese carácter impredecible xunto coa imposibilidade do seu adiamento o que permite determinar a urxencia do propio gasto.

Considero, en definitiva, que estes requisitos legais que se veñen expondo non se dan en numerosos casos dentro desta primeira agrupación de gastos que formulamos, polo que en relación con estes, o que se está en realidade propondo é incrementar a dotación das partidas orzamentarias correspondentes para realizar en termos xenéricos máis gastos susceptibles de imputación a tales partidas, pero utilizando para iso como medio de financiamento un recurso, cal é o Remanente líquido de Tesourería, que a normativa reserva exclusivamente para a dotación de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e incorporación de remanentes, como especies de modificacións orzamentarias.

2.2.- Suplementos e créditos extraordinarios para obrigacións esixibles derivadas de resolucións xudiciais e de desviacións, atrasos ou insuficiencias dotacionais en gastos dos que derivan obrigacións de carácter contractual.

En segundo lugar, proxéctanse suplementos de crédito para obrigacións xa esixibles, aínda que con matices. Tal é o caso das indemnizacións derivadas de resolucións xudiciais firmes; neste sentido resulta especialmente rechamante o suplemento de 850.000,00 euros da partida 1210.1410000, á cal imputaranse as indemnizacións por despedimentos improcedentes derivados de contratacións laborais irregulares, esta partida orzamentaria dotouse inicialmente con 30.050,61 euros, polo que sorprende o elevado incremento que se propón e o feito de que en relación a iso non se incorpore no informe do servizo municipal que figura no expediente unha maior información sobre tales indemnizacións e as súas causas, aínda que no referido informe sinálase que á data do mesmo -11 de xuño do 2009- cuantificáronse indemnizacións por resolucións xudiciais firmes por importe de 412.533,77 euros, derivando a diferenza ata os 850.000,00 euros dunha estimación económica do que podería supor a cuantificación de procedementos pendentes de solicitude de execución polos demandantes ou que se atopan en recurso de suplicación, isto último consideramos que non resulta compatible cos requisitos que a normativa vixente predica respecto dos gastos a que se pretende atender cos suplementos de crédito orzamentario e que vimos expondo neste informe.

Dentro deste segundo grupo tamén figuran os suplementos de crédito e dotacións extraordinarias, que teñen por finalidade facer fronte a insuficiencias orzamentarias como consecuencia de atrasos doutros exercizos ou de omisións de anualidades correspondentes a proxectos omitidas no anexo de investimentos do exercizo 2009 e por conseguinte á súa falta de consignación no estado de gastos do orzamento vixente. Dentro de tales insuficiencias e omisións reflexo de deficiencias e insuficiencias na presupostación, querémonos referir en particular pola súa importante contía aos incrementos de dotacións proxectadas para a regularización dos gastos derivados do servizo de Transporte Colectivo Urbano de viaxeiros, xa que sen prexuízo do indicado no Decreto de incoación do expediente sobre a razón de tales desfacementos e desviacións, o funcionario que subscribe vén facendo especial

referencia a esta situación nos informes emitidos en relación cos distintos expedientes de modificación orzamentaria e de aprobación de orzamentos nos últimos tempos. Para ese efecto, por constituír a última das referencias indicadas neste sentido, reproducimos a continuación o sinalado no informe emitido en relación á proposta de aprobación inicial do orzamento municipal correspondente ao exercizo 2009:

“(....) O aumento experimentado por este Capítulo respecto do exercizo anterior xustifícase no informe económico-financeiro de gastos a consecuencia do aumento nas transferencias aos organismos autónomos municipais en aras de mellorar o seu financiamento e na maior dotación que se establece para a concesión do servizo de Transporte Urbano, considerándose no devandito informe que a dotación asignada é suficiente para afrontar as políticas de transporte urbano colectivo. En calquera caso, entendemos que dado o crecemento progresivo dos custos deste servizo, deberían especificarse as cantidades que se asignan para cada unha das prestacións e déficits orixinados polo mesmo, tal como o déficit que vén recoñecendo nos estudos económicos para a fixación anual das tarifas como é o caso da estimación de viaxeiros”.

Consideracións que facemos extensibles á proposta que se informa.

2.3.- Suplementos e concesión de créditos extraordinarios para dar cobertura a gastos xa realizados sen consignación orzamentaria. Recoñecemento de débeda.

Finalmente e en terceiro lugar, propónse a dotación de novos créditos e o incremento de existentes para recoñecer obrigas por gastos que con carácter xeral, segundo se deduce dos informes que as áreas xestoras emitiron e que figuran no expediente, realizáronse sen control de fiscalización previa, con defectos de natureza administrativa consistentes, segundo se deduce do expediente que se informa, na omisión da tramitación de expediente administrativo e xerándose, ademais, obrigas que se contraeron sen a existencia de crédito adecuado e suficiente no momento en que se efectuaron os gastos.

En efecto, da documentación indicada pode deducirse, non sen certas dificultades pola súa falta de sistemática, que as correspondentes obras e demais prestacións realizadas xeraron obrigas económicas, que se contraeron con ausencia de crédito orzamentario, o que determina que nos atopemos ante obrigas con vicio de nulidade radical ou de pleno dereito.

Trátase de supostos de obrigacións non esixibles, na medida en que a regra xeral é que se require a existencia de crédito como requisito para que calquera obrigación poida ser satisfeita.

No entanto, este requisito non afecta á validez de devandita obriga e á posibilidade de que o terceiro de boa fe reclame ante a administración municipal se acredita que incorreu en gastos en aplicación da regra do servizo prestado, en base a unha acción de enriquecemento inxusto.

En calquera caso, trátase de actuacións que vulneran o establecido no artigo 173.5 TRLRHL e 25.2 do RD 500/90. Estes preceptos sancionan con nulidade de pleno dereito todo acto administrativo, resolución ou acordo que supoña compromiso de

gasto por contía superior aos créditos consignados no estado de gastos, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

Pois ben, en principio e ante a constatación desta realidade, caben as seguintes solucións:

a) *Esixencia de responsabilidade patrimonial.*

En principio, cabe expor, dentro do dereito administrativo, a tramitación dun procedemento para a esixencia de responsabilidade patrimonial polos danos e prexuízos causados polas autoridades e persoal ao servizo da administración municipal.

En tal sentido o artigo 139 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP-PAC), establece que os particulares teñen dereito a ser indemnizados polas administracións públicas correspondentes de toda lesión que sufran nos seus bens e dereitos, salvo en casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos; en todo caso o dano alegado haberá de ser efectivo, avaliable economicamente e individualizado en relación a unha persoa ou grupo de persoas.

Pois ben, dun xeito manifesto estes orzamentos dánse inequivocamente na situación orixinada: A falta de pagamento por esta Administración municipal do prezo pactado polas prestacións realizadas constitúe unha lesión no patrimonio do acredor; a falta de pago supón un funcionamento anormal desta administración municipal, na medida en que a obrigaón contraeuse conculcando a normativa financeira de aplicación que expresamente o prohíbe (en concreto, artigo 173.5 TRLRHL); e para rematar a indicada falta de pagamento implica un dano efectivo, avaliable economicamente e individualizable desde o punto de vista do acredor, posto que o crédito contra a Administración terá soporte nun xustificante de gasto: factura, certificación de obra, etc., que inexorablemente reflectirá a valoración económica da prestación efectivamente realizada.

Tal procedemento de responsabilidade patrimonial pode ser iniciado de oficio ou por reclamación dos interesados, sendo susceptible de tramitarse polo procedemento abreviado, tendo en conta que, de acordo co contido do artigo 143 da LRJAP-PAC, a relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión patrimonial é inequívoca, do mesmo xeito que a valoración do dano e o cálculo da contía.

E unha vez substanciado o devandito expediente, de acordo co disposto polo artigo 145 da mencionada LRJAP-PAC, cando a Administración tería indemnizado directamente aos lesionados, poderá esixir das súas autoridades e demais persoal ao seu servizo a responsabilidade en que incorresen por dolo, culpa ou negligencia grave (elementos subxectivos, que consideramos de fácil constatación se o gasto acometeuse prescindindo absolutamente do procedemento establecido ou se se ordenou o pago a pesar de informe expreso en contra), previa a instrución de expediente, nos que a competencia para a súa resolución considero que haberá de recaer no Pleno da Corporación. Igualmente e en relación con esta responsabilidade deben terse en conta os artigos 176 e seguintes da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeneral Orzamentaria, artigos 38 a 41 da Lei 2/82, do 12 de maio Orgánica do

Tribunal de Contas e artigo 49 da Lei 7/88 do 5 de abril de funcionamento do Tribunal de Contas.

b) *Reclamación do acreedor dos seus créditos por vía xurisdiccional.*

En segundo lugar, cabe alternativamente, a reclamación dos seus créditos por parte do acreedor en vía xurisdiccional baseándose na doutrina xurisprudencial do enriquecemento sen causa.

Unha vez exposto o anterior coa finalidade de deixar patente e manifesta a gravidade da situación xerada, temos de sinalar que no entanto a práctica habitual no ámbito local é que a Corporación sen necesidade de que o terceiro exercite a súa acción, instrumente un expediente administrativo de recoñecemento de obrigacións por recoñecemento extraxudicial de créditos que posibilite o recoñecemento da obrigación e o pago.

Dende o punto de vista orzamentario, o recoñecemento extraxudicial de créditos é un figura que se caracteriza por ser obxecto dunha gran controversia doutrinal, o que fai tremendamente complexa a aplicación práctica deste procedemento, sendo a razón fundamental diso a súa exígua regulación legal.

Tal é así, que en principio, a única solución viable para dar unha resposta dentro da coherencia interna do TRLRHL (R.D. Leg. 2/2004 do 5 de marzo), á existencia de obrigacións de pago sen crédito orzamentario ou insuficiencia do existente centraríase na esixencia, por vía administrativa e ata penal, das responsabilidades a que houberse lugar pola produción de actos administrativos nulos de pleno dereito, por canto que este corpo legal non contempla este procedemento anormal e excepcional de recoñecemento extraxudicial de débeda.

O recoñecemento extraxudicial de créditos constitúe unha excepción ao principio orzamentario de temporalidade dos créditos. A este principio alude o artigo 176 TRLRHL desenvolvido polo artigo 26 RD 500/90, ao establecer que as obrigas orzamentarias se recoñecen no mesmo exercizo en que se realizan os gastos que as orixinan. No entanto iso, este principio ten excepcións, entre outras, a prevista no apartado segundo do propio artigo 26 RD 500/90, trátase de *“as obrigas procedentes de exercizos anteriores a que se refire o artigo 60.2 do presente Real Decreto”*, este último precepto reza así:

“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito ou concesión de quita e espera”.

E non se atopan outras referencias na normativa financeira local a tal procedemento que non sexa no RD 781/86 do 18 de abril e no RD 2568/1986, ao enumerar as competencias do Pleno que se refire a este procedemento excepcional nunha redacción similar á transcrita anteriormente polo artigo 26 RD 500/90. Pero este precepto non fai referencia ao procedemento a seguir para substanciar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, o que fai conveniente que sexa cada entidade local a que a través da súa potestade normativa deseñe o procedemento a seguir.

O problema está en que como vimos sinalando atopámonos ante unha figura sobre a

que existe unha gran controversia, ata o punto de que se pode afirmar que son poucos os aspectos relacionados co recoñecemento extraxudicial de créditos sobre os que exista unanimidade doutrinal.

Queremos en definitiva trasladar ao órgano competente para coñecer da proposta que se informa, a realidade respecto do concepto, natureza e efectos desta figura do recoñecemento extraxudicial de créditos coa que se pretende dar resposta á grave situación orixinada pola realización de gastos sen cobertura orzamentaria, que non é outra que a recoñecida posición doutrinal de que a aplicación práctica desta figura non é pacífica e puidese vulnerar o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e tamén o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

No expediente e proposta da Concellaría de Economía e Facenda a que se refire este informe, establece para o recoñecemento extraxudicial un procedemento que poderíamos denominar “mixto”, sustentado nas previsións da Base 28ª das de execución dos orzamentos municipais vixentes, que é a norma interna que regula o procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos nesta Administración municipal.

A través deste procedemento “mixto”, no expediente propónse exclusivamente a concesión de créditos extraordinarios e suplementos para procurar a dotación económica necesaria e suficiente, diferindo para un momento posterior o recoñecemento da obrigaición e a súa imputación orzamentaria, mediante proposta ao efecto á Xunta de Goberno Local.

Consideramos que o feito censurable, por outra banda, da falta de incorporación ao expediente dos xustificantes correspondentes a devanditos gastos ilegais debidamente conformados polas correspondentes áreas xestoras, determina que non se poida considerar que o Pleno corporativo ao aprobar a concesión de dotación económica estea implicitamente recoñecendo extraxudicialmente a débeda, que como sinalamos difire para un momento ulterior en expediente separado.

Pois ben, o criterio do Consello de Contas de Galicia que vén manifestando nos seus informes de fiscalización en relación a este extremo non é coincidente coa formulación recollida no expediente a que se refire o presente informe, o que constitúe un claro reflexo do polémico da aplicación práctica desta figura.

En efecto, o criterio do Consello de Contas é atribuír ao Pleno non soamente a competencia para a dotación nos estados de gastos, senón tamén para o seu recoñecemento, atribuíndo ao recoñecemento extraxudicial de créditos un efecto engadido de control plenario da xestión de goberno.

Aos efectos de ilustrar sobre este criterio do órgano de control externo autonómico, recolleamos a continuación e reproducimos literalmente pasaxes de informes de fiscalización emitidos polo Consello en relación á xestión económico-financeira de Concellos da CC.AA.

- Concello de Silleda (Pontevedra) (Informe fiscalización exercizos 2003-2004 Concello de Contas ano 2006).

“(....) Os expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos aprobados pola

Alcaldía poñen de manifesto tamén o incumprimento do principio do debeño e anualidade orzamentaria contemplados no artigo 176 TRLRHL e cuestiona a representatividade do saldo dos acredores da entidade, podendo ao mesmo tempo estar comprendidos nun dos supostos de nulidade previstos no artigo 62 da LRJAP-PAC, por ser ditados por órgano manifestamente incompetente, sen prexuízo do anterior, a aprobación pola Alcaldía podería supor, así mesmo, unha limitación ao dereito de información de todos os concelleiros, minguando o exercizo de control e fiscalización dos órganos de goberno municipais polo Pleno,...". (sic)

- Concello de Betanzos (A Coruña) (Informe de fiscalización exercizos 2003.2004. Concello de Contas, ano 2006).

"(...) Así mesmo, a aprobación destes expedientes pola Alcaldía (refírese a expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos) evita que o Pleno coñeza a contía e natureza do gasto realizado de forma irregular, así como os créditos do exercizo aprobados pola Corporación e que agora se minoran para financiar estes gastos. Por estas razóns, o Consello de Contas de Galicia considera que a aprobación de devanditos expedientes é do Pleno". (sic)

- Concello de Cangas do Morrazo (Pontevedra) (Informe de fiscalización exercizo económico 2000, Consello de Contas ano 2002).

"(...) En relación ao recoñecemento extraxudicial de créditos aprobado mediante resolución da Alcaldía con data 12 de xaneiro de 2000, o Interventor accidental emite un informe con data de 17 de xaneiro de 2000, indicando que os gastos aprobados pola anterior resolución adoecen de vicios invalidantes de procedemento, por canto que se realizan en ausencia de fiscalización previa e sen que exista consignación orzamentaria para os mesmos, vulnerando ademais a lexislación orzamentaria para os mesmos e as bases de execución do orzamento. Pon así mesmo de manifesto o citado informe a necesidade de dar conta ao Pleno do recoñecemento extraxudicial de crédito efectuado...

Verificouse a comunicación ao Pleno da Corporación do recoñecemento extraxudicial efectuado, por canto que no punto 2º da sesión ordinaria do Pleno realizado o día 28 de febreiro de 2000 manifestouse dar conta das resolucións ditadas pola Alcaldía dende o 13 de decembro de 1999 ao 25 de xaneiro de 2000. No entanto, resulta notoriamente improcedente a tramitación empregada, tendo en conta que os artigos 23.1 do RD Lexislativo 781/1986 e 60.2 do RD 500/90 preceptúan que a competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos nos supostos en que non exista dotación orzamentaria reside en todo caso no Pleno da Corporación. Esta esixencia non se entende, pois, cumprida, na medida en que o gasto foi autorizado polo órgano incompetente ao efecto (Alcaldía), por máis que se dea conta de forma xenérica e a posteriori ao órgano que por lei ten atribuída a competencia para efectuar o recoñecemento extraxudicial de crédito (o Pleno)". (sic)

Deixada constancia do anterior, polo que á miña opinión respecta, considero que non é necesaria a existencia dun crédito orzamentario específico suficiente no momento de iniciar a tramitación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, por canto que con este procedemento non se recoñece a obriga nos termos do artigo 58 do RD 500/90, senón que dalgún xeito recoñécese o crédito a favor dun terceiro pola entrega do ben ou servizo prestado á Administración municipal, e que esta debe pagar inescusablemente, polo principio xeral do dereito de prohibición do

enriquecemento inxusto. Con posterioridade, a obriga aplicarse aos créditos do orzamento vixente en base ao procedemento habitualmente establecido, sendo este o instante no que a tales efectos, o crédito orzamentario deberá estar dispoñible.

É dicir, na miña opinión o procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, debe ser un procedemento non “mixto”, senón “puro”, no sentido de que no propio acto administrativo polo cal o Pleno preste a súa conformidade á concesión de crédito extraordinario, manifieste simultanea e formalmente a existencia efectiva dun crédito contra esta Administración municipal, do seu importe, da súa liquidez e, xa que logo, da súa esixibilidade, sen que iso supoña entrar analizar outras implicacións da cuestión e como paso previo para a preparación da execución. Entendo que esta formulación compatibiliza o criterio exposto anteriormente do Consello de Contas de Galicia e a regulación, en termos xerais, da indicada Base de Execución dos orzamentos municipais vixentes.

Para rematar, queremos deixar constancia que a fragilidade e o carácter de automatismo do expediente que se informa vese reflectida no incumprimento da propia normativa interna municipal.

Por instrución 1/2000 da Intervención Xeral sobre “Recoñecemento extraxudicial de créditos”, aprobada por resolución da Alcaldía do 25 de maio do 2000, e da cal deuse conta ao Pleno en sesión do 29 de maio do mesmo ano, sinálase textualmente: “No expediente de modificación de créditos orzamentarios para habilitar partida adecuada e suficiente para a imputación de gasto, deberá concretar de modo singular, específico e con detalle, o motivo, a natureza e o montante do referido gasto”. Esta previsión non se cumpre en determinados casos dos previstos na proposta da Concellaría de Economía e Facenda que se informa.

3.- Recurso financeiro utilizado.

Un dos recursos financeiros que se propón para o financiamento desta modificación de crédito é o Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais obtido na o liquidación orzamentaria do último exercizo liquidado, isto é, o exercizo de 2008.

Recurso financeiro este que admite o apartado 4 do artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004 e o artigo 36.1.b) do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, para financiar os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

O Remanente de Tesourería para gastos xerais que se deriva do orzamento do ano 2008, cuantificouse en 80.559.937,80 euros, dos que se utilizaron para financiar a modificación de presupostos número 19/2009 (Incorporación de remanentes de crédito): 16.806.989,01 euros, de onde resulta que o saldo actual do Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais ascendería a 63.752.948,79 euros, suficiente para facer fronte á modificación orzamentaria contida na proposta que se informa e que polo que a este recurso concirne importa a cifra de 20.000.000,00 euros.

De acordo co establecido na Orde de 20 de setembro de 1989, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais, o Remanente de Tesourería que financie o expediente imputarase ao Capítulo VIII do estado de ingresos (activos financeiros), artigo 87 (Remanente de Tesourería), subconceptos 870.00 (Aplicación para financiamento de créditos extraordinarios), ou 870.01 (Aplicación para o financiamento de suplementos), segundo se trate de habilitacións de créditos ou

suplementos, respectivamente.

En segundo lugar, propónse tamén como medio de financiamento deste expediente de modificación orzamentaria, a minoración do crédito orzamentario da partida 2222.2040000, por importe de 200.000,00 euros, destinada ao financiamento do expediente de contratación a tramitar para a adquisición de vehículos para a Policía Local na modalidade de renting.

En puridade, non se trata dunha minoración, senón que se trata da anulación ou baixa parcial do crédito asignado a unha partida orzamentaria, por canto que se se tratase dunha redución do crédito dunha partida ao obxecto de cedelo a outra distinta, atopariámonos ante outra modalidade de modificación orzamentaria, cal sería a transferencia de crédito, para a cal non esixir efectivamente os requisitos xa apuntados anteriormente respecto dos suplementos e habilitacións do carácter concreto e determinado do gasto e a súa imposibilidade de demoralo para o exercizo seguinte. Despréndese diso a confusión que contén este expediente entre as dúas modalidades de modificación orzamentaria previstas na lexislación vixente de “Transferencias de Crédito” e “Suplementos e Créditos Extraordinarios”.

En calquera caso, as baixas por anulación como medio de financiamento admítense nesta modalidade de modificacións orzamentarias, suplementos e habilitación de créditos extraordinarios, polos artigos xa citados 177.4 TRLRHL e 36.1.c) e 49 a 51 Real Decreto 500/90, do 20 de abril, así como na Base 12ª das de execución dos orzamentos municipais vixentes.

En observancia de tales preceptos podemos sinalar que se cumpre o requisito requirido por esta normativa de que se xustifique polo servizo que a anulación ou baixa, neste caso parcial, do crédito orzamentario, ao indicarse de forma expresa que é factible a anulación sen que iso ocasione perturbación no funcionamento operativo do servizo ao cal se atopa adscrita a dotación a dar de baixar; non se fai mención no expediente dunha forma expresa ao segundo requisito que establece a normativa para que a utilización deste recurso sexa factible, isto é, que os créditos a dar de baixa non se atopen comprometidos, tal omisión valer neste informe ao comprobarse que efectivamente os créditos a dar de baixa non se atopan nesta fase de execución do gasto.

Polo demais, de acordo co artigo 49 do Real Decreto 500/90, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación das baixas por anulación de créditos, polo que a proposta de acordo que se eleve ao órgano colexiado debe recoller expresamente esta previsión.

Doutra banda, tendo en conta que os importes da modificación de créditos proposta e o dos recursos financeiros utilizados son coincidentes, mantense o equilibrio orzamentario que require o artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

4.- Estabilidade orzamentaria.

En canto á incidencia que produce o expediente que se informa sobre os orzamentos municipais por aplicación do Real Decreto Lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, informamos que de conformidade co artigo 3.1 da devandita norma legal, as entidades locais que produzan bens ou presten servizos que non se financien

maioritariamente con ingresos comerciais suxeitaranse ao principio de estabilidade nos termos previstos no artigo 19 da propia Lei, establecendo este último precepto que por estabilidade orzamentaria enténdese a situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

En igual sentido o artigo 4 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, no seu artigo 4 dispón que o grupo de entidades locais mencionado anteriormente aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

En canto ás consecuencias do incumprimento deste principio de estabilidade orzamentaria, recóllense no artigo 22 da Lei e consisten, de non alcanzarse tal obxectivo, na obrigación de aprobación polo Pleno da Corporación, no prazo de tres meses, dun plan económico-financeiro de reequilibrio a un prazo de tres anos. En igual sentido o artigo 19 o Real Decreto 1463/2007.

Como xa sinalamos anteriormente o recurso que financia a modificación orzamentaria que se informa, isto é, o Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, impútase ao capítulo VIII da estrutura do estado de ingresos, esta imputación por si mesma producirá un desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria, dado que a modificación suporá un incremento de gastos non financeiros e o recurso que os financia terá natureza financeira en razón á súa imputación contable, co cal, e no suposto de verificarse un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado polo Goberno, xurdiría a obrigación legal da elaboración e tramitación dun plan económico-financeiro corrector do desequilibrio producido nos termos expostos anteriormente.

Agora ben, o artigo 21 do RD 1463/2007, regula o momento da aprobación destes plans económico-financeiros polo Pleno da Corporación, facéndoos coincidir coa mesma sesión en que se aprobe o orzamento ou as súas modificacións, mediante acordo expreso ao efecto, no caso de que sexa o propio orzamento inicial ou as súas modificacións posteriores as que incumpran o obxectivo. No entanto, iso o propio precepto exceptúa da aprobación nese momento do plan económico-financeiro de restablecemento do equilibrio cando a modificación que provoque o incumprimento se financie con Remanente de tesourería para gastos xerais, nese caso a verificación do incumprimento do obxectivo de estabilidade queda diferido á liquidación do orzamento de que se trate, que en caso de manterse o desequilibrio obrigaría á elaboración e tramitación dun plan de reequilibrio nas condicións que veñen indicando.

É dicir, a modificación orzamentaria proxectada provoca un desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria, polo importe do Remanente de Tesourería que se pretende utilizar, pero dado o tipo de recurso que se propón con carácter fundamental para financiar a modificación, non sería necesario por incumprimento do obxectivo de estabilidade a elaboración dun plan económico-financeiro para a súa corrección, senón que tal circunstancia debe verificarse no momento da liquidación do orzamento do ano en curso.

5.- Tramitación e aprobación do expediente.

Segundo os artigos 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación aos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e recursos contenciosos-administrativos aplicables aos Orzamentos, é dicir:

- 1.- Proposta con memoria xustificativa do Presidente.
- 2.- Informe preceptivo do interventor.
- 3.- Ditame da comisión informativa competente en materia de facenda, preceptivo a teor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.
- 4.- Aprobación provisional polo Pleno Corporativo.
- 5.- Non se atopando previsto ningún quórum especial para a aprobación destes expedientes de modificación de créditos, será suficiente a maioría simple de votos a favor (Artigo 47 da Lei 7/1985).
- 6.- Exposición ao público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante o devandito prazo ante o Pleno.
- 7.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público e as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva.
- 8.- O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será inserido no “Boletín Oficial da Provincia”, ademais de no Taboleiro de Anuncios da Corporación.
- 9.- Da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito definitivamente aprobada remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao “Boletín Oficial” a que se refire o apartado anterior.
- 10.- Contra a aprobación definitiva da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de devandita xurisdición, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por si sóa a aplicación do crédito extraordinario e suplemento de crédito.

A modificación entrará en vigor unha vez produciuse a publicación indicada no apartado 8 anterior, sendo executiva dentro do mesmo exercizo da súa aprobación.

Conforme á Base 8ª das de execución do orzamento municipal vixente, os compromisos de créditos deberán facerse no propio exercizo no que se acordou o crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

De acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRHL, unha copia do orzamento e de todas as súas modificacións débese achar a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercizo.”

A comisión informativa de Réxime Interior, en sesión do 23 de xullo, por maioría ditaminou favorablemente a proposta citada emitida polo concelleiro delegado de Economía e Facenda.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: Presentamos neste punto a modificación de crédito 75/9 que engloba as dúas figuras previstas de suplemento de crédito e de crédito extraordinario.

Como ben se di na memoria da Alcaldía, as distintas concellerías-delegadas solicitaron do Alcalde facer fronte a determinadas actuacións que non se poden demorar ata o ano 2010. Os suplementos de crédito, como ben se especifica, refírense a partidas cuxo crédito previsto no orzamento de 2009 resulta insuficiente. Por outro lado, a habilitación de créditos trata de atender necesidades que xurdiron e que tamén son inaprazables. Entendemos que este expediente se atopa suficientemente motivado por todas as concellerías en base ós informes dos responsables dos distintos centros xestores.

A finalidade desta modificación orzamentaria é triple, unha é de carácter operativo ou funcional, outra de carácter legal como consecuencia de indemnizacións por sentenzas e outra correspóndese con remates de gastos plurianuais e modificados de proxectos.

No primeiro apartado de necesidades inaprazables por execución de sentenzas, como se menciona na Memoria presentada estamos ante gastos de avogados e procuradores correspondentes ó período 2005-2007 por mor dunha Sentenza en materia urbanística do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; estamos diante dunha situación de despidos improcedentes nas concellerías de Emprego e Benestar social; diante dunha insuficiencia presupostaria no transporte público debida sobre todo ás prórrogas presupostarias dos exercizos 2004, 2006 e 2007; estamos tamén diante dunha custodia de vehículos na vía pública, incremento debido ós custos de amortización técnica e financeira dos novos vehículos; arrastramos unha factura de responsabilidade civil do ano 2002; unha factura do servizo de xardíns do mes de xullo do 2007 na que discrepábamos na súa contía; estamos diante da necesidade dun maior número de xornadas de dispoñibilidade para a Policía Local; diante de investimentos en saneamento, piscina de Valladares e outras actuacións; tamén se contemplan as segundas anualidades do contorno de Bouzas e Travesía de Pino e tamén se fai fronte neste apartado á derrama de gastos financeiros na póliza de

crédito do ADR da Mancomunidade.

Á marxe destas necesidades inaprazables por execucións de sentenza e outros aspectos, tamén xurdiron novas necesidades no servizo de Vías e Obras no que basicamente se trata de dar cobertura e resposta ó presentado polas asociacións veciñais que engloba un importante número de obras perfectamente detalladas e sinaladas en cada unha das parroquias desta cidade que entendemos que van levar a todas estas zonas a mensaxe que dende o goberno fixemos nosa dende o primeiro momento: que todos os cidadáns de Vigo sexan iguais, gocen do mesmo nivel de obra e polo tanto nos atopemos diante dun único tipo de vigués, o de primeira clase e non diferenciados como ocorría co goberno da Sra. Porro.

Tamén xurdiron novas necesidades na concellería de Participación Cidadá, xa coñecen a reforma do local da rúa Ecuador e da alameda de Beade, o convenio cos sindicatos para vixiar o Plan Zapatero e o programa “Imos Traballar”. A Feira Mundial da Pesca tamén constitúe unha nova necesidade e un novo reto para este goberno en canto a que se converta nun importante evento para esta cidade. É importante, vostedes dino repetidamente e semella que non saben dicir outra cousa, que pecharon ou que hai no comercio de Vigo unha serie de problemas, nesta modificación orzamentaria dáse un apartado de novas necesidades para facer fronte á crise mediante axudas.

Durante as anteriores intervencións producíronse alteracións na orde da sesión polas constantes interrupcións por parte do público asistente, advertindo neste intre a Alcaldía-Presidencia que, de seguiren na súa actitude, tería que suspender o Pleno.

SR. LÓPEZ FONT: Estaba no apartado de novas necesidades xurdidas e que se contemplan na modificación orzamentaria. Falaba do apartado de Vías e Obras e dicía que se contemplan unha serie de proxectos específicos de actuacións nas parroquias. Dicía que na Concellería de Participación Cidadá, como ben se sabe, xurdiu a reforma do local da rúa Ecuador e necesidades en Beade; tamén é necesario o convenio cos sindicatos para vixiar o Plan Zapatero e o programa “Imos Traballar”. Para este goberno é unha preocupación e tamén un reto que a Feira Mundial de Pesca se converta nun importante evento na cidade. Logo do ano 2009, no que realmente tivemos eventos importantes, a Feira Mundial da Pesca tamén se converte noutro e é obxecto nesta modificación orzamentaria dunha serie de cantidades co reto de que se converta nun importante evento.

Preocúpalle ó goberno a situación de crise na que se atopa o comercio desta cidade e contémpnanse, como se pode ver na modificación orzamentaria, axudas e subvencións ó comercio para paliar a crise e dar cumprida resposta ó que se nos pediu. Coido que neste sentido é unha importante cantidade dentro das dispoñibilidades orzamentarias deste Concello e estase dando cumprida resposta ás necesidades do comercio da cidade.

Dende Tenencia de Alcaldía, debidamente xustificadas, tamén se achegan unha serie de proxectos que fan necesaria a súa inclusión nesta modificación.

En Deportes a relación de proxectos do Plan Zapatero, que supón un importante avance nas instalacións desta cidade, conforma tamén parte desta modificación orzamentaria.

No apartado de Benestar Social tamén me debo referir ó compromiso que ten este goberno e que manifestaron o Alcalde e a Concelleira de Benestar Social sobre a necesidade de que ningunha familia quede sen axuda diante da situación de crise na que estamos no relativo a bolsas de comedor, libros e mellora de fogar. O noso lema é que ningunha familia debe quedar sen bolsas e sen comedor escolar.

No apartado de Cultura as festas de Vigo tamén forman unha parte moi importante do que é a acción deste goberno, especialmente o festival "Are-More" que polo tanto figura nesta modificación. Na Concellería de Xuventude contémpnanse campañas de sensibilización sobre a mocidade ou o botellón. En Patrimonio Histórico contémpnase a entrega ó Museo do Mar do buque Alfageme, en canto á súa recuperación e rehabilitación.

Polo tanto todo isto forma parte dunha modificación presupostaria que sometemos á consideración deste Pleno. As conclusións iniciais son que esta é unha modificación totalmente ligada á situación económica actual, dá resposta especificamente á situación de crise na nosa cidade, englobanse novos proxectos para as parroquias demandados polas asociacións de veciños, dende o primeiro ata o último euro búscase a creación de emprego como factor fundamental nesta modificación presupostaria. Como xa dicía anteriormente, a axuda ó comercio e o benestar social forman parte moi importante desta modificación presupostaria.

Polo tanto estamos diante de dous eixos que inspiran esta modificación orzamentaria: poñer en funcionamento políticas activas que mitiguen os efectos das crise e xerar fórmulas que produzan efectos positivos na xeración de emprego.

Estamos a falar do recurso financeiro do remanente líquido de tesourería para gastos xerais, dispoñible unha vez realizada a liquidación do orzamento do 2008 e, polo

tanto, o que estamos facendo é chegaren ó límite da estabilidade presupostaria pero nunha situación totalmente controlada aportando os aforros, os fondos do Concello en beneficio de cada un dos sectores que precisa da actuación administrativa.

Tamén na memoria facemos mención á estabilidade orzamentaria que entendemos garantida pola previsión de déficit que se vai aceptar por parte do goberno central para as administracións locais nos exercizos 2010, 2011 e 2012, e tamén a previsión de actuación con respecto ó exercizo 2009 e polo tanto estamos diante dunha modificación orzamentaria que é iso: un engadido ó orzamento que aprobamos en tempo e forma e que marca a xestión deste Concello. Estamos diante dunha situación na que ninguén lle poderá reprochar a este goberno que non se implique na crise e nos sectores afectados por ela.

Polo tanto se cumpren todos os requisitos: de legalidade, de amplitude de actuación en canto a todas as áreas de goberno e de estabilidade orzamentaria que é un factor que preocupa a este goberno, pero tamén nos preocupa que todo aquilo do que poidamos dispoñer para actuar en beneficio da cidadanía e de todos os sectores sociais, non deixemos un euro sen gastar, un euro sen actuación.

SR. CONDE GIL: Sr. López Font, antes dicía que o Partido Popular non lle cre, pero ese non é o problema; o problema é que a cidadanía non lle cre nin a vostede nin ó seu goberno.

Mentres vostedes presentan aquí unha modificación de crédito de 3.300 millóns de pesetas, que se di pronto, dos que case 3.000.000 van a celebracións, asistencia técnicas e publicidade, teñen desatendidos ós veciños de Teis que levan esperando moitos meses a que os atendan e agora nin sequera lles collen o teléfono. É o colmo. Con esta modificación de crédito nº 75/2009 e o número de expediente que debe ser a única verdade que dixó, estamos asistindo á constatación do que xa denunciámos no seu día: que o orzamento que presentaban nesta cidade era irreal. Estamos diante dunha nova falsidade por parte do Alcalde. Dende o ano 2007 xa veñen dicindo que o Partido Popular deixara arrasado este Concello, non se fiaban nin sequera do arqueo municipal que no seu día se asinou no Pleno de constitución desta Corporación, dicían que non había os 77 millóns que había, cousa que xa denunciámos sobradamente, así como que o Partido Popular baixou a débeda den 108 a 47 millóns de euros. O único que tentaban era deostar a xestión realizada cando estabamos no goberno.

Agora nos atopamos con que esta modificación que traen ó Pleno só ven confirmar o

que xa dixemos no Pleno no que se tratou o orzamento aprobado co voto de calidade do Alcalde e o rexeitamento do PP por dilapidación. Anunciamos xa que imos votar non por responsabilidade, por non incorrer noutro tipo de problemas e porque ademais coidamos que é unha mala política a que están levando neste sentido. Insistimos no mesmo: vostedes están dilapidando, pero non só iso, antes lles dicía que tiñan problemas de xestión e efectivamente, teñen falla de xestión e de dirección política. Non saben vostedes nin de onde veñen, nin onde van. Ese é un grave problema que reflicte precisamente este documento que traen hoxe o Pleno.

Un documento que aumenta 20.200.000 euros e, aínda que non o é, podería parecer unha cifra pequena, pero máis de 3.300.000 das antigas pesetas evidentemente é unha cifra máis que importante, representa case un 10% do orzamento orixinario. Xa me dirá se isto non é falla de dirección e de erros na xestión. Como lles dicía, unha gran parte do orzamento vai destinado a celebracións, asistencia técnicas e publicidade.

Xa sabemos que para este goberno a publicidade é unha necesidade urxente, é o que máis lles gusta: o bombo e os anuncios nos xornais e a iso dedican un grande esforzos e por iso esta nova modificación. Xa dicía a miña compañeira, Sra. Molares, que Tenencia e Alcaldía lévanse cinco veces mais que as áreas sociais prioritarias. Vostedes que se dan golpes no peito todo o día, presumindo que están coas persoas, xa se ve como. Deben estar coas persoas que traballan nas axencias de publicidade que é onde deben querer crear eses postos de traballo este goberno, que se presentaba como o do pleno emprego e o paro aumentou máis que nunca na cidade de Vigo, dirán que é por mor dunha crise internacional pero nunca recoñecerán os problemas de xestión.

Aínda que na segunda intervención detallarei máis, insisto en que mentres vostedes non collen o teléfono e o Sr. Alcalde sobrevoa pilotando un avión, os veciños seguen protestando neste Pleno porque vostedes non os reciben, non queren falar con eles e porque o único que lles dan son falsas promesas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Conde, vostede e os veciños teñen razón en reclamarlle a Fomento unha solución, pero o Presidente do Goberno da Xunta de Galicia acaba de sacarse unha foto co Ministro de Fomento para tragar co atraso do AVE ata o 2015 e ben puido nese acordo esixirlle ó Ministro que lles arranxara os problemas a estes veciños e veciñas; o Presidente da Xunta do seu partido político. Hai que deixar de facer tanta demagogia. Que reclame tamén o Presidente do Goberno da Xunta que

Iles arranxen o problema a estes veciños e veciñas. Menos demagoxia.

En canto á modificación de crédito dende este goberno municipal e en particular dende as áreas que a min me toca representar, vimos dicindo, Sr. Conde, aínda que vostede non queira escoitar, que hai dous obxectivos básicos na política que este goberno quere facer. En primeiro lugar está a necesidade de cubrir os servizos básicos da cidadanía e en segundo lugar están as medidas fronte á crise. Evidentemente estamos nun momento de crise importante e por riba de todo un goberno ten que saber dar prioridade ós seus investimentos. Iso é o que está facendo este goberno, dar prioridade en dous eixos fundamentais: aumentar o gasto social e poñer enriba da mesa medidas claras que fagan que os sectores menos favorecidos ou os máis proclives a seren vítimas desta crise se poidan manter e defender.

Vostedes están acostumbrados, non só neste Pleno da Corporación senón tamén nas súas manifestacións, a criticaren a este goberno por criticaren, a faceren demagoxia, populismo e evidentemente a non quererem colaborar con este goberno; e cando o goberno lles escoita vostedes din que non o estamos facendo ben.

Pódolles sacar hemeroteca e verán que nesta modificación de crédito están recollidas practicamente todas e cada unha das reivindicacións das que vostedes estiveron falando neste último ano mediante as súas mocións e declaracións. Neste mesmo Pleno vai unha moción de seu reclamándolle a este goberno medidas urxentes para axuda ó comercio e á hostalería da cidade. Nesta modificación orzamentaria van 1.200.000 euros para axudaren ó pequeno e mediano comercio, para axudar ás familias con necesidades a que incentiven o seu consumo no pequeno e mediano comercio.

Vostedes falaban de que a Concellería de Benestar Social non daba atendido, dixeron aquí que había persoas en lista de espera; pois van 765.000 euros para atender ó Servizo de Axuda no Fogar, para axudas de emerxencia, bolsas de comedor, etc. Dicían que habían que promocionar a cidade. Aquí, no anterior Pleno falaban do turismo nesta cidade, de os números de Peinador e de non sei que máis. Nesta modificación de crédito hai máis de 1.000.000 euros precisamente para promocionar un sector que tamén está en crise e iso a través da promoción turística, a través do cumprimento de compromisos que vostedes dende a Xunta non queren acometer, etc.

Por que votan vostedes en contra desta modificación de crédito cando logo presentan mocións que recollen exactamente o que nós plasmamos? Por unha razón: vostedes non están aquí para faceren política cara á cidadanía, nin para facer políticas que

comporten a atención das necesidades básicas que ten esta cidade; sinxelamente están aquí para dicir que non a un goberno, nada máis. Digo isto porque se vostedes realmente son ou queren ser alternativa a este goberno, vostede dixo hai uns minutos “como non funcionan, déixennos a nós”. O que tiñan que facer hoxe aquí é preparar unha modificación de crédito alternativa, dicirnos o que farían vostedes con eses vinte millóns, tiñan que dicir aquí á cidadanía e ós veciños e veciñas cales son as súas solucións.

Digan que non queren que axudemos ó pequeno e mediano comercio. Digan que ó mellor lles gustaría máis que estes cartos fosen para as grandes áreas comerciais coma vostedes defenderon sempre. Díganlle a esta cidade que vostedes non queren que se lle atenda á xente que está en lista de espera para que sexa atendida no fogar e os dependentes, pero díganllo. Claro que ó mellor vostedes preferirían privatizar os servizos públicos de axuda sanitaria porque xa sabemos cal é a súa política.

Unha forza que está na oposición e que aspira a gobernar non pode estar catro anos dunha lexislatura dicindo non, ten que estar poñendo alternativas enriba da mesa. Vostedes non trouxeron unha alternativa ós orzamentos que agora cualifican de chapuza. Hoxe non traen unha alternativa a esta modificación de crédito e se a traen explíquenlles ós cidadáns en que gastarían vostedes estes vinte millóns de euros. Díganlles que non queren que humanicemos barrios e parroquias. Claro que xa sabemos cal é a súa política: flores para o centro. Díganlles ós cidadáns que non hai que promocionar esta cidade, nin poñer medidas que axuden ó emprego e a combater e a crise.

Vostede está facendo aseveracións que evidentemente non son reais porque para publicidade e propaganda nesta modificación de crédito non vai máis que un dous e pico por cen. Se vostede ten outros datos dígaos porque estamos cansos de que nos digan que se Tenencia, que se Alcaldía, se publicidade, propaganda; digan os datos e os números pero non engane, diga de vinte millóns de euros cantos son para publicidade e propaganda.

Sabe por que en moitos casos tivemos que ir a esta modificación de crédito con cousas que non se podían aprazar? A vostedes éncheselles a boca dicindo, como dicía vostede, que isto é unha chapuza pero a auténtica chapuza é que a estas alturas o goberno da Xunta do Partido Popular non nos diga á Concellería de Benestar Social cantos cartos imos ter para lle engadir ó Plan Concertado; que non lle digan a este Concelleiro de Comercio e Turismo se van cumprir ou non os acordos que

tiñamos enriba da mesa. Por iso e por moitas cousas máis temos que ir a esta modificación de crédito.

Os números están no expediente e nel recóllense os seus pedimentos, as súas mocións. Dígolles novamente que hoxe traen vostedes aquí unha moción que di: "Instar á posta en marcha de medidas para axuda ó comercio e á hostalería da cidade". Van 1.200.000 euros. Non hai que seren demagóxicos, Sr. Conde, un partido que está na oposición debe poñer alternativas enriba da mesa e falar con claridade.

Eu déixolle aquí tres preguntas moi claras: Vostedes non queren axudar ó pequeno e mediano comercio? Non queren que as persoas con necesidades sociais básicas sexan atendidas? Non queren que se promocióne o turismo e o emprego nesta cidade? Se vostedes contestan que si a estas preguntas entón é que estarán votando a modificación de crédito única e exclusivamente por demagogia e por ir en contra do goberno.

SR. LÓPEZ FONT: Antes de entrar no Pleno non tiña dúbida de que acertábamos coa modificación orzamentaria que traemos por importe de vinte millóns de euros, pero logo de escoitar a súa intervención, Sr. Conde, aínda teño menos dúbidas porque é o mesmo discurso de sempre, acusar de falsidade e falar de dilapidación sen ningunha argumentación e é unicamente o recurso a falar de publicidade cando xa lle contestou suficientemente o Tenente de Alcalde no sentido de que nesta modificación orzamentaria non hai ningunha partida relacionada coa publicidade.

Na liña do manifestado polo Tenente de Alcalde téñolle que dicir que vostedes fixeron un debate orzamentario do orzamento de 2009 (antes ría diante da intervención do Tenente de Alcalde) sen ningunha proposta. Dende esa oposición todo o converte en crítica ó que se propón dende o goberno. Hoxe volven facer o mesmo.

Sr. Conde, o importante é que este Concello pode actuar con vinte millóns de euros a data de hoxe en relación coas necesidades desta cidade. Non presentaron nin unha soa alternativa. Nesta modificación orzamentaria trataríase de que vostedes desen alternativa ó que se propón pola banda do goberno.

Neste intre, sendo as dez horas e quince minutos, debido ás continuas interrupcións polos veciños de Teis afectados polas obras do AVE presentes no salón de Plenos, a Alcaldía-presidencia suspende a sesión.

Sendo as dez horas e corenta minutos continúaase coa sesión plenaria.

A PRESIDENCIA: Reiníciase o Pleno. Estaba no uso da palabra o Sr. López Font.

SR. LÓPEZ FONT: En contestación á intervención do Sr. Conde Gil sobre a modificación orzamentaria dicía que cando iniciamos este Pleno non tiña dúbidas de que acertabamos coa modificación orzamentaria proposta. Quédanme aínda menos dúbidas logo da intervención do Sr. Conde en representación do Grupo municipal do Partido Popular porque o único que alega é que estamos diante dunha nova falsidade, cousa que non é novidade porque dá o mesmo do que tratemos neste Pleno, vostedes a palabra falsidade e mentira úsana permanentemente. Xa anunciou que van votar que non e dicía que por responsabilidade e por outras causas sen especificar e volvía insistir no tema da dilapidación. Creo que este discurso é certamente vello e o único discurso que teñen vostedes en relación coa acción do goberno.

Cando discutimos o orzamento do ano 2009, ó fío da intervención do Tenente de Alcalde, vostedes non tiveron unha proposta de orzamento para este Concello, nin unha opción política fronte á que nós presentabamos e non a volven ter, Sr. Conde, cando presentamos esta modificación orzamentaria.

Este goberno ten toda a dirección política, ten os votos, ten programa, actuación de goberno e ten o maior e mellor orzamento que tivo esta cidade tal como dicía no punto anterior. Polo tanto esa frase que acuñaron vostedes de “desnorte” coido que sinxelamente é aplicable á acción que vostedes manteñen coma oposición porque nós traemos aquí unha modificación orzamentaria que se axusta á legalidade, ás necesidades que ten esta cidade e sobre todo que vai cumprir coa estabilidade orzamentaria que vostedes non foron quen de deixar a este goberno.

Falou de publicidade e eu non sei onde a ve vostede. Estou disposto a ver con vostede partida a partida o que aquí propoñemos e demóstrolle que en cada unha das partidas están os eixos dos que lle falaba anteriormente, son importantes e coido que a cidadanía deberíaos coñecer. Con esta modificación orzamentaria estamos actuando fronte á crise e dende o primeiro momento estamos pensando na creación de emprego.

Non me resisto a repetir o que xa lle dicía o Tenente de Alcalde: se vostede pensa que en Benestar Social máis de 700.000 euros en Servizo de Axuda no Fogar, axudas a familias, bolsas de libros e de comedor, melloras en fogares, é dilapidación e publicidade, evidentemente estamos a falar de cousas totalmente diferentes.

Poderíalle citar cada unha das partidas que aquí figuran incluída a de transporte,

poderíalle ir ó apartado de Cultura, Festas e demais, pero me quero deter nas obras que aquí se propoñen dende Servizos Xerais. Propóñense vinte e oito actuacións na cidade de sitios e lugares nos que o goberno da Sr. Porro non actuou en ningún momento. Que vostede sexa quen de dicir aquí que esta modificación orzamentaria está baseada na dilapidación de verdade é un insulto á intelixencia dos veciños da rúa Castaña en Alcabre, do Camiño de Cruz en Bembrive.

Pero lle vou citar unha por unha cada actuación, Sr. Conde: Avenida Santa Mariña, terceira fase, rúa Mastro Alfredo González-Cabral, rúa San Cristovo-Candeán, Subida á Madroa-Candeán, rúa Costa-Castrelos, rúa Espedrigada-Castrelos, rúa Cañiza-Comesaña, Camiño Sanín-Comesaña, Camiño Muiños-Comesaña, Estrada Fragoselo-Coruxo, Baixada á Igrexa-Freixeiro, rúa Subride-Lavadores, Manuel de Cominges-Matamá, avenida San Paio-Navia, rúa Cesáreo Vázquez-Oia, Casal de Abaixo-Sampaio, Casal de Arriba-Sampaio, Baixada á Laxe-Sárdoma, rúa Xílgaro-Calvario, Estrada Igrexa-Valladares, Praza contorno á Igrexa-Zamáns, Estrada Marcosende-Zamáns e Camiño Curros-Lavadores. Á parte están as anualidades de Travesía de Pino, de Bouzas e de Esperanto.

Evidentemente, Sr. Conde Gil, isto é a modificación orzamentaria, esta é unha parte da actuación, un conxunto moi importante da actuación de modificación orzamentaria que vostede quere despachar dicindo que só veñen partidas de publicidade e que isto é unha dilapidación.

Dilapidación é o da Deputación Provincial de Pontevedra porque sen detallar todas as rúas, importe por importe como facemos aquí, despachan unha modificación orzamentaria de 9.550.000 euros dicindo “Plan de Investimentos xestionados para Concellos 2009-2011”. Evidentemente detrás desta aprobación está a discrecionalidade política do Sr. Louzán e do Partido Popular.

Nós temos proxecto. A modificación orzamentaria é un axuste dun orzamento que, como demostrabamos anteriormente, se está executando de xeito totalmente transparente e axustado ó que se aprobara neste Pleno. Sr. Conde, o que pasa é que a realidade do Partido Popular é moi sinxela, aproxímase cada vez a maior velocidade o 31 de decembro de 2009 e esa data vai ser moi dura para o Partido Popular e para a oposición que está mantendo neste Concello. O 31 de decembro de 2009, como poderán comprobar todos os vigueses e xa comprobaron á data de hoxe, a cidade será outra completamente distinta, haberá gozado do maior nivel de investimentos que tivo e o que vostedes demagoxicamente descualifican en canto a obras serán unha realidade para cada un dos cidadáns.

Con esta modificación orzamentaria non pretendemos vir aquí solucionar débedas nin da nosa xestión, nin do pasado, aínda que algunha si é do pasado goberno da Sra. Porro; non tratamos de traer a este Pleno unha modificación orzamentaria para poder gastar e que pase daquel xeito. Traemos unha modificación totalmente xustificada e axustada ó que precisa esta cidade como lle podería demostrar partida por partida das que aquí se inclúen. Mágoa que en troques de ter vinte millóns de euros para facer unha modificación orzamentaria non tivésemos trinta ou trinta e cinco porque actuaríamos con eses trinta e cinco millóns. O que nós queremos hoxe como goberno é que os cidadáns saiban que esta forma política de actuar o é diante da crise e diante o desemprego.

A propósito desas críticas que vostedes fan e dese mirar cara outro sitio porque non os vexo nas obras; o outro día nunha visita a unhas obras un traballador que recuperou o seu traballo por mor do Plan Zapatero dicíame que cada día que ía traballar lembrábase do Sr. Figueroa, personalizando nel a postura do Partido Popular. É certo, eu cada vez que transito polas rúas de Vigo, cada vez que vexo a máis traballadores nas obras que se están a facer na cidade de Vigo, lémbrome do Partido Popular, do Sr. Figueroa e de que detrás de todos os euros destes cincuenta e dous millóns do Plan Zapatero e dos investimentos propios do Concello está o emprego, Sr. Conde, está un emprego directo nas obras que adxudica este Concello pero tamén un emprego dos que dan servizos. Vostedes que, polo dicir dalgún xeito, échense a boca falando de solución á crise e de creación de emprego, cando realmente se actúa nesta cidade non o recoñecen.

Pola falla de argumentacións e alternativas da súa primeira intervención, quedou suficientemente demostrado que esta modificación orzamentaria é necesaria e acorde co que a cidade nestes momentos necesita.

Reafirmo o que dixó o Tenente de Alcalde porque por riba, Sr. Conde, parece mentira que non o recoñeza, nesta modificación de crédito están plasmadas moitas, por non diciren a maioría, das modificacións que vostedes presentaron.

Dicíalle ó principio da miña intervención que estiveron permanentemente falando da crise do comercio e, non está de acordo o Partido Popular con que este goberno destine 1.200.000 euros para o comercio? Non está de acordo con que actuemos en cada unha das vinte e oito rúas e lugares que lle mencionaba con anterioridade? Deben dicilo aquí. Mañá os cidadáns deben saber o que di o goberno, pero tamén o que di a oposición. Está en desacordo o Partido Popular con todos os créditos que van para Benestar Social, especialmente cos que van para o Servizo de Axuda no Fogar?

Porque iso é o que teñen que dicir.

Esta é unha modificación orzamentaria, complemento ideal do orzamento que aprobamos para o ano 2009 que nos seis meses que fallan de exercizo do 2009 vai achegar o que é necesario para abordar a crise e a situación de emprego na que se atopa a nosa cidade. Non hai dilapidación nin publicidade e o único que se constata neste Pleno é que ó Partido Popular fáltalle dicir por primeira vez o que propón e logo dicir como o quere facer presupostariamente.

Coido que non se decatou pero coa intervención que fixo, co discurso do Partido Popular o que confirma é a consistencia do proxecto do goberno e que estamos acertados na nosa acción política.

Ó inicio da intervención do Sr. López Font, o Sr. González Sagarra, fóra de micrófono, pediu a palabra por unha cuestión de orde.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, pediu vostede unha cuestión de orde. Ten a palabra.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Só para deixar claro que moi pola contra do que opina algún dos concelleiros do Partido Socialista, eu non interferín en ningún momento neste Pleno e o único motivo das interferencias, caso de ocorreren, segundo comprobou o técnico foron porque cando o Sr. López Font acende o seu micro o meu tamén se acende. Que quede constancia porque estou acostumado a que fagan ese tipo de comentarios e en ningún momento houbo ese ánimo de interferencia.

A PRESIDENCIA: Efectivamente, os servizos técnicos do Concello certifican que hai un problema na megafonía e que o seu micro se activa algunhas veces. Tentaremos que se arranxe axiña.

SR. CONDE GIL: É curioso que o grupo minoritario do Pleno interveña con posterioridade ó grupo maioritario, pero a dirección é do Presidente.

A PRESIDENCIA: É unha proposición de goberno. Primeiro a palabra tena o goberno, logo intervéñ o grupo da oposición, a seguir os grupos, logo o goberno, oposición e pecha o goberno. Esta é a norma que sempre se seguiu aquí e que se segue en todos os parlamentos. Cando se presentan mocións inicia a oposición e remata a oposición,

pero estamos nunha proposta de goberno e polo tanto o mecanismo de trámite é este que estamos a facer.

SR. CONDE GIL: Era un sinxelo apuntamento. Pero vou comezar polo que manifestou o Tenente de Alcalde cando estaban presentes os veciños de Teis.

Semella que o Tenente de Alcalde non forma parte deste goberno municipal. Nós dixemos nalgunha ocasión que estaba axeonllado, hoxe podemos afirmar que está tombado e o resto do goberno municipal non o ve; que o Sr. Domínguez Olveira é un cero á esquerda e que nin o Alcalde nin el son quen de solucionar os problemas destes veciños.

Dicía que eu estaba a facer demagogia pero a está facendo vostede porque pretende que o Presidente da Xunta arranxe en tres meses o que os dous presidentes que tiñamos antes, o do PSOE e o de seu, non foron quen de arranxar en catro anos; iso si que é lamentable. Botando balóns fóra tamén pretende que arranxe o Presidente da Xunta o que o goberno municipal desta cidade se comprometeu a facer e que nin sequera é quen de coller o teléfono cando chaman os veciños e o único que fan é agocharse tras do biombo; iso si que o fan moi ben.

Claro que nos preocupa o comercio e seica tamén a vostedes, pero lles debería preocupar o comercio desta cidade e non o doutra. Claro que a vostede o que si lle preocupan son os cincocentos millóns para publicidade, asistencias técnicas e celebracións pero, por que non lle preocupa o comercio desta cidade cando a dedo, cun recoñecemento extraxudicial de crédito no ano 2008, gastan nunha axencia de viaxes de Santiago 122.860,90 euros? Non hai axencias de viaxes en Vigo? Deben ter algo que agochar porque senón non entendo que vostede, tan preocupado co comercio da cidade, vai gastar 122.000 euros a Santiago. É unha boa política. Iso é o que lle preocupa o comercio desta cidade.

Dixo que non presentamos alternativas. Hai que ter cara dura política para dicir iso e dicir que vostedes están aquí xestionando as nosas mocións cando tivemos unha comisión de Xestión Municipal o pasado luns e por sorpresa o xoves, cando quedan dous días hábiles para o Pleno, preséntannos esta modificación orzamentaria. O que pretendían vostedes é que o Partido Popular non puidera facer o seu traballo. Non tivemos tampouco tempo material para presentar unha alternativa, bastante fixemos con ter tempo para analizar a lamentable chapuza na que incorreron e mesmo da que informa a Intervención. Iso é o que son vostedes: uns chapuzas. Son o goberno municipal da chapuza, da irrealidade, da mala xestión, da mala planificación

orxamentaria e novamente traen unha improvisación.

Dicía o diario El País, diario precisamente non sospeitoso de apoiar ó Partido Popular, o 3 de novembro de 2008 respecto do orzamento: “Os orzamentos de Vigo dan as costas á crise económica”. Efectivamente, fano porque vostedes se instaloron na dilapidación e vostede en concreto, Sr. Domínguez Olveira, e o Sr. Caballero reserváronse 1,6 millóns de euros para celebracións. E agora máis. Ese é o problema. O que lle preocupan son os cincocentos millóns que van para eses tres conceptos ós que aludía con anterioridade.

Vou detallar o que sinala o informe de Intervención que é sumamente interesante e ilustrativo porque se tivesen o que tiñan que ter retirarían este expediente da orde do día e faríano como ten que ser, non a chapuza que nos presentan que mesmo pode rozar a ilegalidade. Dise no informe que “Os suplementos de crédito son aquelas modificacións do orzamento de gasto mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico determinado que non se pode demorar ata o exercicio posterior, sendo o crédito previsto insuficiente e non susceptible de ampliación”.

Isto máis que unha modificación de crédito semella un novo orzamento. O 1 de xaneiro entrou en vigor un orzamento e sete meses despois presentan un orzamento completamente novo, agás que daquela era, como dicía o Sr. López Font, o maior da historia da cidade, incrementado posteriormente co Plan E, de dinamización local, e agora presentan polo 10%, 3.300 millóns? É un novo orzamento. Pero vostedes son o goberno e polas razóns que logo direi semella que a dirección política do mesmo non é demasiado clara.

O informe da Intervención segue sinalando: “En canto a estes suplementos e créditos extraordinarios para atender necesidades novas e gastos a realizar, unha análise dos mesmos, así como a súa motivación, pon de manifesto a súa inadecuación ó requisito esixido pola normativa indicada anteriormente, isto é o carácter concreto e determinado do gasto a realizar”. Vostedes non determinan nin o carácter do gasto a realizar, nin a partida concreta. “A falla de limitación tanto dende o punto de vista cualitativo como cuantitativo do gasto a realizar, considero que dificulta, cando non imposibilita, xustificar a imposibilidade de demorar a súa execución para o exercicio seguinte”.

Este é un toque de atención en toda regra. Vostedes están a dicir que teñen que facer uns gastos urxentes e a urxencia non se ve por ningures. “Obsérvase que o efecto que produce a modificación proposta nun número importante e elevado de

supostos, é un incremento da dotación global inicial ou actual da partida orzamentaria- Tal feito, ó meu xuízo, non significa que se estea aumentando ou habilitando crédito pola dirección política ou de goberno no exercizo da potestade orzamentaria, senón que o que en puridade estase a realizar é unha autorización de maior crédito para acometer máis gastos da mesma natureza económica e funcional que define a partida orzamentaria obxecto de modificación sobre os inicialmente aprobados no orzamento do exercizo”. Como ve, Sr. López Font, eu coma vostede tamén sei ler. Léase o informe de Intervención que é moi interesante e igual faille recapacitar un pouco.

”Tal modificación corresponde con outra modalidade das previstas na normativa vixente, cal é as transferencias de crédito, modalidade de modificación orzamentaria que presenta diferencias substanciais dende o punto de vista do financiamento, procedemento, órganos competentes e no seu caso finalidade respecto dos suplementos e créditos extraordinarios. Por outra banda non nos atopamos na normativa vixente para as tales transferencias de crédito referencia ningunha á indispensabilidade ou urxencia do gasto a financiar”.

Constantemente se nos está sinalando no informe que estes gastos que propoñen non son urxentes, en troques fan unha modificación orzamentaria dicindo que si o son. Póñanse de acordo ou polo menos non mintan porque o fan e moito. Como lles dixen no anterior Pleno, a mentira no goberno municipal debe ser como a gripe A, xa están contaxiados todos ou case todos. Póñanse unha máscara.

“En realidade o confusionismo que se aprecia no expediente entre as dúas categorías de modificacións orzamentarias debe entenderse tendo en conta que as transferencias de crédito son como unha resposta á imprevisión do propio documento orzamentario inicialmente aprobado e os suplementos e os créditos extraordinarios configúranse na normativa vixente como unha modalidade de modificación orzamentaria para daren cobertura -como vimos reiterando- ós novos gastos concretos e determinados xurdidos no ciclo orzamentario, imprescindibles para a dirección política do orzamento no momento da súa elaboración, sendo este carácter de imprescindible xunto coa imposibilidade do seu adiantamento o que permite determinar a urxencia do propio gasto”. Ou sexa, aquí nada é urxente.

Eses requisitos legais non se dan en numerosos casos dentro desta primeira agrupación de gastos que formulei. “Hai unha segunda agrupación que son os suplementos e créditos extraordinarios para obrigas esixibles derivadas de resolucións xudiciais e de desviacións, atrasos ou insuficiencias de dotacións en

gastos dos que se derivan obrigas de carácter contractual”. Seica igual é un pouco confuso pero coido que é importante e interesante que o Pleno coñeza en profundidade este informe.

“En segundo lugar proxéctanse suplementos de crédito para obrigas xa esixibles aínda que con matizacións”. Aquí todo o facemos con certo escurantismo. “...tal e como das indemnizacións derivadas de resolucións xudiciais firmes. Neste sentido resulta especialmente rechamante o suplemento de 850.000 euros dunha partida por despedimentos improcedentes derivados de contratacións laborais irregulares”. Sr. López Font: contratacións laborais irregulares dese goberno municipal.

“Tamén figuran os suplementos de crédito e dotacións extraordinarios que teñen por finalidade facer fronte a insuficiencias orzamentarias como consecuencia de atrasos doutros exercizos ou de omisións de anualidades correspondentes a proxectos omitidos no anexo de investimentos do exercizo 2009 e, por conseguinte, a súa falla de consignación no estado de gastos do orzamento vixente”. Isto quere dicir que vostedes improvisaron.

O Sr. Alcalde cando se aprobou o orzamento presumía dun gran logro por aprobaren o orzamento dous anos consecutivos. As cousas non por as facer máis á presa saen mellor e para mostra un botón. Vostedes improvisaron cando realizaron o orzamento, precisamente para aprobalo dentro dos prazos que marca a lei. Ás veces é mellor esperar un pouco, reflexionar e levar as partidas ben e non facer o que están a facer vostedes.

O informe sinala en canto ó transporte colectivo de viaxeiros que se produce un incremento de 2.600.000 euros cando xa se atopaba presupostado en nove millóns de euros, fálase no informe que é como consecuencia de pagaren partidas do exercizo anterior. O exercizo orzamentario é o do ano, se teñen que pagar cousas do ano pasado aplíquenlas ó orzamento do ano pasado e non ó de este. Vese que o rigor orzamentario neste Concello non é precisamente algo que luza demasiado e menos mal que o interventor o fai ver.

Sínálase que o recoñecemento extraxudicial de crédito constitúe unha excepción ó principio orzamentario de temporalidade dos créditos e están facendo pagamentos dos anos 2007 e 2008. Fálase dun procedemento mixto no expediente, propónse exclusivamente a concesión de créditos extraordinarios e suplementos para procurar a dotación económica necesaria e suficiente diferindo para un momento posterior o recoñecemento da obriga á súa imputación orzamentaria mediante proposta ó efecto da Xunta de Goberno Local. Isto quere dicir que están poñendo vostedes a venda

antes da ferida, non sabemos cal vai ser a ferida pero a venda, por se é o caso, xa a poñen.

“Coidamos que por outra banda é un feito censurable a falla de incorporación ó expediente de xustificantes correspondentes ós devanditos gastos ilegais, debidamente conformados polas correspondentes áreas xestoras, determina que non se poida considerar que o Pleno corporativo, ó aprobaren a concesión de dotación económica, estea implicitamente recoñecendo extraxudicialmente a débeda, que como sinalamos difire para un momento ulterior en expediente separado”.

Son vostedes o goberno do escurantismo, da ditadura e iso vólvese confirmar aquí. Confírmase antes cando se agocharon tras do biombo e confírmase agora cando presentan sen saber para que unha modificación orzamentaria. Sinálanse unha serie de cuestións do Consello de Contas de Galicia a respecto destes temas que a verdade non lles deixa excesivamente ben.

“Na miña opinión o procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito debe ser un procedemento non mixto senón puro, no sentido de que no propio acto administrativo polo que o Pleno preste a súa conformidade á concesión do crédito extraordinario, manifieste simultánea e formalmente a existencia efectiva dun crédito contra esta administración municipal, do seu importe, da súa liquidez e xa que logo da súa esixibilidade, sen que isto supoña entrar a analizar outras implicacións de cuestión e como paso previo para a preparación da execución”.

En canto ó recurso financeiro utilizado teño que dicir que vostedes no seu día demonizaron ó Partido Popular dicindo que non lles deixáramos os remanentes de crédito que a contabilidade municipal prevé. Demostrouse co tempo que iso era mentira. Xa se demostrou no seu día, cando en troques de presentaren un orzamento para o ano 2007 fixeron unha modificación de crédito por un importe de case quince millóns de euros aqueles cartos tiveron que saír dalgún lado, saíron dos remanentes que lles deixara o Partido Popular.

En canto ó recurso financeiro utilizado o informe de Intervención di: “O remanente de Tesourería para gastos xerais que se deriva do orzamento do ano 2008 cuantificouse en 80.559.937,80 euros, dos que se utilizaron para financiar a modificación de orzamento nº 19/2009 de 16.806.000 euros, de onde resulta que o saldo actual de Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais ascendería a 63.752.000 euros, suficiente para facer fronte á modificación orzamentaria contida na proposta que se informa e que importa a cifra de 20.000.000 euros”. Porque logo 200.000 euros os sacan doutro lado.

“En segundo lugar propónse tamén como medio de financiamento desta partida, a modificación orzamentaria, a minoración do crédito orzamentario da partida..., por importe de 200.000 euros destinada ó financiamento de contratación a tramitar para a adquisición de vehículos para a Policía Local na modalidade de renting. En puridade non se trata dunha minoración, senón que se trata da anulación ou baixa parcial do crédito asignado a unha partida orzamentaria por canto que se trata dunha redución do crédito dunha partida ó obxecto de cedelo a outra distinta, atopándonos ante unha modalidade de modificación orzamentaria cal sería a transferencia de crédito para a que non existen, efectivamente, os requisitos apuntados anteriormente respecto ós suplementos e habilitacións do carácter concreto e determinado do gasto e a súa imposibilidade de demoralo para o exercizo seguinte. De acordo co artigo 49 do RD 500/90, corresponden ó Pleno da Corporación a aprobación das baixas por anulación de créditos, polo que a proposta de acordo que se eleva ó órgano Colexiado debe recoller expresamente esta previsión”. Non o están facendo, estannos enganando ós membros deste Pleno e ademais con aleivosía, presentando isto nunha comisión de Xestión Municipal extraordinaria un xoves cando o luns hai que tratar este tema.

Paréceme que falaba o Sr. Domínguez Olveira ou o Sr. López Font, dá igual porque ningún dos dous fai nada, da estabilidade orzamentaria. Se nos imos ó informe da Intervención di: “Como xa sinalábamos anteriormente, o recurso que financia a modificación orzamentaria que se informa, isto é, o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, impútase ó Capítulo VIII da estrutura do Estado de Ingresos. Esta imputación por si mesma producirá un desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria dado que a modificación suporá un incremento de gastos non financeiros e o recurso que os financia terá natureza financeira en razón á súa imputación contable. Co que, no suposto de verificarse un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado polo goberno, xurdiría a obriga legal de elaboración, tramitación dun plan económico-financieiro corrector do desequilibrio producido nos termos expostos anteriormente”.

Vostedes non se decatan de nada ou o que é peor, si se decatan pero queren enganar e iso é lamentable, a gripe A xa os contaxiou a todos. Había estabilidade orzamentaria e agora resulta que non a vai haber. O informe do Interventor é absolutamente demoledor e instaríalles a que retirasen da orde do día o expediente e a que fixeran as cousas como deben, que falen primeiro con el e que se poñan de acordo na maneira do facer. É unha improvisación, unha mala xestión, unha mala

planificación orzamentaria e o descubrimento de que aquel orzamento marabilloso que vostedes presentaban non o é tanto. Pero se imos ós informes que acompañan ó expediente, é como para tirarse dos pelos, é unha cousa increíble.

Fan constantes improvisacións e así o vou demostrar cun informe do Sr. López Carreira onde se di: “Asemade existe unha previsión de que moitos dos patrocinadores que colaboran en parte da nosa programación neste ano, ante a situación económica existente, reduzan ou mesmo anulen as súas achegas de cara a este ano”. Pode ser ou pode non ser. Paréceme increíble que se poida dicir nun informe que pode ser ou non que se nos reduzan os patrocinios e que aínda así se pidan cartos. “É por isto que a día de hoxe existe un déficit orzamentario que non permitiría realizar o programa Are-More 2009. Na bolsa de vinculación existe un dispoñible de cero euros (estamos a mes de xullo) xa que existen distintas reservas de crédito para garantir a programación inminente do departamento de Cultura. A partida “Programa de música, teatro e danza”, está cun saldo negativo de máis de 205.000 euros, polo que a día de hoxe sería inviable poder garantir a realización dun festival de música, Are-More 2009, que o ano pasado contou cun orzamento de 400.000 euros”.

A isto chámase improvisación. Cando se redactou o orzamento é cando se tería que ter en conta esa posible falla de patrocinadores porque, non nos enganemos, a crise económica non xurdiu no día de onte. Semella que os “brotes verdes” comezan manar agora aínda que quizais son bastantes negros. A verdade é que é curioso que agora pidan un suplemento de crédito de 200.000 euros para o programa Are-More. Aínda que o tema de Mobilidade, Transportes e Seguridade sexa un pouco aburrido é o suficientemente importante para que perdamos un pouco de tempo con el. Na partida de buses-transporte urbano lémbrolles que entre bono-bus e subvencións de lanzadeiras había 9.000.000 de euros no orzamento; pois agora subimos 2.600.000 euros máis. Outro dato da improvisación deste goberno municipal é o seguinte: “Nas cantidades contempladas na devandita partida nos últimos anos prodúcese un desfase debido ó incremento da utilización das distintas modalidades dos bono-bus. Se ben contemplaba o custo do importe dos bonos no presente ano, ó imputárselle servizos correspondentes ós últimos meses do pasado ano previsiblemente resultará insuficiente, considerando que é necesaria a suplementación da mesma”. Como que previsiblemente? Ou é insuficiente ou non o é; ou é que imos poñer cartos arreo, aprobar neste Pleno modificacións ás que nós votamos que non por responsabilidade política? Imos ver se é previsible pero, e se logo non o é? É unha total e absoluta falla

de xestión, unha improvisación e unha mala planificación por parte dos distintos departamentos.

A PRESIDENCIA: Vaia rematando, Sr. Concelleiro.

SR. CONDE GIL: Eu pediríalle, Sr. Alcalde, un pouco de flexibilidade porque o tema ten a suficiente importancia.

A PRESIDENCIA: Seremos flexibles. Sen dúbida que o tempo é importante, pero xa dobrou o tempo e pídlle que tente rematar.

SR. CONDE GIL: En canto a obras, logo da rolda de prensa que din o venres, saíu o Sr. Alcalde dicindo que o máis importante era o investimento que se realizaba en obras, etc. O investimento para obras é de 7.739.220,02 euros e, onde están os outros 13.000.000? É aproximadamente un terzo da modificación.

Cousas que sabían de sobra que estaban mal e que poderían ter incluído no orzamento para o 2009 que entrou en vigor o 1 de xaneiro, a 27 de xullo dinos que as hai que incluír. Que casualidade, este é o único goberno municipal que quere contar con dous orzamentos. Falamos do departamento de Participación Cidadá e Emprego porque tamén é para nota e temos que para o acondicionamento de local municipal na rúa Ecuador hai 51.000 euros. Quero lembrar que dende que vostedes entraron no goberno, enfrontáronse á Federación Veciñal e desaloxárona do local da rúa Ecuador apuntalándoo, tiveron máis que tempo do incluír no orzamento do 2008 ou no do 2009 e non o fixeron porque improvisan, porque vostedes se lembran dos problemas dos cidadáns cando lles peta. Inclúen agora 51.000 euros non se sabe moi ben por que, porque o problema estaba xa aí antes.

Tamén este goberno “do pleno emprego”, o goberno que máis paro trouxo a esta cidade, quere destinar sen saber exactamente para que 200.000 euros para contratación de fomento do emprego, porque en ningún caso o pon.

En Deportes tamén hai cousas curiosas e improvisación. “Por outra banda a previsión actualizada despois de avaliar a incidencia da crise económica no sector deportivo, sitúanos na necesidade de poder atender no ámbito das subvencións os eventos deportivos que este ano atopan unha grande dificultade na captación de patrocinios”. Eu non sei se a crise xurdiu antonte ou o día que iniciaron este expediente, en concreto este informe é do 6 de xullo de 2009 e debeu ser ese día

porque malia o que dicían os medios de comunicación, semella que o ano pasado non había crise. É curioso que piden suplementos de crédito para recoñecementos extraxudiciais de crédito para proxectos que se fan con cargo ó Fondo Estatal de Investimento Local, Fondo que prohibía precisamente que se executasen proxectos que estivesen incluídos nos orzamentos. Haberá que ver agora se estas inclusións no orzamento a través desta modificación que, como teñen a maioría simple no Pleno, novamente co voto de calidade do Alcalde sacarana adiante e haberá que ver se isto se adapta á legalidade.

Falando da Concellería de Comercio temos 122.860,90 “Viajes Santiago. CIF A-15107535”, é dicir, factura dunha empresa da provincia da Coruña, radicada en Santiago e de data 16 de outubro de 2008 polo que se puido incluír no orzamento pero non foi así porque isto é unha cacicada política, unha chapuza e é un contrato dado a dedo pola banda da Tenencia de Alcaldía.

Hai tantos temas que un se perde pero o apoio ó comercio se ve aí, Sr. Domínguez Olveira. Vostede apoia ó comercio de Vigo indo a Santiago para contratar, en Vigo non temos axencias de viaxe con empregados de Vigo, que pagan os seus impostos en Vigo; as axencias de aquí non teñen a suficiente garantía para vostede porque vai Santiago contratar. De todos os xeitos pediremos o detalle desta factura por veren exactamente de que se trata porque se foi para “Organización de actividades de promoción turística, gastos de promoción turística. Invitación a participar no XXV Aniversario do Torneo Internacional de Hockey. Año 2008”, canta xente trouxeron vostedes para gastar máis de vinte millóns de pesetas en viaxes? Isto é increíble pola cantidade de persoas que poderían atender vostedes con estes cartos nos programas de Benestar. Aínda lembro o que dixo neste Pleno a daquela compañeira, Sra. Molares, cando se tratou o orzamento. Invitounos a destinar maiores partidas a Benestar social para que o noso grupo apoiara o orzamento e ademais no seu día fixemos alegacións. Nós si que presentamos alternativas, claro que vostedes, como están enrocados na súa grandilocuencia e no seu endiosamento, non atenden á “pobre oposición”, que somos algúns máis que vostedes e fan o que lles dá a gana.

Pero na Tenencia de Alcaldía hai máis cousas. En “Reunións e Conferencias” gastaron 18.000 euros en dúas ceas. En “Publicidade e Plan de Comunicación” de Tenencia de Alcaldía figuran unhas facturas de publicidade de case 35.000 euros e non esquezamos de que aquí, tal e como aconteceu na anterior Xunta de Galicia, estamos diante de dous gobernos, un dirixido polo Sr. Alcalde e outro en posición de alfombra, semella que antes dirixido polo Sr. Domínguez Olveira e agora convertido

en cero á esquerda.

O tema de Recursos Humanos é tamén moi curioso. O outro día sucedeu un feito cunha Sentenza no Pleno da Mancomunidade e xa dicíamos que no Concello de Vigo sucedería o mesmo e aquí o temos. “Así mesmo no ano 2009 dita partida (refírese a indemnizacións por sentenzas xudiciais) dispón a data 25 de maio dun saldo non comprometido de 12.148,95 euros a todas luces insuficiente para facer fronte a ditas execucións que se deben tramitar de forma inmediata toda vez que, efectuados os cálculos que contemplan indemnizacións, salarios e tramitacións que inclúen IRPF, Seguridade Social e gasto xudicial, estímase necesario un total de 412.533,77. Non obstante existen procedementos pendentes de solicitude de execución polos demandantes ou que se atopan en recurso de suplicación, estimándose que unha vez que sexan firmes o importe ascendería aproximadamente a máis de 391.000 euros, o que fai necesario incrementar a partida nun saldo que suporía un total de 804.226,18 euros”.

Para gastos xudiciais nesta modificación van case 1.700.000 euros porque a esas cantidades que sinalo hai que engadir unha indemnización a cargo do Concello pola mala xestión urbanística do Goberno Socialista, por todos aqueles problemas da Sentenza de Paulino Pampillón, de 686.000 euros. Lamentable. Esperamos as sentenzas que nos veñan logo cando comecen a caer as resolucións xudiciais sobre o Plan Xeral que se aprobou no seu día neste Concello.

No tema do que falei de Paulino Pampillón hai algo curioso; é un tema digno de estudo a conexión que existe entre os departamentos municipais, a gran comunicación que existe entre vostedes porque a Concelleira-Delegada de Economía e Facenda, Sra. Díaz, sinalaba o seguinte: “Tamén é necesario precisar que o fallo notificouse a esta Concellería de Economía e Facenda o 13 de marzo de 2009, sendo a notificación da Sentenza de data 14 de xullo de 2008”. Ou sexa, dende a Asesoría Xurídica tardou case un ano en chegar á Concellería de Economía, pero o señor reclamante, que está no seu dereito do facer porque ten unha sentenza estimatoria, xa comunicou no mes de setembro do pasado ano a existencia desta reclamación e así figura no expediente. Pregúntome pois por que non incluíron no orzamento do ano 2009 esta partida? Que urxencia ten isto agora? Non urxía no ano 2008 cando se aprobou o orzamento? Inventárono, xurdiu agora? Ou é que como non existe comunicación no goberno municipal as cousas agóchanse nos caixóns?

Podería seguir, aínda que vou ir cortando porque senón en calquera momento me van chamar á orde.

A PRESIDENCIA: Si, por favor, porque leva falando máis de media hora e o seu tempo na segunda intervención era de cinco minutos.

SR. CONDE GIL: O do departamento de Animación Sociocultural tamén é para nota. “Santiago Domínguez asegura que as festas do verán son o sinal de identidade da cidade. Imos consolidar mellorando a oferta malia ter que reducir os orzamentos no momento de crise no que nos atopamos”. Xa se ve o que se reducen porque queren subir 350.000 euros.

Falaba tamén antes da Feira Mundial de Pesca. Non sabía o Sr. Domínguez Olveira cando se elaborou o orzamento o ano pasado que ía haber este ano a Feira Mundial de Pesca e gracias a Deus que se realice algo tan positivo para a cidade de Vigo. Presupostáronse só 90.000 euros, agora case o multiplicamos por catro, con 330.000 euros máis. Se iso non é improvisación que veña Deus e o vexa.

En resume, cremos que se o goberno municipal tivese unha pouca de responsabilidade retiraría este expediente, meditaríao, falaría cos técnicos, neste caso coa Intervención que para iso está, e axustaría o expediente á legalidade porque non o está. Non dilapidaría, nin dedicaría 550 millóns de euros a celebracións, asistencias técnicas (que lembremos que son dadas por vostedes a dedo) e a publicidade. De meditareen no seu día decatáranse de que moitas destas partidas non son urxentes e así o sinala o Interventor no seu informe, de que non hai equilibrio nin racionalidade no documento, increméntanse as partidas para publicidade, sinálase que o que se incrementa é para obras e é unha mentira.

Por certo, esta fin de semana causoume certa risa ler nos medios de comunicación: “Caballero inaugura a primeira obra de España do Plan E malia non o ser”. Non sei en que quedamos.

En canto ó comercio xa vimos a grande unión que hai entre o horizontal Tenente de Alcalde e o Alcalde e cando se pensa en dar unha serie de subvencións: “Caballero rexeita baixar taxas ó comercio polas obras...”

A PRESIDENCIA: Sr. Concelleiro, ten exactamente dous minutos para rematar.

SR. CONDE GIL: Si, xa sei que non lle gusta o que está escoitando pero está nos medios de comunicación.

A PRESIDENCIA: Encántanos e por iso lle permitín trinta e cinco minutos de intervención en troques de cinco, polo tanto tome nota, Sr. Concelleiro, de que lle quedan dous minutos.

SR. CONDE GIL: O Sr. López Font ten a “desfachatez política”, permítanme a expresión, de dicir que non sabemos ler ou que estamos insultando a intelixencia dos cidadáns. Coido que os que non saben ler e os que están insultando a intelixencia dos cidadáns son vostedes que están traendo novamente a este Pleno unha chapuza, unha improvisación, unha mala xestión e o único que saben dicir é que van facer moitas obras. Xa veremos porque só as presupostan, a ver se non pasa como cos veciños de Teis ós que tamén lles ían recibir e solucionarlles o problema co seu ministro amigo, Sr. Blanco, e non o fixeron. A ver se é verdade que fan as obras.

Están autenticamente obsesionados coa Deputación. Non deben ter vostedes deputados en Pontevedra, aínda que a min aquí sóanme polo menos dous, un do seu grupo e outro do Bloque Nacionalista Galego. Presenten as cousas alí, por que teñen que traer sempre a este Pleno eses problemas da cidade?

Remato dicindo sinxelamente que van vostedes malgastar 3.300 millóns de pesetas, que o informe de Intervención é devastador, que debían ter vostedes un pouco de dignidade política e retiralo, pero o que máis lle preocupa é o mesmo que ó Sr. Domínguez Olveira, ter 500 millóns de pesetas máis para os engadir a todos aqueles gastos de publicidade que se sinalaban nos orzamentos da cidade.

A PRESIDENCIA: Sr. López Font, para pechar o debate e dado que a intervención do Sr. Conde foi de trinta e cinco minutos, á súa, que tiña que ser de tres, podemoslle aplicar a mesma proporcionalidade, iso significa que a podería multiplicar por seis pero eu lle vou agradecer que por favor tente resumir o máis posible.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Conde, ten unha frase que me fai moita gracia. “Todo isto é para nota”. Maxino eu que nos dá unha nota de sobresaliente porque como non di a nota coa que nos cualifica, seguro que esta é de sobresaliente.

A verdade é que diante da dispersión da súa intervención resulta un pouco difícil contestarlle.

En primeiro lugar pídlle encarecida e cariñosamente que deixe de insultar porque só se desprestixia vostede. Cando fala de ditadura, de goberno ditatorial, iso só o cre vostede porque este é un goberno democrático como o que vostedes poderían

formar. Cando tenta insultar ó Tenente de Alcalde ou ó Voceiro do Partido Socialista só se está insultando a vostede mesmo, só está incumprindo a máis elemental das normas que aquí debemos gardar. Por parte dos catorce concelleiros da miña banda aínda non houbo ningún insulto cara ós concelleiros do Partido Popular. Esta é unha parte importante, Sr. Conde Gil.

Co ánimo de resumir dígolle que este goberno respecta o informe dos técnicos. Falou de que o informe de Intervención é demoledor, pero será demoledor para as súas argumentacións porque ten que recoñecer que do informe de Intervención dedúcese que esta modificación orzamentaria se pode facer, que é legal, pero como vostede non ten sentido da medida ousa dicir que esta modificación orzamentaria non é legal. Demóstrao. Se calquera cousa desta modificación non fose legal este goberno non a presentaría.

Non somos como o anterior Concelleiro de Urbanismo quen diante dos informes dos técnicos de que non se podía facer determinada cousa seguiu adiante e agora hai sentenzas en contra por esa determinación que tomou. Non se confunda porque nós somos un goberno dentro da legalidade. O goberno do Partido Popular daquela, con algúns dos concelleiros que están con vostede, non.

Nós admitimos e tomamos en consideración todos e cada un dos informes dos técnicos, pero tamén coa mesma contundencia dígolle que unha vez realizados eses informes cumprimos coa legalidade e dentro do que é a acción de goberno aplicamos o criterio de oportunidade política. Máis aló, a necesidade política que ten esta cidade no ámbito de actuación do goberno. Polo tanto creo que cando se remite e amplamente lé aquí determinados informes, debería ler tamén como remata o informe de Intervención que é dicindo como se tramita e aproba este expediente. Teña a seguridade, e voume referir ó plural, que calquera cargo administrativo deste Concello, se tivese dúbidas de seguridade sobre a legalidade, manifestaríao e o goberno respectaríao. Esta é outra parte importante.

Dixo que eu caio na “desfachatez política” porque insulto a intelixencia dos veciños. Pero é que eu relacioneille vinte e oito actuacións que se van facer en parroquias e vostede literalmente despacha isto dicindo que son sete millóns e, onde están os trece restantes? Os trece restantes están aquí. Isto, Sr. Conde, é o máximo de transparencia que se pode facer neste Concello. Se a Sra. Porro daquela tivera o dez por cento de transparencia que ten este goberno sería outra cousa. A Sra. Porro fixo unha modificación en maio de 2006 con actuacións como as que propón este goberno. É que o proposto pola Sra. Porro estaba ben e o que di este goberno está

mal? É este o xeito de medir de vostedes?

Falando de modificacións orzamentarias, nós si que fixemos unha modificación orzamentaria no 2007, dixémolo por activa e por pasiva. A verdade é que lle recoñezo unha gran valentía de seren capaz aínda de discutir sobre as contas da Sra. Porro cando nós no mes de xullo de 2007, cando nin sequera levabamos un mes de goberno, tivemos que facer unha modificación tamén con cargo a remanente líquido de Tesourería por nove millóns, na que se incluía todo o que vostedes non pagaran e xa o dixen algunha vez: alumeado de Nadal de 2005, 2006 e do 2007 entre outras cousas e tamén o resto das rúas porque vostedes si que non pagaron ós empresarios. A verdade é que vaia papel, Sr. Conde, que lle encargaron hoxe de defender a postura contraria á modificación.

O goberno non ten ningunha improvisación, fixo un orzamento para o ano 2009 que respondía á data na que se elaborou: outubro-novembro do ano pasado e dende aquela sucederon moitas cousas das que vostedes non se queren decatar. A fórmula da modificación orzamentaria é a axeitada para cubrir iso. Dáme o mesmo que fale de cultura ou de deportes, o seu grupo e vostede terían que estar a favor de todo o que propoñemos.

Como di que temos obsesión coa Deputación provincial? Non temos ningunha obsesión, o que si temos é un grave incumprimento da Deputación con esta cidade porque en primeiro lugar non lle dá a este goberno o que lle corresponde e en segundo lugar o que lle deu á Sra. Porro. Son vostedes, cun Vicepresidente aí sentado, que xa só queda un porque antes había dous, quen deberían denunciar esta situación. Son vostedes quen cando a Deputación non aporta a esta cidade quen deberían levantar a voz. Vostede di que temos obsesión coa Deputación cando alí si hai suplementos de crédito, eu só tento dicir politicamente que o que vostede critica aquí non se sostén na Deputación, estamos falando de adquisición de maquetas. Que nos di a nós de inconcreción, Sr. Conde? Non nos pode dicir absolutamente ren.

Concellería por concellería, todos os gastos están suficientemente xustificadas. Sorpréndome de que vostedes a nivel de debate político sigan co tema da dilapidación, da publicidade e das celebracións porque, a vostede e ó Partido Popular parécelles mal a organización do “Desafío Atlántico” que vai nesta modificación? O festival aéreo? A organización do “Día de Galicia”, acto que prestixia a esta cidade e ó que tanto vostede coma eu asistimos? Parécelles mal todo isto? É inconcibible o que di.

Apuntábame o Tenente de Alcalde que a algo do que vostede critica, coido que foi

unha comida, asistiu o Sr. Núñez Feijóo, estaba entre os catrocentos que asistiron e ademais claro que habería representantes do Partido Socialista, como non ían estar? Como non imos prestixiar esta cidade? Como nesta cidade cando ven o Mundial de Hockey sobre patíns, que está en todos os xornais deportivos e internacionais, non se van facer determinados actos que a prestixien? Fixérono vostedes e débese facer e mesmo eu estou orgulloso de asistir ós actos da Universiada e a todos os que se fagan. Coido polo tanto que só esa crítica puntual que vostede fai desprestixia claramente a súa proposta.

Faime gracia que aluden ás informacións de prensa como se fose un texto sagrado, como se fose a Biblia, mencionan un titular dun xornal e só o que máis lles interesa: El País, 13.11.08, "Presuposto de costas á crise económica". Pero só fai falla saír á rúa para veren que o orzamento desta cidade está investido na cidade máis aló dos compromisos que temos en bens e en persoal. Non fai falla dicilo, só hai que saír a calquera das rúas para o comprobar. Eu non sei onde ve vostede a dilapidación, Sr. Conde, porque non a hai porque en primeiro lugar só se dilapida cando non se controla o gasto e este goberno si o fai, só se dilapida cando non se sabe en que se gasta e esta modificación orzamentaria, fronte outras que fai o seu partido na Deputación provincial de Pontevedra, é un exemplo de transparencia.

Nós temos deputados na Deputación de Pontevedra que poden facer as propostas que queiran, pero vostedes teñen unha maioría absoluta que utilizan contra a cidade de Vigo. A diferenza é que vostede, o Sr. Figueroa e outros representantes do Partido Popular lanzan unha serie de cuestións, din que xa debateremos, que algún día falaremos... Aínda estou agardando por facturas, por cousas de Finca do Conde, por aquela factura que tiñamos nun caixón; estou agardando por moitas cousas pero vostedes ó final non acaban de debater e o que deberían facer é actuar onde teñen posibilidades como é a Deputación.

Está dito absolutamente todo e este goberno, coa boa xestión económica do exercizo de 2008, pódese permitir a utilización dun remanente de vinte millóns de euros para actuar en emprego diante da crise, en benestar social e en comercio, tamén en actuacións de rúas e de lugares que dean a cada unha das zonas desta cidade o prestixio que se merecen.

Non traemos aquí unha modificación para recoñecementos extraxudiciais de crédito, non hai ningún. Os únicos recoñecementos extraxudiciais de crédito que tivo que facer este goberno son de facturas do goberno anterior e xa lle dicía ó principio que esa é a diferenza entre o seu goberno e o noso.

Polo tanto con esta modificación orzamentaria queremos que a cidadanía saiba perfectamente que, ata onde podemos economicamente, utilizamos o orzamento municipal para atallar a crise e axudar ós cidadáns. Coido polo tanto que este é o complemento ideal do orzamento que aprobamos porque é unha fórmula legal e de oportunidade política.

Remato dicindo que lamento que vostedes vexan próximo o 31 de decembro de 2009, semella que van lamentar que a cidade sexa outra. Eu paseaba onte pola rúa Eugenio Kraft e non parece a mesma de antes. Dá o mesmo que teña que iren cara Povisa ou que vaia ó rural, é totalmente igual. Sei que cando vostedes saen á rúa isto moléstalles moito.

Polo tanto esta é unha modificación legal, moi importante e que saiban os cidadáns que axustada á estabilidade presupostaria. Esta modificación presupostaria só significa o compromiso do goberno coa cidade, dá o mesmo que falemos dos que necesitan axuda de Benestar Social, do comercio ou rúas nas que xamais ningún goberno actúa. Iso é o que está facendo este goberno aínda que sei que a vostedes lles molesta moito.

Sr. Conde, eu non dixen que vostedes gañaran as eleccións, entendeu mal, o resultado das eleccións foi o que foi pero, decátese dunha vez por todas, este goberno é tan lexítimo como o do Sr. Núñez Feijóo, ten a maioría absoluta coma el e ten un programa político público que coñecen todos os cidadáns. Polo tanto esta modificación é o complemento ideal, veranse os resultados e chegaremos a esa data, gloriosa para a cidade, do 31 de decembro de 2009, cunha cidade moi cambiada gracias a este goberno.

(Esta ausente a concelleira Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de

novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 75/2009 por un importe de 20.200.000,00 euros, có desglose e aplicacións que figuran na Resolución da Alcaldía-Presidencia do 9 de xullo de 2009 e que se reproduce, así como as memorias motivadoras da tramitación do expediente.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, as partida que son obxecto das aplicacións de recursos son as seguintes:

Concepto	Denominación partida	partida/proxecto	Modificac.	Importe
Facturación atrasada	Facturas atrasadas	11102260101	Sup.Cred.	200.000,00
Feira Mundial de Pesca	Feira Mundial de Pesca	1110.2270612	Sup.Cred.	330.000,00
Publicidade e promoción	Public. e Plan promoción	1112.2260200	Sup.Cred.	94.811,07
Día do Estatuto	Reunións e Conferencias	1112.2260600	Sup.Cred.	18.188,93
Distintos traballos técnicos	Distintos traballos tccos.	1112.2270600	Sup.Cred.	137.000,00
Convenios e programas T.A	Convenios e pr. Ten.Alcal.	1112.2270602	Sup.Cred.	415.417,23
Indem. Sentencias persoal	Indem. Sent. persoal	1210.1410000	Sup.Cred.	850.000,00
Dispoñibilidade Policía Local	Produtividade	1210.1500000	Sup.Cred.	200.000,00
Gastos xudiciais	Gastos xudiciais	1210.2260300	Sup.Cred.	136.172,80
Sentencia Paulino Pampillón	Indem. a cargo Concello	1210.2260900	Sup.Cred.	685.788,24
Seguro Resp. Civil 2002	Seguro Resp. Civil 2002	1210.2240000	Sup.Cred.	156.000,00
Revisión prezos grúa	Rev.prez.contrat. grúa	2220.2270601	Sup.Cred.	243.178,59
Contratación de trab. sociais	Persoal laboral eventual	3130.1310000	Sup.Cred.	75.000,00
Repara. E mantemento UBAS	Repara. E mantemento UBAS	3130.2120000	Sup.Cred.	50.000,00
Estudios e traballos técnicos	Estudios e traballos técnicos	3130.2270600	Sup.Cred.	90.000,00
Servizo de Axuda no Fogar	Servizo Axuda no Fogar	3130.2270601	Sup.Cred.	450.000,00
Axudas a familias	Axudas a familias	3130.4800000	Sup.Cred.	50.000,00
Becas libros e comedor	Becas libros e comedor	3130.4810000	Sup.Cred.	40.000,00
Melloras en fogares	Melloras en fogares	3130.7800000	Sup.Cred.	10.000,00
Fomento de emprego	Fomento de emprego	3220.1410000	Sup.Cred.	200.000,00
Fact. Folga xardíns xullo/07	Mantemento xardíns	4326.2270601	Sup.Cred.	342.869,80
Festival Are More	Prog.Musica, teatro, danza	4510.2260803	Sup.Cred.	200.000,00
Festas de Vigo	Festas de Vigo	4512.2260805	Sup.Cred.	350.000,00
Campaña efectos negativos botellón	Publicidade	4520.2260201	Sup.Cred.	20.000,00
Estudos e traballos técnicos	Estudos e traballos tcos.	4520.2270605	Sup.Cred.	70.000,00
Locais de ensaio	Locais de ensaio	4520.2270610	Sup.Cred.	20.000,00
Subv. a asociacións xuvenís	Subv. asociacións xuvenís	4520.4890000	Sup.Cred.	25.000,00

Mobiliario Ciber	Adq. Mobiliario ciber	4520.6250000/09452002	Sup.Cred.	3.000,00
Adqu. Equipos inform. ciber	Adq. Equip. Inf. ciber	4520.6260000/09452003	Sup.Cred.	2.000,00
Mant. Instalacións deport.	Mant. Inst. deportivas	4521.2120001	Sup.Cred.	30.000,00
Org. Actividades deportivas	Org. Actividades deport.	4521.2260800	Sup.Cred.	61.398,62
Redac. Proxectos FEIL	Redac. prox.inst. Deport.	4521.2270601	Sup.Cred.	214.236,07
Subvencións eventos deportivos	Subvencións eventos deportivos	4521.4890001	Sup.Cred.	149.000,00
Progr. Desenv. actividades	Progr. Desenv. Activid.	4631.2270601	Sup.Cred.	6.000,00
Subvención entidades e sindicatos	Subvención entidades e sindicatos	4631.4890000	Sup.Cred.	13.000,00
Subministros	Subministros	4632.2210900	Sup.Cred.	15.000,00
Impartición de cursos	Impartición de cursos	4632.2260600	Sup.Cred.	30.000,00
Plan de igualdade	Plan de igualdade	4632.2270606	Sup.Cred.	85.000,00
Pl.Municipal contra violencia Xénero	Plan contra viol. Xénero	4632.2270608	Sup.Cred.	25.000,00
Camp.dinamización lingtca.	Camp.din.lingüística	4633.2260201	Sup.Cred.	25.000,00
Prestación de servizos	Prestación de servizos	4633.2270603	Sup.Cred.	20.000,00
Redacción de proxectos	Redacción de proxectos	5110.2270600	Sup.Cred.	100.000,00
Factur. out/nov/dcbro 2008	Bono bus	5130.4790000	Sup.Cred.	2.200.000,00
Factur. out/nov/dcbro 2008	Lanzadeiras	5130.4700000	Sup.Cred.	400.000,00
Prog. dinamización comercio	Prog. Dinami. comercio	6220.2270601	Sup.Cred.	138.000,00
Progr. Promoción comercio	Prog. Prom. do comercio	6220.2270604	Sup.Cred.	50.000,00
Mat.grf.e promoción turística	Mat.grf.e prom. turística	7510.2260200	Sup.Cred.	55.000,00
Prom. Feira Mundial Pesca	Prom. Feira Mund. Pesca	7510.2260201	Sup.Cred.	40.000,00
Patrocinios publicitarios	Prom. turismo de Vigo	7510.2260202	Sup.Cred.	209.880,00
Org. Loxística de Feiras	Org. Loxistica de Feiras	7510.2270600	Sup.Cred.	140.000,00
Estudos e traballos técnicos	Estudos e traballos tcos.	7510.2270602	Sup.Cred.	99.186,10
Liquid.prox.telecont. sanem.	Liqu. Automat.telecontrol	4410.6010008/05441004	Cr.Extraord	119.776,10
Liq. Sanem. Zamáns	Liq. Saneam. Zamáns	4410.6010009/05441003	Cr.Extraord	300.306,23
Liq. Obra piscina Valladares	Liq.Obra pisc. Valladares	4521.6220001/05452109	Cr.Extraord	89.816,14
Investi.mell.insta.deportivas	Investi.mell.insta.dep.	4521.6320004/09452109	Cr.Extraord	25.000,00
Rep./mant.Buque Alfageme	Rep./mant. Alfageme	4531.2190000	Cr.Extraord	149.073,00
Acond. Local R. Ecuador	Acond. Local R/Ecuador	4631.6320003/09463104	Cr.Extraord	51.000,00
Arranxo pav. Praza de Beade	Arranxo pav. Pr. Beade	4631.7800003/09463115	Cr.Extraord	64.000,00
Adq. Libros biblot. Alecrín	Adq. Libros biblot. Alecrín	4632.2200101	Cr.Extraord	30.000,00
Adq. Mobiliario at. Vict. violencia	Ad. Mobiliario at. Vict. violencia	4632.6250000/09463200	Cr.Extraord	31.000,00
Adq. equipos at. Vict. violencia	Ad. equip.infor. at. Vict. violencia	4632.6260001/09463201	Cr.Extraord	9.000,00
Mod.R/ Esperanto XGL 22/12/08	Modfic. Nº 1 R.Esperanto	5110.6110011/08511008	Cr.Extraord	50.674,33

Liquid. Camiño Freixo	Liq. Camiño Freixo	5110.6110040/06511040	Cr.Extraord	80.471,00
2ª Anualidade ent.M. Bouzas	2ªAnualid.e ent.M.Bouzas	5110.6110016/08511010	Cr.Extraord.	240.574,63
Rúa Castaña de Alcabre	Rúa Castaña de Alcabre	5110.6110020/09511020	Cr.Extraord	200.122,00
Camiño da Cruz Bembrive	Cño. da Cruz Bembrive	5110.6110021/09511021	Cr.Extraord	367.500,00
Avda. Santa Marina 3ª Fase	Av. Santa Marina 3ª Fase	5110.6110022/09511022	Cr.Extraord	424.840,00
R.Mestre Alfredo Gonz.Cabral	M. Alfredo Gnz. Cabral	5110.6110023/09511023	Cr.Extraord	134.160,00
R. San Cristobo, Candeán	R. San Cristobo, Candeán	5110.6110024/09511024	Cr.Extraord	275.000,00
Subida a Madroa, Candeán	Sub.Madroa,Candeán 1ªF	5110.6110025/09511025	Cr.Extraord	375.000,00
R. Costa, Castrelos	R. Costa, Castrelos	5110.6110026/09511026	Cr.Extraord	205.000,00
R. Espedrigada, Castrelos	R. Espedrigada, Castrelos	5110.6110027/09511027	Cr.Extraordi	280.000,00
Rúa Cañiza, Comesaña	Rúa Cañiza, Comesaña	5110.6110028/09511028	Cr.Extraord	206.830,00
Camiño Sanín, Comesaña	Camiño Sanín, Comesaña	5110.6110029/09511029	Cr.Extraord	310.000,00
Camiño Muiños, Comesaña	Cño Muiños, Comesaña	5110.6110030/09511030	Cr.Extraord	170.000,00
Estrada Fragoselo, Coruxo	Est.Fragoselo, Coruxo	5110.6110031/09511031	Cr.Extraord	350.000,00
Baixada a Igrexa, Freixeiro	Baix. a Igrexa, Freixeiro	5110.6110032/09511032	Cr.Extraord	166.803,39
R. Subride, Lavadores	R. Subride, Lavadores	5110.6110033/09511033	Cr.Extraord	46.986,55
Manuel de Cominges, Matamá	Manuel de Cominges , Matamá	5110.6110034/09511034	Cr.Extraord	866.695,18
Avda. San Paio, Navia	Avda. San Paio, Navia	5110.6110035/09511035	Cr.Extraord	465.000,00
R. Cesáreo Vázquez, Oia	R. Cesáreo Vázquez, Oia	5110.6110036/09511036	Cr.Extraord	889.914,89
Casal de Abaixo, Sampaio	Casal Abaixo, Sampaio	5110.6110037/09511037	Cr.Extraord	247.009,00
Casal de Arriba, Sampaio	Casal de Arriba, Sampaio	5110.6110042/09511042	Cr.Extraord	193.759,00
Baixada a Laxe, Sárdoma	Baixada a Laxe, Sárdoma	5110.6110043/09511043	Cr.Extraord	270.000,00
R. Xílgaro, Calvario	R. Xílgaro, Calvario	5110.6110044/09511044	Cr.Extraord	290.000,00
Estrada Igrexa, Valadares	Estrada Igrexa, Valadares	5110.6110045/09511045	Cr.Extraord	404.600,00
Pr. contorno Igrexa, Zamáns	Pr.cont, Igrexa, Zamáns	5110.6110046/09511046	Cr.Extraord	150.000,00
Estr. Marcosende, Zamáns	Est Marcosende, Zamáns	5110.6110047/09511047	Cr.Extraord	100.000,00
Cº Curros-Capitán, Lavadores	Cº Curros-Capitán, Lavadores	5110.6110048/09511048	Cr.Extraord	350.000,00
2ª Anualidade T. Pino	2ª Anualidade T. Pino	4410.6110000/08441000	Cr.Extraord.	80.024,00
Liq. Sant. Navia e Fontáns	Liq. Sant. Navia/Fontáns	4410.6010000/06441000	Cr.Extraord.	78.112,40
Material Graf. e de prom.	Mat.gr. e de promoción	6220.2260200	Cr.Extraord.	50.000,00
Subv. pequeno comercio	Subv. pequeno comercio	6220.4700000	Cr.Extraord.	600.000,00
Sub. consumo no peq.com.	Sub.cons. peq.comercio	6220.4890000	Cr.Extraord.	600.000,00
Renovac. estética rúas comerciais	Renovac. estética rúas comerciasi	6220.6010000/096220022009	Cr.Extraord.	50.000,00
25Aniv.Torneo I Hockey 2008	Org. Activ de prom. Tur.	7510.2260800	Cr.Extraord.	122.860,90
Gastos Bus turístico pendtes	Bus turístico	7510.2270605	Cr.Extraord.	52.714,71
Derrama extr.gast.fin. póliza	Derrama ex.gast.póliz ADR	9110.4630005	Cr.Extraord.	16.249,10
Total Suplemento de Crédito				9.570.127,45

Total Crédito Extraordinario			10.629.872,55
Total Aplicacións da modificación orzamentaria			20.200.000,00
Financ. por minoración en partida para financiar a partida 1210.1500000	2222.2040000		200.000,00
Remanente de Tesourería GX para financiar o suplemento de crédito	870.01		9.570.127,45
Remanente de Tesourería GX para financiar o crédito extraordinario	870.02		10.629.872,55
Financiamento con Remanente Líquido de Tesourería			20.000.000,00
Total orixe de fondos			20.200.000,00

- Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria por un importe de 20.200.000,00 euros, teñen a súa orixe no remanente líquido de tesourería para gastos xerais dispoñible que se obtivo da liquidación do orzamento do ano 2008 e na minoración da partida 2222.2040000 nos importes que figuran na táboa anterior.

- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

- De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

Segundo.- A Disposición Adicional Sétima das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2009, prevé un límite da partida de produtividade de 0,5 millón de euros, sendo estas modificacións ata chegar á citada contía do órgano que teña a competencia para tramitar as transferencias de crédito, sempre mediante minoracións doutras partidas do estado de gastos do capítulo I dos orzamentos en vigor. No caso de que se quixese aumentar a contía, deberá ser obxecto dun acordo do Pleno do Concello de conformidade co regulamentado no artigo 7 do Real Decreto 861/1986. A modificación que se está a tramitar e que se propuxo a súa aprobación no apartado primeiro, xa eleva este importe a 0,7 millóns de euros, sendo a súa xustificación un incremento nas xornadas de dispoñibilidade da Policía Local, motivadas pola execución das obras na cidade, pola vixilancia que se deriva da

regulación do botellón e polo incremento de actividade que xera a tempada estival. A contía de 0,7 millóns debe ser incrementada ata un límite de 0,9 millóns para facer fronte ó expediente que se tramite a finais de ano para satisfacer as produtividades a aqueles grupos de empregados públicos que a esta data non entraron na valoración e que percibirían o importe da valoración como complemento específico. En consecuencia co anterior, solicítase ó Pleno do Concello un incremento da masa de produtividade de 0,2 millóns de euros, quedando o seu límite para o ano 2009 en 0,9 millóns de euros.

10.- (130).- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE VIAIS. RÚA SENRA R-1.
EXPTE. 17372/240.

ANTECEDENTES.- O xefe da Unidade de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, con data 22 de xuño de 2009 informa do que segue:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, de 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (LEC).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

1.- D. Juan Paz Rodríguez presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 06.02.2008 solicitando a revisión do expediente de referencia ó non estaren de acordo coa resolución da Xunta de Goberno do 26.11.2007. En data 24.11.2008 aporta escrito da propiedade lindeira (Purificación Daponte Vila) no que manifesta o carácter privado do terreo sobre o que se sitúa o poste de alumeado e a condición de servidume do camiño ó que dan as escaleiras de acceso a súa vivenda.

2.- Remitido o expediente para informe por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas cuestións presentadas polo interesado no seus escritos, foron emitidos os seguintes:

- Informe do xefe da Área de Servizos Xerais de data 04.12.2008
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo de data 16.02.2009.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O ramal 1 do Camiño da Senra, obxecto da presente reclamación, figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles-viais, folla cartográfica nº 21-34, con inicio no camiño da Senra e remate en finca particular. De acordo co que resulta da ficha técnica e o informado polos servizos municipais, trátase dun camiño interior de terra de servizo a fincas, sen servizos públicos (agás un báculo de alumeado) e sen que conste nos arquivos da unidade de Vías e Obras actuacións sobre o mesmo.

2.- A teor das alegacións presentadas polo interesado no referente ó punto de alumeado público e os antecedentes do camiño na cartografía e fotografías aéreas dos anos 66, interesouse informe ó respecto dos servizos de electromecánicos e da Xerencia de Urbanismo, informándose, en primeiro lugar, polo Xefe da Área de Servizos Xerais que o 13 de outubro (ano 2008) procedeuse á retirada definitiva do punto de luz situado no camiño Senra á altura do nº 35 por se tratar dunha propiedade privada.

Así mesmo o topógrafo municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo informou o 16.02.2009 que:

- Na cartografía do voo Lecar do ano 1964, folla XII-III, non se aprecia a súa existencia.
- Na folla 16-Q da cartografía actual, aparece reflectido un camiño como servidume.
- Na folla descritiva do catastro o camiño non se integra na parcela
- Por persoal desta dependencia levouse acabo a inspección “in situ” na mencionada parcela; trátase dun camiño de terra e cuxo fin é o de dar servizos a fincas, sen dotación de servizos urbanísticos.
- No voo aéreo de 1966 pasada-9, fotograma núm. 7877 aportado ao expediente pola Delegación de Facenda de Pontevedra-Catastro de Vigo, obsérvase a inexistencia do dito camiño.
- Na actualidade non existe a luminaria de alumeado público e a escaleira existente esta pechada con valla de aramio.
- Na escritura aportada pola propiedade máis a escritura da parcela acaroadada no seu lindeiro leste e o fotograma aéreo do ano 1966, dedúcese que se trata dun camiño de servidume.

3.- O Inventario Municipal de bens e dereitos é un rexistro administrativo que, se ben por si mesmo non proba, crea, nin constitúe dereito ningún a prol da Administración (neste senso o art. 33.4 da LPAP sinala, en relación á Administración Xeral do Estado que, o Inventario non ten a consideración de rexistro público e os datos nel reflectidos non xorden efectos fronte a terceiros nin poden ser empregados

para facer valer dereitos fronte á propia Administración), sen embargo se constitúe unha ferramenta básica de información e na xestión interna do patrimonio das administracións públicas, así como para o exercizo das facultades que o ordenamento xurídico recoñece ás AAPP respecto o seu patrimonio.

A inclusión de bens e dereitos en dito rexistro municipal, tal e como dispón a normativa patrimonial de aplicación, acadarase en función daquela documentación en virtude da cal se atribúa a súa titularidade ao Concello, e conseguintemente referende os datos reflectidos no inventario. Dita documentación debera arquivarse de xeito separado do resto da documentación administrativa e o seu lugar de arquivo constara consignado no propio inventario (art. 30 do RBEL).

Para o correcto cumprimento de ditos fins, requírese dunha constante actualización e revisión dos seus rexistros, adecuándoos á realidade resultante da propia actuación administrativa, de tal xeito que os seus datos sexan reflexo da realidade patrimonial da Administración, prevéndose regulamentariamente unha rectificación anual e a súa comprobación cada vez que aconteza a renovación da Corporación (art.33 RBEL).

4.- Son elementos indiciarios da titularidade municipal dun camiño, entre outros, o feito de ser soporte de servizos públicos, que o mantemento do mesmo corra a cargo do Concello e o seu uso público. A teor dos novos datos sinalados nos informes emitidos, pódese deducir que dito ramal non reúne na realidade a condición dun camiño público senón máis ben dun camiño de servizo a fincas ou dunha seventia.

Neste senso, do informado polos técnicos municipais, reflíctese un camiño de terra carente de elementos ou infraestruturas públicas, do que non se ten constancia nos arquivos do servizo de vías municipais a realización de actuacións nel, ou que a cartografía antiga non o reflicte con dito carácter público, sen que se poda constatar o seu uso público, xa que no tramite de audiencia evacuado á Asociación de veciños da zona e propiedades lindeiras, non se formularon alegacións salvo pola propiedade correspondente a D^a Purificación Daponte quen manifesta tratarse dun camiño de servidume e non dun camiño público.

Conseguintemente preséntase neste caso a necesidade de proceder á rectificación do inventario de viais, actualizando os seus datos e planimetría coa finalidade de axustar dito rexistro á realidade patrimonial do Concello resultante do expediente tramitado e sen que en modo ningún supoña un recoñecemento da propiedade ou titularidade dominical do camiño a prol do reclamante, cuestión esta cuxa resolución compete á xurisdición ordinaria tal e como xa se pronunciou esta administración no acordo da Xunta de Goberno Local desestimatorio da reclamación administrativa previa á vía xurisdicional civil presentada polo interesado.

i

5.- Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

Visto o anterior, o xefe da Unidade de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de xullo de 2009, por maioría, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez de Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Vías, do ramal 1 da rúa Senra.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes ós efectos de resolver eventuais reclamacións.

Terceiro.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

11.- (131).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTADO POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL.

ANTECEDENTES.- Con data 19 de xuño de 2009 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) prestado polo departamento de Benestar Social, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figuran informes emitidos na mesma data de 19 de xuño pola asesora xurídica da Dirección de Ingresos e máis pola Directora de Ingresos sobre a proposta de modificación presentada.

Con data 8 de xullo, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente a devandita proposta de modificación.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 13 de xullo, presta a súa conformidade ó proxecto de modificación.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: Dende o punto de vista da Concellería de Economía e

Facenda dicir sinxelamente que o que presentamos é unha adaptación da norma fiscal do Concello ás normativas estatal e autonómica. Estamos a falar da promoción da autonomía persoal e de atención a persoas en situación de discapacidade. Con esta modificación a carga fiscal para o colectivo das persoas usuarias diminúe respecto da ordenanza fiscal vixente. A achega que se demanda dos usuarios é a mínima establecida na normativa autonómica en relación con esta adaptación á que me refería anteriormente.

Con esta modificación que se propón o número de usuarios que queda en situación de exención amplíase nun 12,25% co que entendemos que certamente, tamén en relación co que debatemos anteriormente, é unha forma de atender a aqueles que nos necesitan. Por daren o dato concreto, a exención anterior atopábase entre 0 e 469,70 euros e agora pasa a 527,24 o que evidentemente redonda nunha mellora para o colectivo con dificultades económicas, tamén en todos os tramos se produce unha baixada na cantidade a achegar.

Estamos diante dunha modificación que redundará en beneficio daquelas persoas que teñen maior necesidade económica e dende logo nun avance imparable da Lei de dependencia do goberno estatal e da súa aplicación no ámbito da cidade de Vigo.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: O que estamos percibindo do goberno municipal é unha redución nos servizos, na mellora do Servizo de Axuda no Fogar.

Si que hai unha melloría nesta redución de taxas con respecto á situación anterior, pero Vigo se caracterizaba por seren un dos concellos con mellor calidade no servizo de axuda no fogar. Hoxe en día reduciuse notablemente o apoio ás persoas usuarias deste servizo, hai queixas constantes tanto do persoal que agora mesmo se está facendo cargo deses usuarios, desas persoas dependentes, como dos propios usuarios. Recortáronse servizos como o de lavandería, manualidades, actividades de lecer e o acompañamento ó médico ou á procura de medicación para estes enfermos, cousa que antes si se ofrecían. Este servizo leva máis de vinte anos no Concello de Vigo e xamais tivo unha carencia tan importante a ese nivel. Estas persoas non só necesitan que as laven, que lles atendan as súas casas, senón un complemento a maiores que antes si se ofrecía e hoxe reduciuse notablemente debido á baixa no orzamento para estas persoas.

Hai un momento o Sr. López Font comentaba que o lema do Partido Socialista era o de que ningunha familia quede sen axuda. Debería preguntarlle á Sra. Méndez como está actualmente a situación das UBAs, o atranco que hai e o atraso na resolución de

expedientes, o que fai que neste Concello os cobros do RISGA e das axudas de emerxencia se leven a cabo en cinco meses cando en dous meses estas persoas tiñan que estar xa percibindo os 395 euros de axuda para comer.

Sorpréndenos que tamén afirme que está orgulloso de ir á celebración da Universiada cando, malia saberen de antemán que as infraestruturas da cidade non eran as axeitadas, presentámonos a esta iniciativa gastando 1.300.000 euros sabendo que non se ía acadar. En troques, presumen que dentro da modificación orzamentaria hai 700.000 euros de incremento na área de Benestar Social, pois de incrementarse ese 1.300.000 euros da Universiada probablemente sería mellor a calidade do Servizo de Axuda no Domicilio e as persoas que o precisan para comer e sobrevivir, para ter as súas necesidades básicas cubertas, estarían atendidas.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Eu non pensaba que tería que intervir porque cando se fan unhas taxas neste Concello precisamente para mellorar a calidade de vida, para que aqueles que menos teñen teñan menos que pagar, cando pasamos mes e pico traballando para que isto suceda, non pensei que o Partido Popular ía protestar precisamente pola mellora desas persoas que tan pouco teñen e estanse mellorando considerablemente respecto á situación anterior.

O Servizo de Axuda ó Domicilio é o buque insignia da Concellería de Benestar Social, e o é, Sra. García, porque precisamente cando eu cheguei á Concellería que estivera dirixida por dúas persoas que están presentes aquí, a Sra. Iglesias e o Sr. López-Chaves, resulta que me atopei con que as persoas que estaban metidas no Servizo de Axuda no Domicilio non pasaban de catrocentas. Nestes momentos estamos orgullosos e orgullosas porque hai seiscentas persoas e iso en dous anos. Vostedes ó longo de vinte anos que leva o Servizo de Axuda a Domicilio neste Concello non medraron máis que ata catrocentas persoas. Esta concelleira e este goberno fixeron que nestes momentos haxa seiscentas persoas e moitas delas con Lei de dependencia. En troques os dous concelleiros do seu grupo que están aí sentados, dáse a casualidade que concretamente o Sr. López-Chaves coido que nunca pisou a Concelleira de Benestar, nin se sentou no sofá, é dicir, daquela non sabía nin sequera as persoas que había, de feito os técnicos sorprendéronse cando eu pedín datos porque os anteriores concelleiros non os pedían. Iso é o que fai o Partido Popular polas persoas que máis o necesitan, Sra. García.

Respecto ó tema do Servizo de Axuda no Fogar si ten vostede razón. Quixeramos atender a moitas persoas máis. Nestes momentos hai 377 persoas pendentas de Lei

de dependencia e este Concello, malia o pedir, non sabe canto lle vai mandar a Xunta de Galicia do goberno Feijóo porque a Sra. López Abella, Secretaria Xeral de Benestar, non foi quen de me recibiren malia que transcorreron cen días de goberno. Non nos recibiu e nin sequera sabemos os cartos que imos recibir da Xunta, por iso temos que acudir a unha modificación de crédito e poñer este Concello 700.000 euros para lle pagar á xente que menos ten, porque vostedes dende a Xunta, malia atacaren ó goberno bipartito, malia atacar os seus logros na Xunta, malia os seus compromisos, malia os compromisos do Presidente Feijóo, non foron quen de mellorar absolutamente nada da Lei de dependencia. Seguen vostede co mesmo número de dependentes que deixou a Xunta do bipartito, iso cen días despois. Onde están os compromisos do Sr. Núñez Feijóo e onde están os do Partido Popular?

Efectivamente non hai queixas do Servizo de Axuda no Fogar. Son tan chanchulleiros, tan hipócritas e tan demagogos que non contan a verdade, menten constantemente.

Ten que saber a prensa que dá a casualidade que a 1 de xuño entra unha nova empresa a facerse cargo do Servizo de Axuda a Domicilio, foi un concurso transparente que gañou quen mellor proposta facía. Ou tiñan vostedes algún interese en que continuase a mesma empresa? Deuse a casualidade que a mesma empresa non continuou porque nin sequera se presentou. Gañou con transparencia unha empresa cun prego de condicións que en ningún concello gobernado nestes momentos polo Partido Popular ten as condicións que nós temos. O Servizo de Axuda a Domicilio segue nas mellores condicións.

Pasa que evidente o primeiro mes que unha empresa colle un servizo hai unhas pequenas disfuncións. Non se preocupe porque as persoas que nestes momentos están recibindo o SAF xa o fan con lavandería. Nestes momentos hai dezasete persoas que están utilizando o servizo de lavandería. Van ter as súas actividades a partir de setembro, as mesmas actividades que estaban realizando; a Festa dos Maiores do SAF que sempre se celebrou en xuño e este ano era imposible porque acababa de entrar a empresa, vaise celebrar en setembro. Por certo, están vostedes convidados e tamén lles poden preguntar ás 600 persoas usuarias da Axuda a Domicilio, se están ou non contentas coas 120.000 horas que estamos dando contra as 70.000 que daban vostedes.

Efectivamente hai atranco nas UBAs. Si, teñen vostedes razón, pero isto é porque atendemos a todo o mundo, porque fomos quen de poñer en marcha unha Lei de dependencia, porque damos catro ou cinco servizos máis que vostedes non daban: bono-taxis e polo tanto hai listas; xantar na casa que vostedes tampouco daban e

polo tanto hai listas; avellentamento activo, que non foron quen de montar nos anos que levaron de goberno por todas as parroquias como o fixemos nós. Pero malia que temos listas, incrementamos en once persoas en dous anos o persoal de Benestar Social.

Vostedes ó final do seu goberno montaron unha oposición que a tivemos que resolver nós e non foron quen de incrementar o persoal, pero iso é porque non entenden os servizos sociais como o cuarto pilar do benestar, porque non os entenden como algo universal, senón como algo que se lles presta ós pobres. Así é como entenden vostedes os servizos sociais. A Concelleira que lles fala e este goberno entenden os servizos sociais como algo universal. Así vai seguir sendo aínda que lles pese.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Un servizo de calidade era o que había. Hai uns meses tiveramos unha reunión a Sra. Iglesias, a Sra. Molares e máis eu con usuarios e con persoal que dende hai quince anos estaban traballando con estas persoas e comentábanos o que actualmente está a pasar: que se reduciron os servizos, que a día de hoxe non se está a producir esa calidade que había antes e que anteriormente xamais tiveran ningún problema con este servizo. Por iso probablemente as reunións coa Sra. Iglesias ou co Sr. López-Chaves non se tiñan que producir con esa asiduidade, porque a tranquilidade era máxima.

Non inventamos nada, pero os usuarios do Servizo de Atención a Domicilio quéixanse dunha redución dos servizos. Iso está na prensa: “Sindicatos pide que se aumente a partida para o Servizo de Axuda a Domicilio. O Sindicato CIG indícanos que está por debaixo da cantidade mínima para garantir unha asistencia de calidade”. Esa asistencia para todos da que vostede fala é tan básica e elemental que todo o que sexa calidade de vida con respecto ós servizos sociais é nula. Pero non só iso. Por que aumentou o número de usuarios? Vostede saberá que é porque o envellecemento da poboación incrementou considerablemente. A poboación en Galicia está envellecendo con moita rapidez. Dalgún xeito este servizo se solicita en base ó número de usuarios, a uns parámetros de dependencia, de idade e de desvantaxe física ou social.

Fálanos da dependencia e eu creo que en cen días que leva o Sr. Núñez Feijóo gobernando na Xunta de Galicia fixo moito máis que vostedes nos últimos catro anos que gobernaron. Pero non só iso, senón que o programa “Xantar na Casa”, como xa lle dixemos en máis dunha ocasión, non se tería que levar a cabo se a Lei de dependencia a realizaran tal e como afirmaron porque dicían que todas as persoas

estarían cobrando e terían as prestacións.

O avellentamento activo, do que tanto presume, xa se estaba levando a cabo en todas as parroquias e eu persoalmente traballei nun deses programas cando estaba gobernando o Partido Popular neste Concello. Mesmo sei persoalmente que este programa se estaba levando a cabo en numerosas parroquias e barrios da nosa cidade.

Non fixo nada que non estivera xa feito.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Ás veces un ten que sorrir para deixar un pouco ese mal humor escoitando tanta mentira e calumnia.

En absoluto se reduciron os servizos. Vostede estase a referir a un titular da prensa do mes de xuño, o mesmo mes que collía a nova empresa os servizos. Polo tanto, como esta empresa carecía destes servizos tívoos que contratar a outra empresa e poñelos en marcha. Son vostedes uns auténticos hipócritas e mentireiros.

Mire se se aumento o Servizo de Axuda a Domicilio que nun ano (que non en dous) pasamos de 1.200.000 euros que tiñan vostedes a 1.600.000 euros. A Xunta do bipartito nestas mesmas datas xa nos remitira os datos das cantidades das que disporíamos do Plan Concertado e para seguir metendo ás persoas no Servizo de Axuda a Domicilio nos deran xa un adianto mínimo, non económico, pero si que nos dicían a cantidade de cartos previstos para nos dar. A estas alturas sempre tiñamos o adianto que nos ían facer. Agora non temos absolutamente nada. De non iren esta modificación de crédito non podemos seguir dando o Servizo de Axuda a Domicilio ás persoas da Lei de dependencia e iso témolo paralizado nestes momentos porque a Xunta de Galicia non foi quen de nos mandar o adianto que nos teñen que facer. A realidade é que non mandaron absolutamente nada.

Non sabemos do que imos dispoñer e temos que ir unha modificación de crédito porque este Concello vai pagar a diferenza entre o que nos paga a Xunta de Galicia que son 12 euros, ata os 13,40 que é o que nos custa a nós o Servizo de Axuda a Domicilio. Iso teno que poñer este Concello. Pero ademais todas esas horas que van recibir as persoas dependentes, que pasan de 20 a 70 horas semanais, como a súa Xunta, a Xunta do Sr. Feijóo, non foi quen de nos mandar o que nos vai adiantar temos que ir unha modificación de crédito.

Iso é o que lles importan a vostedes os maiores. Xa vexo eu, Sra. García, que non lle gusta o programa de "Xantar na Casa", farán como con case todos os logros sociais do bipartito, collerán o que fixo Vicepresidencia e farán o mesmo que coas

galescolas: eliminalas. Atrévase a mirar ás cámaras e diga que van eliminar o programa de “Xantar na Casa”, diga que van eliminar todas aquelas cousas que fixo ben o bipartito e que vostedes non foron quen do facer.

Iso é o que vostedes pensan nas persoas maiores, é o que pensan da calidade de vida; esa é a súa hipocrisía.

(Está ausente a concelleira Sra. Díaz Vázquez de Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) no Concello de Vigo.

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

Constituirá o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) concedida de acordo co previsto no regulamento do servizo.

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos, obrigados ao pagamento destas taxas quen se beneficien da prestación do SAF prestado polo Concello de Vigo en función da súa capacidade económica. No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Agás o disposto no artigo 4 seguinte e normas con rango legal ou tratados internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nestas taxas.

ARTIGO 4.- COTAS

Tomando como referencia do custo do servizo o importe de 13,32 €/hora, a contía a pagar polas persoas usuarias virá determinada pola súa capacidade económica segundo se establece nos apartados seguintes do presente artigo.

1.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias:

a) Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

b) A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

c) A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

d) No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

e) A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

f) Para o cómputo da renda teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

g) As entidades locais titulares do servizo establecerán os mecanismos de revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

2.- Os criterios de participación no financiamento do custo do SAF por parte dos suxeitos pasivos serán os seguintes:

a) Para usuarios/as da modalidade "A" (persoas e/ou familias, que sen ter recoñecida valoración de dependencia ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, a súa situación persoal e/ou familiar se encadre nun marco de problemáticas concretas previstas na ordenanza reguladora do servizo).

Cando se teñan en conta razóns sociais ou/e de interese público, e sempre por proposta do/a técnico/a responsable do SAF do departamento de Benestar Social, accederán en réxime de gratuidade e de forma excepcional, aqueles usuarios/as cuxa prestación do SAF fose concedida como unha medida control necesaria nos casos nos que se advirtan situacións de alto risco para os membros máis vulnerables da unidade familiar (casos do programa de intervención e tratamento familiar).

A cota tributaria por esta taxa determinarase multiplicando o número de horas de prestación do servizo pola tarifa/hora que corresponda segundo a seguinte escala que reflicte tramos de capacidade económica da persoa usuaria conforme ao regulado no artigo 18 da Orde da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar. Os importes da "capacidade económica da persoa usuaria" que figuran en cada tramo veñen establecidos no citado artigo 18 con referencia ao IPREM (Indicador de rendas de efectos múltiples).

"c. económica p. usuaria	tarifa/hora
0 a 527,24 €	cero €

527,24 €	a	790,86 €	1,332 €
790,87 €	a	1.318,10 €	1,998 €
1.318,11 €	a	1.581,72 €	2,664 €
1.581,73 €	a	1.845,34 €	4,662 €
1.845,35 €	a	2.108,96 €	5,994 €
2.108,97 €	a	2.372,58 €	7,326 €
máis de		2.372,58 €	8,658 €

A contía da taxa que o usuario abona polo servizo modificarase anualmente de acordo ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) interanual establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo desta taxa, o servizo non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente, consonte o disposto no artigo 6.3 desta ordenanza.

b) Para usuarios/as da modalidade "B" persoas que teñan a resolución de recoñecemento da situación de dependencia, co correspondente grao e nivel, ó abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, e que teñen a resolución do Programa Individual de Atención (en adiante PIA) onde se determine o servizo de axuda no fogar.

A contía da taxa que deberán aboar os beneficiarios que teñan dereito á prestación deste servizo polo Concello de Vigo, como consecuencia da aprobación dun programa individual de atención (PIA) establecido no marco do procedemento de recoñecemento dunha situación de dependencia, consonte ao previsto na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia, virá establecida en dito programa individual de atención, segundo o disposto no artigo 8.2 da Orde de 17 de decembro de 2007, de Vicepresidencia de Igualdade e de Benestar da Xunta de Galicia.

No suposto de non figurar na resolución do PIA, a determinación da achega do beneficiario ao custo do servizo, virá dada pola aplicación do establecido no apartado a) deste artigo.

ARTIGO 5. DEVENGO, PERÍODO IMPOSITIVO E INGRESO.

1.- As taxas reguladas na presente Ordenanza Fiscal devengarase no momento no que se inicie a prestación do SAF.

2.- O período impositivo será mensual.

3.- O pagamento das taxas realizarase a mes vencido por domiciliación bancaria que autorizará o/a solicitante do mesmo, por escrito, no momento da sinatura do contrato. A falta de pagamento de dúas cotas mensuais consecutivas, determinará a interrupción do servizo.

4.- (Suprímese).

ARTIGO 6.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza será de aplicación a ordenanza

Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 7.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- O Concello procederá a aprobar a liquidación que corresponda, conforme ao disposto no artigo 4 e 5 desta ordenanza a efectos de determinar o importe mensual.

2.- Procederá o rateo da cota correspondente ao mes de inicio en función dos días que resten ata o último do mes, pasándose ao cobro xunto coa liquidación da primeira mensuralidade seguinte. Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende o mesmo día en que se presente a solicitude de baixa ou no que esta sexa declarada de oficio.

No suposto de suspensión temporal do servizo, a comunicación desta deberase facer con sete días naturais anteriores ao día da suspensión e excepcionalmente dous días naturais cando a causa que a orixine non sexa previsible (hospitalización, emerxencia, etc.)

3.- (Suprímese).

DISPOSICIÓNS FINAIS

1ª.- No non previsto nesta ordenanza fiscal será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª.- Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido."

12.- (132).- DAR CONTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS EXPERIMENTAIS E INNOVADORES EN MATERIA DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O PROXECTO "SIMMA". EXPTE. 3978/224.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 26 de xuño de 2009, adoptou o seguinte acordo:

“7.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA O PROXECTO “SIMMA. ABORDAXE E TRATAMENTO INTEGRAL DO SÍNDROME DA MULLER MALTRATADA”. EXPTE. 3978/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 18.06.09, conformado pola concelleira delegada de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Resolución do 5 de xuño de 2009 da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se convocan axudas e subvencións dirixidas a entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas experimentais e innovadores en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, para o proxecto “SIMMA. Abordaxe e tratamento integral do síndrome da muller maltratada”, por un importe de 20.000,00 €, contía máxima establecida na convocatoria.

2º.- Dar conta da presente solicitude de subvención ao Pleno da Corporación Municipal.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 27 de xullo, tomou coñecemento do anterior acordo.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia doméstica.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Temos nove mocións. Nestes momentos son as 12,11 minutos e dada a velocidade normal de tramitación das mocións significa que nos quedan entre catro ou cinco horas de Pleno. Imos continuar ininterrompidamente ata que rematemos todas as mocións. Digo isto a efectos da presentación de cada unha das mocións das señoras e señores concelleiros. Aínda así, de seguir a tramitación normal que por suposto se seguirá, remataremos o Pleno entre as catro ou as cinco da tarde.

Significa que recorrendo a estes mecanismos estatísticos probablemente este é o Concello de España que ten os Plenos de maior duración.

13.- (133).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO. DOC. 90103653.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do 10 de xullo, número 90103653, a voceira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“As nais e os pais do alumnado levan décadas loitando por unha mesma causa: que os libros de texto escolares sexan gratuítos para as familias con fillos e fillas matriculados en colexios públicos e concertados. Se como di a Constitución española no seu artigo 27.4 o "ensino básico é obrigatorio e gratuíto", os manuais de texto que o alumnado necesita para seguir o curso tamén deberían selo. Tal e como está configurado o sistema educativo, o libro é aínda un elemento imprescindible que as familias están obrigadas a adquirir cada comezo de curso. En realidade, ao esixir este esforzo económico non se cumpre co precepto constitucional, nin se garante a igualdade de oportunidades de todos e todas á educación.

Por Orde do 6 de xuño de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 12 de xuño), convocouse o programa de gratuidade de libros de texto nos centros de ensino sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos, e establececéronse as súas normas de organización e funcionamento como un servizo fundamental á sociedade por parte dos poderes públicos, como servizo de préstamos que favorece a igualdade de oportunidades entre o alumnado e inculca valores de solidariedade, conservación do material para a súa reutilización por outras persoas e coidado do ben colectivo.

No curso 2009-2010 dase un paso atrás, cunha obsesión da actual Consellaría de Educación de desmantelar os logros conseguidos en etapas anteriores argumentando que non adoptara aínda medidas concretas sobre o programa impulsado polo goberno anterior con presenza do BNG.

Rexeitamos que unha das primeiras medidas que pon en marcha o goberno do PP sexa a de apoiar os recortes sociais. Dende o BNG queremos lembrar que a día de hoxe hai en Galicia 82.000 familias agardando que a Consellaría de Educación defina a súa política en materia educativa, porque aínda non saben que vai pasar cos libros de texto no vindeiro curso académico e que vai pasar co programa de gratuidade dos libros de texto.

Consideramos inaceptábel a supresión da gratuidade universal dos libros de texto, anunciada polo conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, na sesión do Consello Escolar de Galicia do 18 de xuño, admitidas tamén polo presidente da Xunta de Galicia. Esta proposta de recorte, xunto con outras que a Consellaría de Educación está levando adiante nestes primeiros meses do seu mandato, supón unha medida regresiva que atenta ao carácter público e gratuíto do ensino e evidencia unha vez máis a política negligente que este goberno está a levar a cabo.

Esta medida non pode ser a resposta do Goberno aos problemas económicos na actual situación, tal e como argumentou o conselleiro. De feito, nun contexto económico precario, o Goberno debe manter a gratuidade dos libros de texto para favorecer a economía das familias e non usar a crise como pretexto para artellar

discrecionalmente calquera tipo de política, mesmo aquelas que supoñen un ataque frontal ás garantías fundamentais polas que o Goberno debe velar. Esta política supón un paso atrás no plano educativo e social.

A tres meses da toma de posesión non sabe que política educativa vai empregar, finalizando o curso cun total desconcerto e desconfianza por parte das familias.

É curiosa a maneira de entender a responsabilidade deste novo goberno que, por unha banda, realiza unha absurda enquisa ás nais e aos pais sobre a lingua na que queren os contidos dos libros de texto e, pola outra, toma despoticamente a decisión de eliminar a gratuidade dos mesmos.

Finalmente, debemos recordar que o sistema creado polo anterior goberno da Xunta de Galicia introducía a solidariedade de compartir os libros e que existen 82.000 familias agardando unha decisión.

Por todo isto, o BNG proponlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a garantir a gratuidade dos libros de texto e do material curricular no vindeiro curso académico.”

A comisión informativa Xestión Municipal, en sesión do 22 de xullo de 2009, tomou coñecemento do anterior.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Traemos esta moción a Pleno porque coidamos que entre todas as medidas que puxo en marcha o novo goberno da Xunta de Galicia esta é unha das máis prexudiciais para os pais e os nenos galegos e galegas e, como tal, tamén para o Concello de Vigo.

A Constitución Española, no seu artigo 27.4, recoñece que o ensino básico é obrigatorio e gratuíto. Temos que dicir tamén que tal e como está configurado o sistema educativo no que os libros son elementos imprescindibles, loxicamente estes tamén deberían seren gratuítos garantindo así a igualdade de oportunidades de todos e todas na educación.

De feito esta igualdade de oportunidades foi a que se pretendía conseguir coa posta en marcha por parte do goberno bipartito do programa de gratuidade de libros de texto para os niveis obrigatorios, tanto nos colexios públicos como nos concertados. Este era un servizo fundamental para a sociedade e sempre se considerou así polos poderes públicos.

Por outra banda, como este era un servizo de préstamo, cremos que favorecía a igualdade de oportunidades e inculcaba valores de solidariedade ós alumnos porque coidaban dun ben colectivo e ó mesmo tempo fomentábanse valores pedagóxicos e

ecolóxicos entre o alumnado. Desta medida beneficiáronse 82.000 familias e 123.000 escolares. As axudas custaban anualmente 13 millóns de euros ás arcas da Consellería de Educación, pero no curso 2009-2010, tras da chegada do goberno do Sr. Feijóo á Xunta, dáse un paso atrás pola actual Consellería de Educación e desmantelan os logros dos anteriores gobernos da Xunta. Fíxense que falo de anteriores e non do anterior porque xa estas medidas se iniciaran polo goberno do Sr. Fraga. O que se quere é facer recortes sociais.

Con esta medida que agora se pon en marcha por parte da Consellería de Educación o 75% dos pais non recibirán axudas para libros, só o 25% das familias beneficiaranse e fíxense de que familias falo: só se beneficiarán da gratuidade total as familias que teñen 5.400 euros por membro da unidade familiar e ano. Isto quere dicir que só se beneficiarán aquelas familias que están por debaixo do albor da pobreza porque, como todos e todas saben, o INE coida que están por debaixo do albor de pobreza rendas de 6.203 euros por persoa. É dicir, vostedes están excluindo dun servizo tan elemental como é o da gratuidade dos libros ás persoas que quedarían aínda dentro dese albor de pobreza. No que respecta ó Concello de Vigo, exactamente 20.000 escolares que previamente recibiron axuda, quedarían sen ela. Cremos que isto se debe reconsiderar por parte do Partido Popular porque nun contexto económico precario como o que temos actualmente a gratuidade dos libros de texto vai favorecer ás economías familiares, polo tanto esa gratuidade tamén sería unha medida social.

Propoñemos ó Pleno da Corporación instar á Xunta de Galicia a garantir a gratuidade dos libros de texto e do material curricular no vindeiro curso académico.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Non está agora o Sr. López-Font que antes fixo referencias ás diferencias co goberno do Sr. Núñez Feijóo, pero este cando saca iniciativas no Parlamento non é polo voto de calidade. Aquí vemos ultimamente que se sacan moitas votacións polo voto de calidade que é un procedemento regulado, pero non se pode negar que se produce un empate e ten que ser o voto de calidade do Presidente o que decida. No Parlamento isto non sucedería porque non existe ese voto de calidade. Hai unha diferenza importante porque non é o mesmo o apoio que teñen as iniciativas no goberno de Núñez Feijóo que neste goberno municipal onde continuamente se sacan as iniciativas por votos de calidade.

Tamén quero facer referencia ó que dixo o Sr. López Font sobre que non escoitou nunca un insulto dos membros do goberno á oposición. Farei un apuntamento porque

a lista sería moi longa: chanchulleiros, hipócritas e demagóxicos. Ó mellor iso son flores, loanzas á oposición pero cremos que non e que é unha mostra de como este goberno municipal se dedica a atacar á oposición cando debería centrarse preferentemente na xestión municipal. Iso fíxoo tamén o anterior goberno da Xunta e pasou o que pasou.

Aquí estamos falando agora por iniciativa do BNG sobre os programas de gratuidade dos libros. É curioso que o Bloque ten a vantaxe e o privilexio de que as mocións que presenta as pode tramitar todas; curiosamente no Partido Popular atopámonos con que ó mellor non imos poder examinar ata o mes de novembro ou decembro algunhas mocións que presentamos e polo tanto vemos esas limitacións que se impoñen sen cobertura legal porque, insisto, non existe ningún regulamento orgánico que ampare esa decisión, non é unha decisión deste Pleno do Concello, é unha decisión do Alcalde que é quen aproba a orde do día. Polo tanto vemos que hai un privilexio a favor do Bloque e por iso parabéns por poderen discutir todas as mocións que presentan no Concello de Vigo.

Hai un cambio importante no sistema de gratuidade ó que vostede non se referiu: que os beneficiarios pasan a seren propietarios e antes eran sinxelamente uns prestatarios.

Antes dos libros falouse aquí do tema do servizo público. Non vou entrar aquí no que foi o servizo público, unha creación do dereito francés e así o di León Duguit na súa obra “Transformaciones del Derecho Público”, pero si quero facer referencia ó que supón o servizo público sobre todo na xestión dos servizos públicos por parte dalgúns gobernos e do servizo público sanitario que afecta de xeito inmediato á saúde e á vida das persoas.

Saben vostedes moi ben e así sucedeu co goberno bipartito, que o servizo público sanitario por parte da Xunta de Galicia de acordo cos orzamentos de 2009 deixou de atenderen a milleiros de persoas porque nos orzamentos da Xunta de Galicia do ano 2009 non existía cobertura de abondo para cubrir a farmacia hospitalaria durante todo o ano 2009. No ano 2008 gastáronse en farmacia hospitalaria 1.107 millóns de euros e o goberno bipartito da Xunta presupostaba 975 millóns, non contemplaba cartos para atender ós gastos de farmacia sanitaria nos hospitais galegos. Iso si que é un ataque ós servizos públicos. A partir do mes de outubro non hai cartos, agás as modificacións que vai facer o actual galego da Xunta de Galicia, para atender á farmacia hospitalaria.

Falou nalgún momento do liberalismo do PP que desregularizou os mercados. O que

Ile pasa ó Bloque é que desregulariza o sector público. Hai unha Orde do mes de decembro de 2007 pola que se dá publicidade a un acordo do Consello da Xunta de Galicia porque se substitúe a función interventora no sistema do SERGAS por un sistema de control financeiro permanente. Do sistema de control a través dun sistema de fiscalización previa, ó sistema de auditoría de procedementos, é dicir, sen control. Dende ese momento se produce nos servizos públicos sanitarios tan fundamentais un desfase de catrocentos millóns de euros. Non hai control, non hai posibilidade de saber en que se gasta.

Un exemplo máis de como xestionan os servizos públicos o Bloque e o PSOE. Existe un Fondo de continxencias no Capítulo IV dos orzamentos do SERGAS que é para necesidades inaprazables de carácter non discrecional para as que non exista unha especial partida orzamentaria. Por exemplo para os problemas que poidan xurdir da gripe A. Pois ese Fondo de continxencias gastárono en pagar salarios e complementos, subas de salarios comprometidas durante as eleccións por valor de 72,3 millóns de euros. O Fondo de continxencias para atender ós servizos públicos sanitarios gastárono en compromisos electorais do Bloque e do PSOE. Esa é a atención ós servizos públicos por parte do Bloque e do PSOE que agora veñen atacando ó Partido Popular.

No tema da gratuidade dos libros hai unha nova modalidade porque se pasa dun sistema de préstamo a un sistema de propiedade. Este ano afectan a 1º e 2º, 5º e 6º de Educación Primaria. Ata agora existía unha axuda para a adquisición por sistema de préstamo de ata 150 euros e agora pásase a 180 euros. O que pasaba antes era que a xente tiña que comprar algún libro máis porque os cartos non cubrían todos os libros. Agora si que se vai cubrir a totalidade dos libros para ingresos de ata 5.400 euros, de 5.400 a 9.000 a axuda é de 104 euros.

Que criterio emprega este goberno municipal en materia de axudas? Ten en conta o criterio da renda? Non o teñen en conta, iso significa que reciben axuda deste goberno municipal persoas de renda moi elevada e quedan excluídas persoas de rendas baixas.

O Concello recibe ingresos mediante taxas e prezos públicos e os redistribúe e, por exemplo, no programa de inmersión lingüística en lingua inglesa non se ten en conta a renda, hai total gratuidade para o beneficiario sen ter en conta a renda e como está tan preocupada, Sra. Méndez, por iso lles pregunto: hai algún alumno ou alumna cuxos proxenitores teñen ingresos superiores de máis de 100.000 euros que recibiran a gratuidade total por estas axudas?

Que están facendo cos fondos públicos? Hai persoas con ingresos que reciben esas cantidades mentres que quedan excluídos alumnos e alumnas cuxos pais están no paro ou son inmigrantes. É esta a xustiza distributiva? Insisto en que hai algúns alumnos ou alumnas cuxos proxenitores teñen ingresos anuais de máis de 100 ou 120.000 euros ó ano... É ese o sistema que propoñen vostedes? Cobrar os impostos, taxas e prezos públicos e a redistribución é dar axudas a persoas que teñen ingresos de máis de 100 ou 120.000 euros ó ano. É certo iso? Os fillos desas persoas con eses ingresos foron a Inglaterra mentres quedaron excluídos fillos de persoa de rendas baixas, mesmo xente cuxos pais están no paro ou fillos de inmigrantes? Esas son as políticas deste goberno.

Pero mesmo vostedes teñen a solución. Acaban de aprobar unha modificación de crédito de máis de vinte millóns de euros; pois utilicen unha parte dese crédito para o que vostedes cualifican agora como un dos recortes sociais máis graves que existen, utilicen parte dese diñeiro para esas funciónes. Acabamos de escoitar que eses cartos son para atender as necesidades dos cidadáns de Vigo e o Sr. López Font dixo: "(...) ata onde poidamos utilizar o orzamento municipal para axudar ós cidadáns, farémolo". Polo tanto lles propoño que utilicen eses fondos públicos para completar esa axuda e para iso propoño unha emenda: Que o Concello de Vigo complete o programa de axudas á compra de libros de texto da Xunta de Galicia para os alumnos e alumnas dos cursos 1º, 2º, 5º e 6º de Primaria e Educación Especial ata cubrir o custo da cantidade total de alumnos e alumnas que acorde a Xunta de Goberno.

Con esta modificación o 65% do alumnado recibiría axuda por seren deste grupo de 1º, 2º, 5º e 6º de Primaria e a contía pode ser en torno a uns 700-800.000 euros, unha vixésimo quinta parte da modificación que acaban de aprobar.

Pero hai máis, actualmente a Xunta aboa 200.000 euros que antes o Concello tiña en gastos de calefacción, de gasóleo e coido que de limpeza dun colexio. Son 200.000 euros que quedan liberados e polo tanto xa non serían só eses 700-800.000 euros, serían 600.000 euros, é dicir, unha trixésima terceira parte da modificación orzamentaria que acaban de aprobar agora. É menos do que van gastar en publicidade. Se supón un ataque tan grave ós servizos sociais, se o van pagar os máis prexudicados, se se vai facer un recorte dos servizos sociais, aproben esta emenda e que o Concello complete esa cantidade, sinxelamente sería dedicar un de cada trinta e tres euros que vostedes inclúen nesta modificación ou reforma.

Vostedes gastaron 1.300.000 euros na candidatura da Universiada do ano 2013, isto

é a metade desa cantidade. Propoñemos polo tanto que aproben a nosa iniciativa. Insisto en que un de cada trinta e tres euros que van gastar nesta modificación orzamentaria o adiquen a esta finalidade. Se é certo que pensan o que din sobre o ataque ós servizos sociais, aproben esta emenda. Pero se din o que non pensan non a admitan. Se é certo o da gravidade, aproben a miña emenda e adiquen esa trixésimo terceira parte da modificación orzamentaria, de acordo coa finalidade que dicía o Sr. López Font de atender ás necesidades dos cidadáns vigueses. Aquí ten unha necesidade, Sr. López Font, se é certo o da gravidade da que falan vostedes aproben esta emenda porque é o instrumento que vostedes teñen para evitaren esa situación, de seren certo que pensan o que din.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Os socialistas defendemos a implantación na sociedade dos dereitos cidadáns universais e non particulares. Ó igual que defendemos un modelo de sanidade pública de calidade, universal e gratuíto para todos, tamén defendemos un sistema educativo público de calidade universal e gratuíto.

Atendendo á súa proposta sobre o criterio de renda en canto ás bolsas de inglés, direille pola parte que me toca que a selección do alumnado non está no criterio de renda, senón no de calidade nos estudos. Non é unha cobertura necesaria viaxar a Inglaterra, é algo que deben facer os alumnos e alumnas que se esmeran nos estudos e por iso así o merecen, independentemente dos cartos que os seus pais poidan ter. Non é ese o criterio que seguimos, creo que algunha vez hai que considerar o esforzo, o premio para a xente que traballa, para a que procura ter unhas notas importantes e non sinxelamente ter en conta a cuestión da renda. Non é unha necesidade a cubrir viaxaren a Inglaterra e polo tanto o criterio foi diferente.

Por outra banda consideramos que o mandato anterior tivo en conta un dereito cidadán e non un sistema educativo onde se depende da bonhomía do político do momento. É un dereito cidadán que corresponde a todas as persoas e nada ten que ver con outros exemplos. A sanidade, a educación e o sistema de pensións son, xunto coa Lei de dependencia, os piares máis importantes que temos que defender os socialistas e ademais todo o mundo debería facelo. No Estado do benestar os dereitos son da cidadanía e non dos gobernos, non é posible iren cara atrás nos dereitos adquiridos, nin sequera cando hai propostas tan orixinais como baixar as pensións porque o poden resistir. As pensións non o poden resistir, é terrible que aínda por riba se propoña baixalas un ou dous puntos.

En tan só catro anos os socialistas de Galicia acadamos implantar en todos os centros

sostidos con fondos públicos o que iniciaran vostedes na lexislatura anterior, é dicir, o Sr. Fraga iniciou este proceso e nós en catro anos acadamos levalo a todos os niveis do ensino educativo obrigatorio.

Parécenos que con esta decisión o Partido Popular dá un paso atrás. Se son trece millóns, tendo en conta os catrocentos e non sei cantos millóns que se dan para outros recursos, coido que non era tanto para lle adicar ó ensino, á educación que tanto precisa da axuda dos gobernos. Á hora de falar todo o mundo fala de educación pero poucos gobernos a teñen en conta.

O Partido Popular ademais anunciou esta medida cando os centros xa estaban baleiros e o curso escolar rematado para tentaren así que non se manifestara a comunidade educativa, nin a sociedade en xeral. Non se incluíu a pregunta sobre os libros non gratuítos, por exemplo, na enquisa que vostedes enviaron a todos os centros coa orde obrigatoria de dar resposta e recollida e facendo responsable ó profesorado, sobre todo ós directores dos centros, de levalas ás correspondentes delegacións de Educación. Coido que aí poderían ter preguntado vostedes se a cidadanía está de acordo ou ve positiva esta decisión. Ademais tampouco consideraron nin pouco nin moito as propostas que se lles fixeron no Parlamento.

O Partido Popular propónse subvencionar a menos do 30% do alumnado, a xente que non ten practicamente para subsistir. Ademais só prevé o 48% cunha axuda de 104 euros, algúns máis, por parte da oferta que lle fixo o goberno central, para aquelas persoas que cobran entre 5.400 e 9.000 euros, é dicir, a gratuidade dos libros só pasa seren para o 22% do alumnado.

Eu non sei se vostedes consideran que é posible axustar os dereitos a un sinxelo euro máis ou menos de diferenza, se pasamos dos 5.400 nun euro xa non hai dereito. Coido que as circunstancias individuais son as que se deben ter en conta e esas non se igualan con cantidades económicas.

Esta redución de dereitos tórnase máis evidente nunha época de crise económica que afecta ás familias que teñen que mercar os libros de texto dos seus fillos e fillas. Eu polo menos teño coñecemento de familias que a súa renda o ano pasado era unha e este ano é moi diferente e por teren que xustificar a renda non van ter acceso á gratuidade dos libros.

Coido que a Consellería de Educación e a Xunta de Galicia están para resolveren estes problemas, non pode ser a cargo dos concellos todo o que se ten que facer en Educación. Hai moitas cousas das que se fan cargo cada concello que non lle correspondería facer, cousas que nalgún momento lles contarei.

Antes falaba vostede, Sr. López-Chaves, de calefacción, pois eses 200.000 euros de calefacción non chegan a nada porque quedan moitas calefaccións de gas natural e eléctricas que aínda paga este Concello e das que, por suposto, tería que se facer cargo a Consellería de Educación. Polo tanto eses 200.000 euros quedan moi pequenos a carón do moito que temos que pagar polos outros tipos de calefacción.

Para remataren e non alongar demasiado este Pleno, en base a que a educación constitúe un dereito básico e universal para toda a cidadanía, instamos á Xunta de Galicia a continuar co modelo de gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio impulsado polo goberno anterior, na procura dun sistema educativo universal, de calidade e gratuíto para todos e todas.

De todos os xeitos non deixaremos de presentar todas as necesidades que lle corresponde cubrir á Consellería de Educación, á Xunta de Galicia e que está tratando resolver este Concello malia que non lle corresponde facelo.

A PRESIDENCIA: Sra. Méndez, a súa intervención previsiblemente será a última porque o goberno non vai facer réplica.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Só falar duns cantos datos que coido que é importante que se coñezan.

Galicia convértese na comunidade con menos axudas a familias por detrás de Madrid. Creo que neste caso están facendo a copia perfecta do goberno de Esperanza Aguirre no goberno do Sr. Núñez Feijóo.

Faime gracia porque nisto da austeridade o sistema que impón o goberno da Xunta é de 3,2 veces máis caro que o implantado polo goberno bipartito; 3,2 máis caro cando o Partido Popular levaba un programa de austeridade. O modelo que implanta o PP, o programa completo ten un custe de 70 millóns de euros fronte os 73 millóns que supoñía o préstamo gratuíto, pero no caso do PP só cobre o 25%, mentres que co caso anterior se cubría o 100% do alumnado. Se ó final do período 2009-2013 se dese cobertura ó 100% dos alumnos, co modelo do Partido Popular teríamos que gastar 196 millóns de euros. Esta é a austeridade do Partido Popular.

Respecto á súa defensa das familias, Sr. López-Chaves, voulle dar exemplos prácticos: Unha familia con catorce pagas de 1.000 euros por proxenitor, cun salario de 14.000 euros brutos ó ano e cun fillo non tería dereito a axudas. Isto é a política do Partido Popular ó respecto dos libros.

Ó Partido Popular gústanlle os grandes titulares e non lle gustan os préstamos. Nós

consideramos que o préstamo é solidario, eles consideran que a propiedade privada, que é a que defende o Partido Popular, é o mellor a respecto dos libros e polo tanto, como dicía antes, non vai fomentar eses criterios de solidariedade, de pedagogía e de ecoloxismo. Precisamente esa propiedade privada, ese sistema neoliberal que tanto defenderon eles foi o que nos levou á creba e a crise que temos agora. Agora ven o Partido Popular dicindo que o de seu son políticas sociais.

En canto a materias de axudas non se confunda, Sr. López-Chaves, eu son Concelleira de Benestar e na nosa Concellería temos este ano 460.000 euros para axudas de libros e comedor e unha das partidas que se vai incrementar precisamente con esta modificación orzamentaria que vostedes votaron en contra, que todo o hai que dicir, é precisamente a partida de comedor e de libros porque a crise abocou a un 30% máis de persoas a pedir axudas para libros e comedor. Un 30% máis de persoas precisan axudas, precisan bolsas de libros e comedores.

Non quero pensar o que nos vai caer para o ano e por iso espero que vostedes aproben os orzamentos do ano que ven porque todas esas persoas ás que vostedes non van dar axudas, virán ó Concello para que llas deamos. Polo tanto, cando incrementemos os orzamentos espero que vostedes os aproben.

Como sempre o noso criterio é a universalidade, a gratuidade e a calidade do ensino. Coma sempre vostedes fan política para os ricos que é o que lles interesa. Agora din que os que están por debaixo do nivel de pobreza, “os pobres”, a eses vostedes quérenlles vender que fan política.

Non me gustan os insultos, nunca me gustaron e non os utilizo pero abocan vostedes a esta marca que é precisamente a que vostedes implantaron neste goberno cando chegaron. Vostedes foron quen comezaron con este tipo de actitudes. Lémbrolles que hai ben pouco na súa intervención o Sr. Conde dixo do Grupo municipal do BNG que eramos “alfombras”. Non sei se iso o debo entender coma un piropo ou como un insulto. Moitas gracias.

Neste intre e fóra de micrófono, o Sr. López-Chaves Castro pide a palabra.

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves, vostede neste caso intervén como grupo e ten unha intervención. Nas mocións intervén o propoñente, responde o goberno e interveñen os grupos. Neste caso polo goberno interveu a concelleira responsable.

Esta é unha moción que propón un grupo que é o Grupo do BNG. Interveu o Grupo do BNG na proposta, interveu o Grupo do Partido Popular, o goberno fixou posición a

través da concelleira responsable, interveu o grupo propoñente, o goberno non contesta e polo tanto pódese votar. Esta é a forma na que estamos procedendo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Unha cuestión de orde. Antes quixen intervir e dixo que o goberno non ía intervir e que interviña antes que o goberno, polo tanto a orde será a moción dos grupos municipais e o goberno. Interveu agora o grupo municipal e seguimos intervindo os grupos, senón nos está censurando. Se é unha nova regra cambiémola segundo vaian as circunstancias, antes eran 10-10, 5-5 e 3 e agora é segundo nos digan. Non me vai deixar falar entón.

A PRESIDENCIA: Non fai máis que falar.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Da moción porque isto é unha cuestión de orde.

A PRESIDENCIA: Á cuestión de orde estou contestándolle. O mecanismo coas mocións é sempre o mesmo: intervén o grupo propoñente, habitualmente o Partido Popular; resposta do Goberno; se ha lugar intervén o grupo restante, unhas veces si e outras non; intervén o grupo propoñente, o goberno e pecha o grupo propoñente. Neste caso interveu a concelleira propoñente do BNG, interveu o grupo do Partido Popular, non hai resposta do goberno por tanto procede a votación.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: As regras cámbianse cando o quere o presidente.

A PRESIDENCIA: Sres. e Sras. Concelleiros, é o presidente quen regula o Pleno seguindo sempre a mesma norma obxectiva. Voullo explicar Sr. López-Chaves porque vostede non sabe a costume que temos aquí establecida porque significaría que a partir de agora, cando vostedes interviñeran, quen interveña no nome do grupo podería tamén replicar. Non é o que estamos a facer. Intervirían vostedes, respondería o goberno, interviría o grupo restante, intervirían vostedes, o goberno, o grupo restante e pecharían vostedes. Isto non o estamos a facer, nunca o fixemos, remítome ás actas e voulle dicir á secretaria que para o próximo Pleno elabore un informe de todas as intervencións que houbo ata o de agora e dende que estamos a gobernar, para que se constate o mecanismo que estou a aplicar. Exactamente este. Por certo, é o mecanismo que imos aplicar nas oito mocións que lle corresponden a vostedes.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Cal é o mecanismo?

A PRESIDENCIA: Exactamente o que lle estou a dicir e que non lle vou repetir máis.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Pero dígame as intervencións que imos ter. Ata o de agora a regra era que interviña o grupo propoñente dez minutos, os grupos municipais dez minutos...

A PRESIDENCIA: Non.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Era así, dez, cinco e tres, agás o propoñente que interviña tres veces, os demais grupos podían intervir en dous ocasións. Así o fixen eu noutro Pleno dese xeito.

A PRESIDENCIA: A cuestión de orde está entendida e contestada na súa integridade. Non ten a palabra, Sr. López-Chaves. O Presidente non necesita o apoio de ningún concelleiro para establecer o mecanismo que vimos aplicando xa hai dous anos. Voulle encargar agora á secretaria que elabore este informe para que vexamos como en todas as propostas dos grupos a intervención de grupo é única. Vostedes están a intervir agora como grupo porque non son propoñentes, teñen unha intervención e é o que estamos a facer.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez, do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, así como dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo Municipal do PP Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a

votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:
Aprobar a moción formulada pola voceira municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, relativa á gratuidade dos libros de texto, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Cuestión de orde. Propúxose unha emenda.

A PRESIDENCIA: Baseada en cal artigo do regulamento?

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Pois non sei o artigo pero propuxen unha emenda e pido que se someta a votación.

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves, vostede descoñece o regulamento do funcionamento deste Pleno. Hai unha norma de funcionamento que, por certo, é de todos os Plenos de todos os Parlamentos incluído o Parlamento de Galicia do que vostede ven. As emendas só se someten a votación se son aceptadas polo grupo propoñente, se non quedan rexeitadas exclusivamente polo feito de non ter sido aceptadas a trámite. Votamos a moción e a moción aprobouse polo tanto pasamos ó seguinte punto.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sr. Presidente, no Parlamento toman postura os grupos sobre se admiten ou non as emendas e se non o fan o presidente lles pregunta ós grupos se se confirman na emenda e por último emendas aceptadas tamén se rexeitan algunhas veces. Non houbo posicionamento de ningún dos grupos sobre a emenda e o presidente non requiriu se se tomaba postura ou non. Eu non oín nada sobre a emenda que presentamos e supoño que se non din nada é que a sometemos a votación.

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves, por moito interese que teña vostede en impedir que este Pleno avance non o vai conseguir. A Sra. Méndez pronunciouse de forma manifesta e fixo comentarios políticos sobre a súa emenda. Se vostede non está de acordo prégoille que revise a acta porque fixo unha manifestación política das razóns polas que non ía aceptar esa emenda polo tanto votamos a proposta do Grupo do BNG. Por moito que se empeñe non imos paralizar este Pleno.

14.- (134).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO SE INSTE Ó MINISTERIO DE XUSTIZA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN XULGADO DE 1ª INSTANCIA ESPECIALIZADO EN FAMILIA. DOC. 90091949.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do 19 de xuño, número 90091949, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

Os 2 xulgados de familia existentes na nosa cidade atópanse desbordados ó menos dende o ano 2008.

A crise aumenta os preitos de familia polo non pagamento de pensións e a entrada en vigor da Lei de Dependencia, as demandas de incapacitacións. Feitos que fan precisa a instalación urxente e sen dilacións dun novo Xulgado de primeira instancia especializado en temas de familia na nosa cidade.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que o Pleno da Corporación inste ó Ministerio de Xustiza a que a maior brevidade se poña en funcionamento na nosa cidade unha nova unidade xudicial consistente nun novo Xulgado de primeira instancia especializado en Familia.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xullo de 2009, tomou coñecemento do anterior.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Cuestión de orde. Gustaríame saber como vou ter os meus tempos. Vou intervir eu, vai contestar o goberno e xa pecho eu?

A PRESIDENCIA: Sr. Conde, calculo que vostede debeu intervir neste Pleno facendo propostas unhas vinte ou vintecinco veces con mocións; pois exactamente igual que nesas veces anteriores. Se non se lembra eu llo podo lembrar pero seguro que si se lembra.

SR. CONDE GIL: Como non quere contestar verémolo sobre a marcha e senón formularei a oportuna protesta.

Esta moción viña ó anterior Pleno do mes de xuño e igual perdeu unha pouca de actualidade pero parece que é a tónica que imos seguir de agora en adiante de que

as mocións vaian perdendo actualidade porque as imos acumulando nunha especie de caixón de xastre. Non sei se chegará o famoso 31 de decembro que antes nos anunciou case dun xeito apocalíptico o Sr. Font pero coido que o que acontecerá o 31 de decembro é que cada quen tomará as uvas e quen queira ou poida tomará tamén algún tipo de produto do Nadal. Non vai haber ningún caos apocalíptico nin ningunha conxunción planetaria como dicía a Sra. Leire Pajín no seu día.

O que está claro é que na cidade de Vigo temos na actualidade dous xulgados de familia que se atopan desbordados polo menos dende o ano 2008. Estes xulgados coa entrada en vigor da Lei de dependencia viron incrementado o seu traballo, están por riba dunha media de 1.500 sentenzas/ano cando o Consello Xeral do Poder Xudicial di que o normal son 800, por tanto case duplican esa media aconsellada e ultimamente peor porque a crise está obrigando a numerosas reclamacións polo non pagamento das pensións, a modificación de medidas, demandas e incapacitacións pola Lei de dependencia citada e por iso é urxente que entre en funcionamento este xulgado de familia.

Por outra banda este xulgado estaba previsto que entrase en vigor antes do 31 de decembro do ano 2008 pero o Goberno Socialista daquela na Xunta de Galicia encargouse de que non fose así e de que actualmente non o teñamos.

Por iso instamos a este Pleno a que adopte o acordo de instar á súa vez ó Ministerio de Xustiza para que á maior brevidade se poña en funcionamento na nosa cidade unha nova unidade xudicial consistente nun novo xulgado de primeira instancia especializado en materia de familia.

Durante a intervención do Sr. Conde Gil, sendo as 12 horas e 54 minutos, auséntase do salón de Plenos o Alcalde, Sr. Caballero Álvarez. Asume a Presidencia o Primeiro Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Como ben dicía o Sr. Conde non sei se é urxente este xulgado de familia ou como se dicía ó comezo da súa intervención xa perdeu actualidade.

Como goberno nós entendemos que o xulgado de familia é moi necesario. Vostede fai un relatorio esquemático das necesidades e mesmo fai referencia ás demandas por incapacidade que, aínda que se tratou este tema noutro punto, é un feito moi importante que se poida reclamar perante os tribunais que se aplique esa Lei de dependencia a aquel que considera que non foi ben atendido pola administración. Polo tanto está a recoñecer un feito importante.

O mesmo que se fixo coa oficina do Rexistro Mercantil, fíxose coa incorporación dun xulgado e priorizouse o Xulgado do Mercantil. Vostedes mesmos en varias ocasións propuxeron que se creara ese xulgado na nosa cidade e iso é o que temos enriba da mesa. Déuselle unha prioridade por diante do Xulgado de Familia.

Agora o que estamos a esperar é que o Conselleiro da Presidencia da Xunta de Galicia do Partido Popular, que ademais é veciño da cidade de Pontevedra, lle comunique ó Consello do Poder Xudicial que ese Xulgado do Mercantil veña para a nosa cidade porque iso implicará que se compromete a poñer os medios materiais e humanos para a situación dese xulgado. Unha vez feito iso nós estamos de acordo en reivindicar que tamén manifeste a urxencia dese Xulgado de Familia e que polo tanto tamén se comprometa o Goberno galego do Partido Popular a dotar de medios ese novo Xulgado de Familia para que o poidamos ter no ano 2010.

Estamos de acordo e imos apoiar a súa moción porque entendemos que é importante que na nosa cidade teñamos ese xulgado como tamén é importante que teñamos o Xulgado do Mercantil, non vaia ser que o ministro de novo estea de acordo en ter aquí o Xulgado de Familia e o Conselleiro da Presidencia diga que o quere noutro lugar, na cidade de Pontevedra ou noutro sitio pero non en Vigo que é a disputa que temos agora mesmo co Xulgado do Mercantil.

A PRESIDENCIA: Por seren didácticos teño que dicir que agora lle correspondería intervir a outro grupo. Neste caso o BNG non vai facer uso desa intervención co cal vostede ten outra intervención. Se o Goberno non lle contesta a esa intervención, someterase a votación, exactamente igual que se fixo antes. Se o Goberno lle contesta á súa intervención, vostede pecharía con eses tres minutos. Ten agora cinco minutos para a súa segunda intervención.

SR. CONDE GIL: Sr. Presidente accidental, vemos que aquí se cambian as normas segundo nos vai na feira pero eu vou facer a miña intervención e se me contesta ou non o Goberno é o seu problema.

Teño o "San Bieito" de ter falado aquí da xustiza, como xa dixo o Sr. Presidente accidental que presentei non sei cantas mocións, pois sigo a falar dela porque é un tema que profesionalmente me incumbe, me interesa e me gusta.

Teño que lle corrixiu, Sr. Rodríguez. Cando eu falo das demandas de incapacidade nada teñen que ver coa Lei de dependencia; sinxelamente que cando unha persoa non está capacitada para rexer os seus destinos hai que acudir ó xulgado para que se

declare a incapacidade xudicial, lle sexa nomeado un titor e que polo tanto esa persoa teña amparo legal. Non ten nada que ver coa Lei de dependencia que, por se non o lembra, o Partido Popular apoiou no Congreso dos Deputados.

O que volve facer igual que no Pleno anterior é irse polos “Cerros de Úbeda” aínda que non sei se sabe onde están pero vaia visitalos nas vacacións porque lle encanta estar permanentemente alí. Estamos a falar do Xulgado de Familia e volve vostede falar de algo que non ven na moción, polo menos eu non o vin: Da oficina do Rexistro Mercantil que o ven vostedes como un gran logro pero nós reclamábamos un Rexistro do Mercantil e non unha oficina delegada como vostedes conseguiron. Alégranos que polo menos haxa esa oficina delegada cuxas funcións xa as viña facendo a Cámara de Comercio pero tamén lles lembro que vostedes votaron en contra deste Rexistro Mercantil na cidade de Vigo e iso quedoume gravado a fogo porque foi a primeira intervención que tiveron neste Pleno e en segundo lugar porque non entendía como os dous partidos que sosteñen o goberno desta cidade podían estar en contra de que Vigo gozase de algo que estaba a ser reclamado constantemente polas forzas vivas da sociedade viguesa, empresariais, xudiciais e de todo tipo. Alégrame que recapacitaran e que polo menos puxeran en marcha o sucedáneo que é a oficina dependente de Pontevedra.

O outro tema é que vostede volve falar do Xulgado do Mercantil. Estiven a ler a moción porque, como xa lle dixen fixen varias de xustiza, a ver se me trabucara ó presentar a moción pero non, pono claramente, téño aquí co selo de entrada que, por certo, dada a orde que vostedes e a Presidencia lle quixeron dar, autorízame a poder debatelo no Pleno do mes seguinte ó que foi presentada esta moción.

Fala vostede do Xulgado do mercantil con bastante lixeireza. Unha vez máis adícanse ó intercambio de cromos e o tema non é así, non se pode cambiar un Xulgado de Familia que era necesario, que estaba aprobado e que ía entrar en funcionamento por un Xulgado do Mercantil, polo que loitamos neste Pleno e así o fixemos dende o Partido Popular con todas as mocións que presentamos en defensa do Xulgado do Mercantil porque vostedes non presentaron ningunha, precisamente é para que se cree a maiores esa unidade xudicial. Se agora vostede quere entrar no intercambio de cromos igual coa modificación presupostaria da que falábamos antes tamén podemos cambiar unha partida para non sei que para outra cousa. Iso non é serio.

“O Consello de Ministros do Partido Socialista (que eu saiba o Sr. Caamaño é ministro socialista) exclúe a Vigo do reparto de cen novos xulgados”. Tivemos a nova oportunidade de que Vigo contase con este Xulgado de Familia e non só non conta,

senón que se exclúe. Dánselles a outras cidades como Ferrol, Lugo, Coruña ou Tui novas unidades xudiciais e a Vigo desprézaselle unha vez máis coa conivencia do Alcalde desta cidade e de todos vostedes que pasan todo o día falando do Sr. Feijoo e teñen un goberno supostamente amigo do que non se sabe nada. É máis, a súa voceira en materia de xustiza, dona Beatriz Sestayo, asegura que a posta en marcha de todas estas novas unidades xudiciais é consecuencia do impulso do anterior goberno. Está a recoñecer o propio Partido Socialista que está indo en contra dos intereses de Vigo e vostedes aplauden. É lamentable.

Documéntese Sr. Rodríguez e decátese dunha vez que o Xulgado do Mercantil non depende da Xunta de Galicia, depende dun informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e cando vostede entenda iso non estará tentando intoxicar, botando balóns fóra, dicindo que é a Xunta de Galicia e un conselleiro que naceu na cidade de Pontevedra quen ten que determinar onde vai o Xulgado do Mercantil. É única e exclusivamente o Consello Xeral do Poder Xudicial e alégrame que apoiem o Xulgado de Familia, a ver se é verdade que hai tanta influencia no ministro de Xustiza e por fin, antes de que remate o ano, rectifican o erro de nos deixar de lado como sempre.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Se ben o Sr. Conde hoxe se moderou, aínda que na terceira intervención quizais non se modere tanto, lembrarlle que hai un respecto para o Presidente do Pleno, sexa quen sexa en calquera momento e polo tanto iso de “accidental” coido que lle sobra.

Lembrarlle tamén que este Pleno transmítese en horario infantil e como estamos acostumbrados a escoitalle certas cousas, pedirlle que, xa que falamos de familia aínda que sexa do Xulgado, teña un pouco de respecto a esa audiencia infantil porque seguro que os pais van cambiar de canal cando lle escoiten falar a vostede.

Claro que hai novas dotacións xudiciais en Galicia, gracias ó Partido Socialista e o BNG que compartían goberno na Xunta de Galicia. Cantos trouxeron vostedes nos seus anos de goberno?

En segundo lugar déixese de facer demagogia nestas cuestións. Aquí optouse por primar o Xulgado do Mercantil para este ano. Estamos en tempo de que vostedes soliciten o Xulgado de Familia. A pregunta que lles fago ós señores do Partido Popular é se a Xunta de Galicia vai poñer os medios materiais e humanos para os dous xulgados. Teñen o compromiso do que van facer? Porque se non o que están a facer aquí vostedes son xogos florais porque por moito que vostede incida en que é unha competencia do Consello Xeral do Poder Xudicial, é a Xunta de Galicia, o conselleiro

da Presidencia do Partido Popular quen non quere que o Xulgado do Mercantil veña para Vigo, é quen non manifesta que pon os medios de dotación e persoal en Vigo para que o Consello do Poder Xudicial poida dicir que ven para aquí.

No caso do Xulgado de Familia podémonos atopar con outro tanto do mesmo. Xa lle dixen que nós entendemos que é necesario que veña para aquí, Sr. Conde. Reitérolle se teñen vostedes o compromiso de que o Partido Popular que goberna na Xunta vai poñer os medios para que sexa en Vigo. Esa é a cuestión que van ter que responder. O Ministro manifestou por activa e por pasiva o seu compromiso para que o Xulgado do Mercantil estea aquí e estou por asegurar que manifestará o mesmo cando lle enviemos esta moción respecto do Xulgado de Familia. Pero tamén ten que ter ese compromiso quen goberna hoxe na Xunta que é o Partido Popular, da mesma cor política que vostedes.

En canto á orde das mocións do que vostedes sempre deixan caer algunha perla, decidiuse que fose por Rexistro, se vostede as ve verá os números correlativos do Rexistro tal e como se lle explicou no anterior Pleno. Non é por capricho do Alcalde nin do Goberno senón por rigorosa orde do Rexistro Municipal.

E teño que dicir que aquí non se cambian cromos de ningún tipo. Tiñamos unha reivindicación do Xulgado do Mercantil que esperamos que se cumpra, por parte do Partido Popular que se faga ó conselleiro da Presidencia esa reclamación e tamén é o noso compromiso pular para que o Xulgado de Familia veña tamén para a nosa cidade.

SR. CONDE: Si, Sr. Presidente. Sr. Rodríguez, se hai algún neno que en horario infantil estea oíndo este Pleno o que lle vai recomendar a vostede é que vexa Barrio Sésamo: arriba e abaixo, dentro e fóra porque vostede non se decata absolutamente de nada. Mercantil empeza por "m", familia empeza por "f".

Vostede segue enrocado en falar dun xulgado que non é obxecto de discusión neste Pleno e en seguir botándolle a culpa ó conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia que nada ten que ver con tomar a decisión do xulgado de familia e do xulgado do mercantil. O culpable de que Vigo non teña estes dous xulgados foi o Sr. Méndez Romeu que renunciou ó xulgado de familia para un hipotético xulgado do mercantil. Se alguén deu as costas á xustiza nesta cidade foi o Partido Socialista. O Goberno bipartito do BNG e o Partido Socialista foi nefasto para Vigo.

Se quere logo lle paso unha relación con todas as dotacións xudiciais que o Partido

Popular deu a esta cidade cando gobernaba Madrid, sen ir máis lonxe dúas seccións da Audiencia Provincial, a Quinta e a Sexta e os Xulgados do Contencioso-Administrativo, que teoricamente tiñan que estar en Pontevedra e están en Vigo. Non me diga que o Partido Popular non está comprometido coa xustiza porque si o está.

Todo iso púxoo en marcha o tan deostado para vostedes e admirado para min Sr. Aznar, el tróuxoo para esta cidade. A ver se o Sr. Zapatero tamén é quen do facer. Falen cos seus membros do Consello Xeral do Poder Xudicial que son os únicos que están capacitados neste intre para determinar o xulgado do mercantil e díganlles que o poñan en marcha. Dígolles máis, o Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remitiu unha carta hai dous meses ó Alcalde da cidade para que lle indique se efectivamente ten a certeza de que o xulgado do mercantil vai vir a Vigo, que non debe estar moi seguro porque non dixo nada ó respecto, para ter as previsións e dotar de medios materiais e humanos ese Xulgado.

Que o aprrobe o Ministerio de Xustiza que é a quen lle corresponde a creación dese Xulgado e unha vez aprobado, que saia o Real decreto e que non se agache como estes cen xulgados dos que Vigo sae excluído e que vostedes os socialistas aplauden. Cando teñamos esa certeza estou convencido que a Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza fará os labores necesarios para dotar de medios materiais e humanos o xulgado.

(No momento da votación están ausentes a Alcaldía-presidencia e a Sra. Díaz Vázquez, do Grupo Socialista. Preside a sesión o Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, solicitando se inste ó Ministerio de Xustiza a posta en marcha dun Xulgado de primeira instancia especializado en familia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (135).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO O REXEITAMENTO DO CONCELLO POLA AGRESIÓN SUFRIDA POLA

PRESIDENTA DE GALICIA BILINGÜE. DOC. 90091951.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do 19 de xuño, número 90091951, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Comesaña Abalde, formula a seguinte moción:

“A cidade de Vigo ten sido recentemente testemuña, una vez mais, do ataque e atentado sufrido por Gloria Lago, presidenta da Asociación Galicia Bilingüe. Estes ataques á liberdade de expresión, á liberdade de opinión, á liberdade para pensar e vivir en Vigo, non son máis que a mostra manifesta da persecución que algúns exercen contra esta presidenta e esa Asociación dende hai xa moitos meses.

O Pleno do Concello de Vigo non pode permanecer impasible ante estes ataques e debe manifestar a súa repulsa, o seu rexeitamento a este tipo de actuacións. Non podemos incorrer na “banalización do mal”, debemos amosar o noso mais absoluto rexeitamento a aquelas actuacións que queiran acernar dereitos e liberdades.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno esta moción para que tome o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Vigo:

- 1º.- Condena os ataques sufridos pola Presidenta da Asociación Galicia Bilingüe.
- 2º.- Mostra a súa solidariedade con Gloria Lago que sufriu a sen razón deses ataques
- 3º.- Esixe que se respecte o dereito da Asociación e da súa presidenta a defender en liberdade as súas opinións e posturas e que cesen os ataques que están sufrindo no exercizo dos seus dereitos.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xullo de 2009, tomou coñecemento do anterior.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Vou falar da moción, pero como descoñezo as quendas nas que podemos intervir, para que saiba a prensa como son as quendas de funcionamento nesta moción da que vou falar que fai referencia ós ataques que sufriu a Presidenta da asociación “Galicia Bilingüe”, coido que debo sinalar que en principio terei unha quenda dun máximo de dez minutos, unha segunda quenda de cinco e outra de tres. Sen embargo, de acordo co que se estableceu nunha Xunta de Goberno, cando esa iniciativa a presenta o Bloque o PP nunca, segundo este acordo, poderá intervir porque non se fala para nada neste acordo do grupo que non sexa goberno.

Coido que con isto se demostra que neste Concello a lei é a vontade do Sr. Alcalde

quen cada día troca de criterio. Dicía un filósofo, Jorge Cristóbal Linchesbert: “Notei claramente que teño unha opinión de pé e outra tombado”. Semella que o Sr. Alcalde cada día ten unha opinión. Pero tamén dicía este filósofo que cando os que mandan perden a vergoña os que obedecen perden o respecto. Tamén os visigodos dicían ó seu rei: “Rex eris se recta facias, si non facias non eris”.

Esta moción non a puiden tratar no anterior Pleno por non poderen intervenir. Xa sabemos como actúa o Presidente deste Concello que mete mocións, as quita, retira ou pon intervencións..., aquí estamos á lei da lotería que debe ser a que preside este goberno municipal.

Pedimos nesta moción que se condene por parte do Concello de Vigo os ataques sufridos pola Presidenta da asociación “Galicia Bilingüe”, amosar a solidariedade do Pleno con Gloria Lago que sufriu ataques sen razón e esiximos que se respecte o dereito da asociación e da súa presidenta de defender en liberdade as súas opinións; ademais queremos que cesen os ataques que están sufrindo polo exercizo dos seus dereitos. Isto é o que propón o Grupo municipal do Partido Popular.

Coñecemos ben os ataques do mes de marzo porque aparecen nos medios de comunicación as ameazas de morte á Presidenta da asociación “Galicia-Bilingüe” e as ameazas no portal da súa casa.

As ameazas de morte que sofre esta persoa non son as primeiras, nin é o primeiro dano que sofren os membros desta asociación. No mes de xuño unha veciña de Vigo, por defenderen as súas ideas e por quererem exercer o seu dereito de opinar, de pensar, o seu dereito de falar en liberdade (que aquí tamén parece que non queren que exerzamos) sofre danos nos seus bens e ameazas de morte.

Non podemos “banalizar o mal”, como dicía Hannah Arendt, (perdón, xa sei que teño unha debilidade intelectual), non podemos permanecer indiferentes diante das ameazas, diante dos intentos de asustar e calar a quen exerce en liberdade os seus dereitos, non podemos permanecer indiferentes ante a persecución e os ataques que está a sufrir a Presidenta da asociación “Galicia-Bilingüe”, non podemos permanecer indiferentes vendo como cada vez son máis e máis graves. É a persecución dos grupos extremistas que queren silenciar a quen non está de acordo coas súas opinións. A Declaración dos dereitos do home e dos cidadáns de 1779 falaba de que a liberdade consiste en facer todo aquilo que non dana ós demais. Sen embargo a presidenta da asociación “Galicia-Bilingüe”, outros socios da mesma e a propia asociación están a sufrir ataques, algúns deles de forma directa e outros indirecta, mesmo existen vídeos na rede nos que se incita a disparar contra Gloria Lago quen

aparece coma un terrorista. En Vigo ten que seren escoltada pola Policía para recoller firmas, o autobús de “Galicia-Bilingüe” foi atacado en Lugo; un vídeo anima a atentar contra ese autobús. A violencia vaise incrementando porque dos primeiros berros e interrupcións dos actos da asociación pasouse ós ataques ós seus bens, vídeos incitando á violencia e agora á ameaza de morte. Ata onde podemos chegar?

É necesario un pronunciamento claro. A asociación “Galicia-Bilingüe” e a súa Presidenta non poden sufrir máis os actos violentos. Este Pleno do Concello de Vigo debe manifestar de forma unánime o rexeitamento e condena por tales actos e debe esixir que se respecte o dereito da asociación a defender as súas opinións e as súas posturas.,

Por todo o antedito sometemos a votación a seguinte moción: “O Grupo municipal do Partido Popular solicita ó Pleno do Concello de Vigo, primeiro que condene os ataques sufridos pola Presidenta da asociación “Galicia-Bilingüe”. En segundo lugar, que amose a súa solidariedade con Gloria Lago que sufriu a barbarie destes ataques. En terceiro lugar, esixir que se respecte o dereito da asociación e da súa Presidenta a defender en liberdade as súas opinións e posturas e que cesen os ataques que está sufrindo polo exercizo dos seus dereitos.

SR. LÓPEZ FONT: Fágolle un rogo ó Partido Popular: que lle expliquen ó Sr. López-Chaves antes de empezar coma concelleiro cales son as normas deste Pleno. Unha vez que lle expliquen a forma de actuar durante dous anos, é posible que non sexan necesarias determinadas afirmacións e cualificacións que fai vostede.

Gústame o debate intelectual, as súas citas intelectuais e polo tanto benvidas sexan, pero este non é o Parlamento de Galicia, mesmo se confunde e en troques de dicir concelleiros di parlamentarios. Somos concelleiros. Aterre porque estamos no Pleno do Concello de Vigo.

En canto á resposta por parte do goberno o tema é moi sinxelo, non entramos nas consideracións que fixo vostede de carácter intelectual e de referencia sobre os antecedentes da moción. O importante é ese pedimento que realiza vostede en nome do Grupo municipal do Partido Popular en canto a que se aproben de xeito unánime tres apartados tal e como figuran na moción e pode quedar tranquilo, Sr. López-Chaves e concelleiros do Partido Popular, porque os membros deste goberno imos aprobar o que vostede propón. Imos facelo porque sempre estivemos en contra dos ataques sufridos por calquera persoa no seu libre dereito de expresarse publicamente e tamén dende o Bloque Nacionalista Galego e dende o Partido

Socialista sempre defendemos o dereito á libre asociación.

Polo tanto, insisto en que sen entrar no contido e nas consideracións que vostede fixo, maximo que o que lle preocupa a vostede e ós concelleiros do Partido Popular é sinxelamente que aprobemos estes tres apartados. Cando foron os atentados xa se lle trasladou á persoa á que se refire a moción e á asociación este rexeitamento. Tamén lle anuncio que sempre que se produza calquera atentado ou agresión persoal ou a unha asociación estaremos en contra.

Coido polo tanto que xa non é necesario máis debate e isto é o que forma parte de como se discuten as mocións neste Pleno, Sr. López-Chaves. Teña a seguridade de que por parte dos concelleiros que integran o goberno vanse aprobar os tres puntos que vostede acaba de propoñer. Maximo que con isto abonda.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós tamén queremos anunciar que imos votar a favor desta moción posto que se trata dunha condena á violencia, algo que forma parte dos principios fundamentais defendidos sempre polo BNG, quen tamén no seu momento fixo unha condena pública, rexeitou os actos de violencia sufridos por “Galicia-Bilingüe” e pola súa presidenta, Gloria Lago.

Ademais ó BNG lle preocupa especialmente que o debate dunha cuestión como é a lingüística, sobre a necesaria convivencia das dúas linguas oficiais en Galicia, chegue provocar situacións coma esta. Por iso queremos tamén chamar á responsabilidade de todos e de todas para evitar provocar tensións que lle dean pé a grupos radicais e violentos, que desgraciadamente sabemos que existen na nosa sociedade, para poder manifestarse. Por suposto nós sempre estamos en contra de calquera manifestación violenta e a mellor maneira das evitar é que queden absolutamente illados.

Por outra banda entendemos que neste caso o pronunciamento do Pleno do Concello de Vigo tamén é unha cuestión de representatividade e de recoñecemento da cidadanía. Todos e cada un dos concelleiros e concelleiras que estamos aquí fomos elixidos democraticamente para representar á cidadanía e polo tanto tamén representamos a dona Gloria Lago que é unha cidadá da nosa cidade. Por iso, como non imos condenar os ataques que sufriu? Por suposto que si.

Como moi ben sinalou o concelleiro Sr. López-Chaves, non podemos incorrer na banalización do mal, temos que condenar sempre o mal. Nese sentido, ademais de aprobar a moción presentada polo partido Popular, queremos felicitar a ese partido polo seu cambio de criterio, pola modificación da súa postura neste Pleno con

respecto a estas cuestións. Quero lembrar o que pasou neste mesmo Pleno o día 29 de setembro do ano pasado e vou ler a acta para que, escoitando o que pasou e as palabras do seu voceiro, Sr. Figueroa, entendamos que é o que queremos dicir.

Entre os puntos dese Pleno houbo a presentación por vía de urxencia dunha moción dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia, PSOE, e do BNG manifestando apoio e solidariedade ó Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira. Leo a parte resolutiva desa moción:

O Pleno da Corporación Municipal quere facer patente a súa máis enérxica repulsa á campaña de inxurias e calumnias á que está sendo sometido o Tenente de Alcalde e membro da Corporación Municipal D. Santiago Domínguez Olveira.

Asistimos nos últimos meses á proliferación pola nosa cidade de pintadas e colocación de pegatinas alusivas ó Tenente de Alcalde que responden unicamente a tratar de variar o seu coherente e honrado proceder no desempeño do seu labor.

Estes acontecementos foron sufridos anteriormente por outros concelleiros/as desta Corporación e, polo tanto, non podemos permitir que persoas que só se moven polos seus propios intereses, continuamente utilicen a ameaza ou a inxuria pública.

Os datos das actuacións que se refiren están xa na man da xustiza, que terá que dilucidar a resposta legal e xudicial a estes actos que se veñen repetindo no tempo e que tratan de amedrentar ós responsables políticos no exercizo do seu cargo.

Por último, este Pleno manifesta o seu total apoio e solidariedade co Tenente de Alcalde, Santiago Domínguez, e expresamos a nosa firme vontade de denunciar sempre estes feitos que puidesen afectar a calquera concelleiro/a desta Corporación."

A intervención do Sr. Figueroa Vila literalmente foi:

Como xa anunciamos imos pedir a retirada desta moción de urxencia. Consideramos que é contraproducente por moitos motivos.

Ademais cando outros sufrimos estas situacións parece que ninguén se lembrou de nós. Consideramos que é un precedente grave traer un tema destes a un Pleno porque estaríamos igual en todos os Plenos, sempre hai anónimos. Coido que hai outras fórmulas e logo do que acaba de ler o Secretario que din que está en mans da xustiza, consideramos que o que procede é que se remate neste eido.

Se nos serve de precedente esta situación, a partir de agora traeremos a todos os Plenos porque parece que algúns esquecen o que sufriron os demais. Nesta bancada hai dous persoas que pasamos pola mesma situación e tivemos que arranxala polos nosos medios.

Pensamos que é contraproducente e por iso pedimos a retirada da moción e pedimos que se trate noutro eido e non neste."

Votouse en contra da urxencia, gañouse a urxencia, votouse a moción e o Grupo

Popular votou en contra. Non hai diferenza entre a condena á violencia que sofre dona Gloria Lago, cidadá de Vigo, e a condena á violencia que sofre o Tenente de Alcalde. Entendemos que este non é un precedente que debamos evitar senón que entendemos que temos que condenar todos os actos violentos que impidan a liberdade de expresión e polo tanto imos votar a favor da moción.

Durante a intervención da Sra. Veloso Ríos, sendo as 13 horas e 50 minutos, incorpórase á sesión o Alcalde, Sr. Caballero Álvarez.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Entón quero manifestar que o Partido Popular, PSOE e Bloque van condenar os ataques sufridos pola presidente da Asociación Galicia Bilingüe, os tres partidos van amosar a súa solidariedade con Gloria Lago que sufriu a senrazón destes ataques e tamén os tres partidos imos esixir que se respecte o dereito da Asociación Galicia Bilingüe e o dereito da súa presidenta, Gloria Lago, a defender en liberdade as súas opinións e as súas posturas e esiximos que cesen os ataques que está a sufrir a Asociación Galicia Bilingüe e a súa presidenta no exercizo dos seus dereitos.

É importante esta declaración porque vemos como unha veciña de Vigo está sufrindo ataques e persecución cada vez a máis por elementos extremistas que tratan de impoñer os seus criterios e, como consecuencia disto, quen defenden opinións distintas están a ver como ameazan a súa vida, como sofren danos nos seus bens e mesmo como son perseguidos ata a porta do seu domicilio como consecuencia desas actuacións cidadáns normais e correntes, que exercen en liberdade os seus dereitos e agora vemos que son perseguidos por facelo.

Estamos satisfeitos de que a moción saia adiante, paréceme ben que por fin haxa unha manifestación clara do Pleno da Corporación municipal. No outro Pleno non puido ser porque como sabemos as mocións foron limitadas.

En referencia ó Sr. Font que nunca entra no fondo da cuestión, sempre queda tratando os temas de xeito superficial, eu asistín a máis Plenos deste Concello que vostede.

Di que confundo Parlamento con non sei que; evidentemente non é o Parlamento pero tampouco é o Porto e vostede parece que está traballando aquí a política que utilizou no Porto durante algúns anos e ben que coñezo eu esa política: imposibilidade de acceso á documentación de contratación do Porto. Agora que si vou acceder a ela, co que sabemos e algo que vimos aínda que non o copiamos,

parece unha película dos irmáns Marx que lían pero que non escoitaban, nós viamos pero non copiábamos. Ese sistema de ocultación continua está a trasladalo agora e por tanto coido que segue o esquema da xestión que fixo no Porto de Vigo de ocultación de datos e quizais por iso está a confundir unha institución coa outra.

O tema é a declaración que hoxe fixemos e o suficientemente serio para que non se vaia polas ramas e vaia ó fondo da cuestión: a condena que agora facemos dos ataques que sufriu Gloria Lago e por iso non quero adicar máis tempo ás súas intervencións. Coido que unha veciño de Vigo que dende hai tempo está a sufrir os acosos e a persecución de elementos extremistas, que mesmo a perseguen ata as aulas onde imparte clase, ata o seu domicilio, atacan os seus bens e propiedades e ameázana de morte, é o suficientemente serio como para non entrar a debater se un se confunde ou non, se sabe onde está ou non ou se está ou non. Coido que é un tema o suficientemente serio, Sr. Font, para non tratar de desvialo. Iso pódeo tratar en calquera outro momento pero non no que estamos condenando ese ataque.

Coido que as cousas hai que tomalas con seriedade e alégrome que todos os grupos municipais manifestemos agora o dereito da Asociación Galicia Bilingüe para que poidan defender e esiximos que cesen os ataques que están sufrindo o que supón en primeiro lugar o recoñecemento que están sufrindo eses ataques porque nalgún momento mesmo dicían que eran eles quen atacaban. Por todo isto o Partido Popular quería presentar esta moción, esperemos que os elementos extremistas atendan ó que estamos a dicir aínda que é difícil pero, a falta da actuación policial e xudicial, sempre haberá a unanimidade dos partidos representados nesta Corporación o que é importante, sobre todo recoñecer que están sufrindo eses ataques a presidenta e a Asociación de Galicia Bilingüe, Gloria Lago, e que pedimos que cesen.

(No momento da votación está ausente a Sra. Díaz Vázquez, do Grupo Socialista, e o Sr. Fidalgo Iglesias e a Sra. Muñoz Posse do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Comesaña Abalde, instando o rexeitamento do Concello pola agresión sufrida pola presidenta da Asociación Galicia Bilingüe, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (136).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO QUE AS FESTAS DO VERÁN SE DENOMINEN “FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA”. DOC. 90091953.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do 19 de xuño, número 90091953, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Comesaña Abalde, formula a seguinte moción:

“Dende o ano 1883 a Procesión do Santísimo Cristo da Victoria ven celebrándose na nosa cidade o primeiro domingo do mes de agosto. Coincidindo con esta procesión, que reúne anualmente decenas de milleiros de fieis, téñense celebrado dende hai anos as festas do verán de Vigo polo que se teñen denominado ditas festas como “Festas do cristo da Victoria”.

Esta denominación ten sido respectada durante anos e por diversos Gobiernos Municipais. Sen embargo nos últimos anos eliminouse, polo actual Goberno Municipal, a referencia ao Cristo da Victoria das festas de Vigo, pretendendo desvincular as festas da cidade e a semana grande da procesión do Cristo da Victoria.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a presente moción para que tome o seguinte acordo:

As festas de verán organizadas polo Concello de Vigo conservarán a denominación de “Festas do Cristo da Victoria” e así se fará constar en todas as comunicacións, publicidade, actos institucionais e calquera tipo de documentación relativa ás festas.”

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 22 de xullo de 2009, tomou coñecemento do anterior.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Esta é unha moción sinxela na que pedimos que as festas do verán organizadas polo Concello de Vigo, non digo que se denominen, senón que conserven a denominación de “Festas do Cristo da Victoria” e que se faga constar en todas as comunicacións, publicidade, actos institucionais e calquera tipo de documentación relativa elas.

Así foi durante moitos anos a denominación das festas da cidade de Vigo. É certo que o Cristo da Victoria non é o patrón da cidade, pero si é certo que dende hai anos as festas se denominan como do Cristo da Victoria. Sen embargo vemos que dende hai

dous anos de súpeto desaparece esa denominación.

Se vemos o saúda dunha concelleira do BNG do ano 2003 pon “Festas do Cristo da Victoria” igual que viña antes, co Partido Socialista, co Bloque Nacionalista e logo co partido Popular que seguiron conservando esa denominación.

A importancia que ten o Cristo da Victoria, aínda que non é o Patrón de Vigo, fixo que se incorporase á denominación das festas de Vigo como do Cristo da Victoria. Sen embargo cambiouse, non sabemos o motivo, se existe algún tipo de acordo por parte do Goberno. Se foi acordo do Sr. Alcalde, por que tomou este acordo de cambiar o nome das festas de Vigo? Porque vemos en toda a documentación relativa á programación que a eliminou.

Non sei por que o Alcalde de Vigo quixo eliminar o nome do Cristo da Victoria das festas da cidade de Vigo cando os anteriores alcaldes mantivérono e nunca xerou ningún problema.

Vemos ademais que en moitas cidades de España a denominación do patrón ou non desa cidade acompaña ás festas desas localidades e sen embargo nos sorprende que o Alcalde de Vigo, Sr. Caballero, exclúa do nome das festas de Vigo ó Cristo da Victoria. Pregunto que é o que fixo o Cristo para seren castigado polo Alcalde de Vigo quitando o seu nome das festas. Non sei o motivo deste Goberno presidido polo Alcalde evidentemente, para ese castigo, dígoo en sentido figurado.

Non cremos que ós veciños e veciños de Vigo lles molestase a denominación das festas como “do Cristo da Victoria” por iso a cuestión non é que se denominen, senón que conserven a denominación. Quizais a explicación que debería dar o Alcalde é por que excluíu o nome do Cristo da Victoria das festas da cidade de Vigo.

Por iso vimos a este Pleno e pedimos que se volva ó acordo que existía antes, mesmo se pode dicir á costume que existía de denominar dese xeito ás festas desta cidade e se o queren cambiar que expliquen o motivo do por que o Sr. Alcalde nas festas da cidade o Cristo queda excluído, queda acantoado e por tanto non se poden denominar así ás festas da cidade.

Coidamos que o Cristo non se merece iso porque evidentemente o Cristo nin o quere nin o vai querer pero é algo que se utilizaba nos anteriores gobernos municipais e cando algo se cambia terá unha xustificación e cando algo se prohíbe, no sentido de excluílo da denominación, iso vai significar que algunha razón haberá.

Queremos que o Pleno municipal se pronuncie e que segan conservando a denominación de “Festas do Cristo da Victoria”.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Sr. López-Chaves, seguen vostedes enredando co tema das festas de Vigo e non por moito repetir o mesmo van ter máis razón. Considero que os argumentos que están a utilizar teñen moi pouco peso pero detrás deles vexo claramente a faciana do Partido Popular, a faciana da imposición e da falla de respecto polos demais. Logo dalgunhas intervencións que hoxe tivemos que sufrir neste Pleno, a faciana da demagogia, da mentira e da manipulación.

Digo isto porque nos traen unha proposta que dende o meu punto de vista é moi pouco democrática, paréceme que só fundamentada no intento de desvirtuar unhas festas que vostedes saben moi ben que se puxeron en marcha o ano pasado e que teñen o recoñecemento de todos os vigueses e viguesas.

Cando falo de imposición e de falla de espírito democrático fágoo polo seu desmesurado afán de impoñer a todas e todos un determinado pensamento e crenzas. Sabe perfectamente que a Constitución define ó Estado como un Estado Aconfesional, un Estado non comprometido con ningunha relixión e recolle ademais como dereito fundamental o dereito á liberdade de pensamento e de crenzas.

Pregúntome por que a súa ansia de impoñer ós demais determinados sentimentos relixiosos; por que realmente o interese de xuntar a actividade festiva, que pertence ó colectivo, a todos e a todas, coa relixión que é un sentimento que pertence a un segmento da poboación.

O BNG e este Goberno municipal, dende unha postura do máximo respecto ás ideas e sentimentos de cada quen, ó apoio a calquera manifestación relixiosa, quere construír un Vigo que sexa a casa común de todos e todas, ben sexan católicos, protestantes, evanxelistas, xudeus, musulmáns, agnósticos ou ateos. O Vigo de todos e todas porque en Vigo, como non pode ser doutro xeito, hai diferentes sensibilidades e este Goberno non vai tentar baixo ningún concepto impoñer a ninguén as ideas de ninguén.

Queremos un Vigo onde todos e todas caibamos, onde nos poidamos sentir parte do mesmo, fundamentado no máximo respecto ás crenzas de cada quen pero entendéndoas coma algo que pertence ó persoal, nunca algo que defina ó colectivo plural.

Por isto e como xa se decidiu no ano 91 nunha moción do Partido Popular, imos seguir mantendo o nome de “Semana Grande” que é o único nome que existe. O 30 de setembro do ano 91 aprobouse unha moción do Partido Popular propoñendo que se institucionalice a “Semana Grande das Festas de Vigo”. Remitímonos a ese acordo, estamos absolutamente de acordo con esa denominación e por iso imos

votar en contra desta moción.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Sr. López-Chaves, no Grupo municipal Socialista estamos sorprendidos do empeño do Grupo Popular de transmitir ós veciños e veciñas de Vigo unha percepción distorsionada do significado real que para o goberno municipal ten a imaxe do Cristo da Victoria. Sres. do Partido Popular, o Cristo da Victoria é un referente relixioso e social, é da nosa cidade, é un patrimonio de todos os vigueses e viguesas. De feito ano tras ano, o primeiro domingo de agosto réndeselle homenaxe coa peregrinación polas rúas de Vigo de decenas e decenas de milleiros de persoas, segundo a prensa máis de 150.000 o pasado ano. Son crentes ou non, pero admiradores dun símbolo que representa parte das raíces da nosa cidade e da nosa historia.

Por iso, Sr. López-Chaves, dende o grupo Municipal Socialista sempre quixemos manter viva a tradición e celebrar a súa onomástica nun marco da convivencia e do respecto, ano tras ano, xeración tras xeración procuramos estar presentes en cada un dos actos organizados pola súa Confraría para a súa exaltación. Estamos no pregón no pazo de Castrelos, na Misa Maior na Concatedral e, como non, na procesión, percorrendo ano tras ano as rúas céntricas desta cidade. Sen embargo os socialistas non queremos que esta festa remate cun fervor relixioso, non queiramos deixar de lado á cultura popular e social.

Por iso nestas datas tentamos acoller unha mostra dos aspectos máis relevantes da nosa cidade, adecuada a un público coma é o vigués, caracterizado sempre pola súa liberdade ideolóxica e polo seu pensamento.

Cando no mes de xuño do ano 92 o Partido Popular presentou unha moción sobre o nome das festas do verán, para que fosen un referente para todos os vigueses e para todos os cidadáns que chegan doutros lugares de España, de Europa e do mundo para pasar o período estival, foi debatida e consensuada na Comisión de Cultura e aprobada por unanimidade dos vintese concelleiros que compoñen esta Corporación, quedando constituído o nome oficial de Semana Grande para as festas do verán e o Alcalde cumpre escrupulosamente cos acordos adoptados neste Pleno.

Sr. López-Chaves, considerando este acordo plenario, dende o Grupo municipal Socialista ano tras ano tratamos de converter estes días nun sinal de identidade dunha cidade plural e libre, cosmopolita como é Vigo, que comparte sentimentos e crenzas. Non esquezamos que estamos a falar dun pobo unido, co seu afán de superación para se impoñer ó mellor exército do mundo na guerra da independencia

e aquí xa estaba o Cristo da Victoria.

Nestes días, igual que acontece noutros lugares de España, dende o Goberno municipal apostamos polas festas do verán, estamos a traballar para converter Vigo nun referente dentro do ámbito social, cultural e musical, tanto a nivel nacional coma internacional, desenvolvéndose xa nesta data algúns dos principais actos representativos das nosas raíces que están dentro deste marco da nosa Semana Grande, como xa foi o Día de Galicia celebrado o pasado xoves, por certo, no que estivo o presidente de Galicia que é do seu partido, lendo o pregón. Polo tanto estamos aquí a colaborar, contribuír e contar con todos os cidadáns, independentemente do cargo que representen.

Isto seguirá co Cristo da Victoria, con actos culturais, con actuacións musicais de primeiro nivel e rematará o vindeiro 16 de agosto coa romaría do noso co-patrón San Roque.

Sr. López-Chaves e señores do Grupo Popular, temos que lles trasladar que o grupo Socialista e o Goberno municipal están a demostrar o respecto polas institucións e os seus acordos plenarios ó se acoller ó consenso plenario de todos os grupos políticos no ano 1992, cando o nome oficial das festas do verán pasaría ser “Semana Grande de Vigo”.

Non facemos coma o Partido Popular que cando gobernou non foi quen de respectar os acordos plenarios. Por certo, coido que vostede era concelleiro de Cultura naquel entón.

Por iso non podemos votar a favor dun cambio de nome que foi apoiado por unanimidade da representación política desta institución e desta cidade, incluídos vostedes, que leva anos en vigor e que neste intre non é o sentir da cidadanía. Vostedes con isto só están a buscar conflitos onde non os hai e onde nunca existiron. Para remataren, dende o Grupo municipal Socialista queremos que o Cristo da Victoria siga a ser un referente xeracional para todos os vigueses e viguesas nas festas do verán e dentro do marco da nosa Semana Grande, que forme parte da nosa historia e polo tanto das nosas vidas. Pero por este mesmo motivo non desexamos que se utilice a súa figura con fins políticos partidistas, que ninguén tente apropiarse del. Os que nacemos e crecemos na cidade de Vigo non o imos permitir.

Señores do Partido Popular, deixen vostedes de faceren demagogia, de sacar titulares. Se respectan ó Cristo da Victoria, por favor, réndanlle a homenaxe que se merece e que todos os vigueses e viguesas, independentemente da súa cor, están desexando.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Agora escoitamos que presentar unha moción é moi pouco democrático, quizais haxa que dar carnés democráticos ás iniciativas e sexa ademais o grupo minoritario quen nos diga que é democrático ou non.

Resulta que denominar ás festas do Cristo de Vigo como festas do Cristo da Victoria é unha imposición. Resulta que esa denominación que empregaron sucesivos alcaldes do BNG e do PSOE é unha imposición. Resulta que empregar esa denominación é unha imposición que fai dano non sei a quen porque durante moitos anos empregouse e non pasou nada.

Din que había un acordo; o acordo é para fixar a Semana Grande das festas da cidade que por certo ía do 25 de xullo á data do Cristo da Victoria. Agora resulta que a Semana Grande empeza despois da data do Cristo; dende o ano 92 non se cambiou nada, mesmo vostedes presentaron aquí unha moción e retirouse polo Presidente por tanto o acordo non o están a cumprir.

En segundo lugar o acordo non era de denominación senón que era para fixar a Semana Grande que mesmo ten efectos laborais pola redución do horario dalgunhas persoas como me confirma o meu compañeiro Sr. Coello, por iso é importante a fixación da Semana Grande e por tanto o acordo foi nese sentido da iniciar o 25 de xullo e rematar o primeiro domingo de agosto, festividade do Santo Cristo da Victoria e isto non se está a cumprir.

Este acordo era da fixación da Semana Grande de Vigo, non das festas porque que eu saiba agora tampouco se chama Semana Grande de Vigo senón que as festas amplían ese prazo que como dixeran mesmo ten consecuencias laborais e non están cumprindo a data fixada polo Pleno deste Concello.

O máis grave é que aquí se dixo que o Cristo da Victoria é unha imposición. Xa miramos que o Bloque denominou así as festas e entón naquela época non había imposición? O Sr. Pérez Castrillo ben que ía ás procesións sendo o Alcalde e as festas denominábanse Festas do Cristo da Victoria. Exclúen esa denominación e agora resulta que é unha imposición.

E as Festas da Peregrina? As Festas de San Froilán? As Festas de San Fermín? As Festas da Merced en Barcelona? As Festas de San Isidro en Madrid? Podo sacar máis festas. Son todas imposicións? En Pontevedra están a impoñer a Virxe Peregrina e San Froilán en Lugo. Son imposicións de contido relixioso?

Coido que en Vigo o Cristo non se impón e ademais xa ten dito o voceiro do PSOE que é un fenómeno social, non só van crentes que tamén van non crentes e por iso

ten ese contido relixioso que tamén ten, evidentemente. Por que se exclúe a denominación? Por que vai ser vostede, Sr. Alcalde, o Alcalde que exclúa da denominación das festas o nome do Cristo da Victoria? Saben vostedes, Sr. Alcalde e Sr. Voceiro do PSOE, que hai uns anos tamén houbo enfrontamento por ese tema. No ano 84 houbo que retirar un pregón ou unha ofrenda que había na Colexiata polo seu contido político e como consecuencia un Alcalde Socialista deixou de ir á procesión durante cinco anos. Nese ano non se lle permitiu ó Alcalde facer a ofrenda na igrexa da Colexiata polo seu contido político. A Confraría do Cristo da Victoria acordou que non seguise a ofrenda e o Alcalde deixou de asistir ata o ano 88, por iso xurdiu o pregón en Castrelos. Houbo un acordo dun Irmán Maior de que o pregón facíao o Concello en Castrelos e a procesión organizábaa a Confraría e volveu o Alcalde outra vez á procesión. Si houbo enfrontamento por querer utilizar politicamente ó Cristo da Victoria naquel intre.

Insisto en que é un fenómeno social e non creo que faga dano a ninguén a denominación porque así foi, é unha tradición, así se empregou. Cruzamos trinta quilómetros e en Pontevedra as festas se chaman “da Virxe Peregrina”. Non sei se o seu Alcalde que provén dese grupo municipal as vai chamar agora Festas de Pontevedra excluindo á Virxe Peregrina e o mesmo con San Froilán. Podo enumerarlle moitas máis en toda España con gobernos de dereitas, de esquerdas, nacionalistas, que seguen denominando ás festas patronais ou non, porque o Cristo da Victoria non é o patrón. Coido que San Roque tampouco o é.

Hai uns anos outro Alcalde socialista buscou o enfrontamento, deixou de ir á procesión e vostede exclúe da denominación das festas o nome do Cristo da Victoria por razón de que é unha imposición do Bloque e vostede consente que o faga.

Coido que a denominación de Festas do Cristo da Victoria non supón ningunha imposición para os vigueses porque como vostedes mesmos recoñecen é un fenómeno social. Había unha persoa que fora de polisón a América e prometeu que se lle ía ben volvería todos os anos á procesión e así o fixo ata que faleceu. O Cristo da Victoria é un fenómeno tan grande que moitos turistas que ven pasar a procesión só ven pasar xente e xente, ven unha imaxe e remata, e quedan impresionados de que unha imaxe poida arrastrar a tanta xente.

Agora non podemos denominar ás festas da cidade como Festas do Cristo da Victoria. Coido que é un erro e non por este contido de xestión senón sinxelamente porque o Cristo da Victoria identifica ós vigueses e viguesas, nunca xerou conflito e non encontramos xustificación agás pola escusa por parte do Bloque de dicir que non

queren imposicións, o que da a entender que a denominación de Festas do Cristo da Victoria é unha imposición, o que é dunha gravidade enorme. Esperemos que esa non sexa a opinión do Alcalde pero si vai ser o Alcalde que exclúe ó Cristo da Victoria das festas de nosa cidade e que non permite que as festas se denominen co seu nome.

Sr. Caballero, coido que iso é un erro grave que está a cometer e un erro que imos sufrir todos os vigueses. Non pasaba nada e mire vostede a outros alcaldes doutras cidades que non se meteron nese tema porque o Alcalde do BNG de Pontevedra segue conservando a denominación de Virxe da Peregrina, o seu compañeiro o alcalde socialista de Lugo segue coas Festas de San Froilán e así podemos facer un percorrido por toda a xeografía de España. Non molesta nin prexudica e ademais é un respecto que temos cara un dos símbolos da nosa cidade.

Pero parece que ó actual goberno e ó actual Alcalde denominar ás festas como do Cristo da Victoria lles molesta e por iso as van suprimir. Saiba que se nalgún momento o Partido Popular volve, volverá a denominación que sempre se empregou de festas do Cristo da Victoria porque cremos que para iso non existe ningunha oposición nin reticencia por parte dos cidadáns vigueses pero a vostede, Sr. Alcalde, parece que iso non lle importa.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Por sorte os tempos do nacional-catolicismo quedan ben lonxe. Déixese de montar cristo co Cristo, xa está ben, como lle dixo un día un compañeiro do meu grupo goce das festas e pasee que é o que teñen que facer.

As festas de Vigo teñen que ser e son de todos e de todas, sen exclusións e vostedes queren excluír. Son as súas festas pero tamén son as miñas festas. A programación é ampla e variada, de seguro que atopará cousas que lle gustan para que podan saír, pasear e gozar. Gocen pero fágano con ese espírito que debe reinar nunhas festas: de alegría e de máximo respecto ós demais que é o que pola banda do seu grupo non hai.

Ó final o que parece é que lles doe que por fin este goberno fora quen de poñer en marcha o que vostedes non: unha Semana Grande das festas, chea de entretemento, chea de diversión e que sirva de sinal de identidade da nosa cidade.

Falan vostedes de incumprimentos e chámame a atención iso. En primeiro lugar lembrarilles que foron vostedes quen propuxeron alá polo ano 91 que a Semana Grande fose a partir do primeiro domingo de agosto. Falan vostedes de incumprimentos cando son verdadeiros especialistas neles e podo nomear aquí unha

chea, dende que se negaran a poñer nomes de mulleres represaliadas como tivo acordado este Pleno no seu día o que vostedes saltaron á toureira; tamén se acordou instaurar unha Semana Grande e vostedes en oito anos de goberno tampouco foron quen de crear esa Semana Grande. Vostedes si que se saltan todos os acordos plenarios.

Sinceiramente, recoméndolles que cambien de postura e lémbrolles as críticas que fixeron a estas festas. Primeiro dicían que queríamos abandonar Castrelos cando o ano pasado foi o ano en que máis concertos se celebraron alí; logo nos veñen co tema do nome do Cristo da Victoria cando nunca foi un nome aprobado por esta Corporación; logo nos viñeron dicir que nos programas que nós facíamos non introducíamos a procesión do Cristo da Victoria.

Vostede considera á procesión do Cristo da Victoria coma unha festa? Atrévase a dicir que é unha festa? Eu non son católico pero dende logo que respectuoso si. Dígame que é unha festa e entón falamos do tema. Ademais lle digo que nos programas de cando vostedes gobernaron nunca meteron o tema da procesión do Cristo da Victoria.

A seguinte crítica que fai é que os programas estaban en galego. Efectivamente, como non pode ser doutro xeito pero tamén lles lembro que os programas de seu só estaban en galego.

Logo xa é o colmo que critica que había moitos “logos” metidos nos programas. Evidentemente, calquera patrocinador ten que poñer o seu logo no programa de festas. Se quere miramos os seus e miren cantos logos hai metidos. Non sabe, non hai peso para criticar nada e o único que queren é tentar desvirtuar o que está ben feito.

Non lle vou pedir que aplaudan aquilo que está ben feito na cidade; só que deixen de ser “Pepito Grilo”, que se suban ó carro e que gocen.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Eu tamén pido respecto ó Cristo porque algunhas expresións ós que somos crentes tampouco nos parecen o máis axeitado.

Ata o de agora tiñan a denominación de Festas do Cristo da Victoria e mentres eu fun concelleiro algúns protestaban por iso pero non vin ese movemento cidadán de oposición á denominación das Festas do Cristo da Victoria. Cando gobernaban vostedes tiñan ese nome. O mesmo cando gobernaba o Partido Socialista. Insisto que o acordo é de institucionalización da Semana Grande, non da denominación das festas e ademais ese acordo non se cumpre, quixeron traer unha modificación dese

acordo e retirárono polo tanto este é o acordo vixente e non o están a cumprir, Sr. Rivas. O Alcalde non está facendo respectar un acordo plenario deste Concello.

Estas cidades deben ter uns problemas enormes: festas de San Fermín en Pamplona, festa de San Roque en Calatayud, festa de San Isidro en Madrid, festa de San Lorenzo en Huesca, festa da Merced en Barcelona, festa da Virxe Branca en Victoria, festas do Cristo de La Laguna, festas do Cristo da Paz en Alicante, festa da Virxe Peregrina en Pontevedra, festa de San Froilán, festa da Asunción da Virxe María en Santiago, festa de San Mateo en Monzón, Virxe do Pilar en Zaragoza, festa de San Pedro e San Pablo en Burgos, festa de San Bernabé en Logroño, festas do Cristo en Cangas. Todo iso son agresións ós non crentes? Aínda non me explico o motivo polo que o Alcalde excluíu das festas da cidade o nome do Cristo da Victoria.

Para algún crente a procesión si é unha festa, mesmo a celebración da Palabra é unha festa e iso pódoo ver no catecismo e en calquera resolución da Igrexa Católica, é a festa da Palabra Celebrada.

Hai uns anos un Alcalde creou un conflito e non foi á procesión do Cristo durante catro anos; agora o Sr. Caballero facendo o que non fan outros alcaldes, compañeiros de seu, que conservaron a denominación das festas con contido relixioso pero unha denominación que viña dende hai tempo, excluíuna e eliminouna. Non sei se é imposición do Bloque Nacionalista pero tamén é curioso que en Pontevedra non o fan.

Sr. Alcalde, vostede será o Alcalde que exclúa o nome do Cristo porque molesta a denominación porque non é nada máis que iso, o nome que foi tradicional porque identifica a esa festa, porque a Semana Grande remata coa procesión do Cristo da Victoria o primeiro domingo de agosto, aínda que agora non sexa así. Por qué o fai Sr. Alcalde? Por que exclúe o nome do Cristo da Victoria da denominación? Non se pode facer iso. Está impoñéndolle o Bloque este cambio? Sabe que nesta cidade somos moi sensibles co Cristo da Victoria e vostede está cedendo ás presións do Bloque. É unha mostra dunha actuación dun bi-goberno que parece que volve outra vez ó goberno da Xunta de Galicia. É o prezo que ten que pagar por seren Alcalde. O outro día vímoloo co tema lingüístico.

Sr. Alcalde, ten o apoio do Partido Popular, non lle fai falta o Bloque. Vote esta moción e fágao co Partido Popular. Terá o noso apoio para que se sigan conservando as festas co nome do Cristo da Victoria. Que o Bloque vote o que queira como grupo municipal pero vostede vote tamén o que estime conveniente sobre esta denominación. Ten o apoio do Partido Popular. Vote a favor e esta moción sairá

adiante e as festas seguirán chamándose Festas do Cristo da Victoria.

Vostede vai decidir co seu voto de calidade esta moción, vostede vai decidir excluír ou non que as festas desta cidade se denominen do Cristo da Victoria. É o seu voto de calidade, é unha enorme responsabilidade. Ten o apoio do Partido Popular. Se o PSOE non está de acordo con que o Bloque lle impoña a prohibición de que as festas se chamen do Cristo da Victoria, ten o apoio do noso Partido. Vai ser don Abel Caballero, co seu voto de calidade quen vai excluír da denominación das festas o nome do Cristo da Victoria e logo vaia ó pregón o sábado e á procesión o domingo. Non faga iso, Sr. Alcalde, non prohiba que as festas de Vigo se chamen Festas do Cristo da Victoria.

A PRESIDENCIA: Sres. e Sras. Concelleiros, canta política nalgunhas cuestións que afectan a sensacións e sentimentos íntimos das persoas. O Alcalde o próximo domingo vai estar presidindo a procesión do Cristo da Victoria, vai presidir á sociedade civil e ás autoridades que participen na procesión. O Alcalde o domingo vai presidir ás autoridades civís na celebración eclesiástica do Cristo da Victoria. O próximo sábado o Alcalde vai estar presidindo a lectura do pregón e facendo unha intervención nesa lectura.

A Confraría, co coñecemento do Alcalde, invitou ó Presidente da Xunta a participar da procesión. Eu podería entender que a súa axenda non llo permita pero se o Presidente acepta, o Alcalde co-presidirá co presidente da Xunta ás autoridades civís da procesión.

O Alcalde reuniuse aproximadamente hai tres semanas coa Confraría do Cristo da Victoria e non me fixeron ningunha petición de cambio de denominación das festas de Vigo, máis ben pola contra a Confraría manifestou todo o seu agrado pola absoluta coincidencia en todas as exposicións que se fixeron sobre o discorrer da procesión, as facilidades ó que nos solicitaron e se lles dixo absolutamente que si a todo. Uns días despois os responsables técnicos da Confraría co concelleiro de Seguridade percorreron a rota que vai seguir a procesión e acordaron conxuntamente todas as medidas para facilitala.

Polo tanto constatamos que este Goberno está asumindo con lealdade todas as exposicións que teñen que ver co Cristo da Victoria, dende o máximo respecto a centos de milleiros de cidadáns que queren que isto sexa unha festividade pacífica, sen controversia política, dende a lealdade mutua e dende a tolerancia de todos os que queren e os que non queren ir.

Este Alcalde, antes do seren, presidindo o Porto foi invitado a participar nesa procesión coma autoridade e participou sen facer na procesión ningunha comitiva separada das autoridades coma outros as veces fixeron. Nós mantivemos un respecto escrupuloso por non crearen polémica sobre unha cuestión tan relevante e tan sensible nesta cidade.

Polo tanto o próximo domingo, se o Presidente da Xunta decide vir, o Alcalde vai copresidir ás autoridades civís nesa procesión.

É unha aclaración que considero imprescindible.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez, do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, así como dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo Municipal do PP Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Comesaña Abalde, solicitando que as festas do verán se denominen “Festas do Cristo da Victoria” co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (137).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A IGUALDADE DE COMPETENCIAS DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS. DOC. 90091955.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do 19 de xuño, número 90091955, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Comesaña Abalde, formula a seguinte moción:

“O idioma galego é unha das nosas sinais de identidade como pobo. Aos poderes públicos correspóndelles a defensa e promoción da lingua galega, vínculo de unión entre todos os galegos, nunha sociedade, a nosa, que demanda, moi maioritariamente, o uso pacífico, libre e sen confrontacións das nosas dúas linguas oficiais.

Non podemos permitirmos que a lingua galega se converta nun instrumento para a división social. Non se pode utilizar a nosa lingua como arma de enfrontamentos, división ou imposicións.

A inmensa maioría dos galegos e galegas, ao igual que compatibilizan espontaneamente as súas identidades como galegos e como españois, asume libre e voluntariamente a riqueza lingüística que supón dispoñer de dúas linguas: o galego e o castelán.

Este principio de cooficialidade lingüística tradúcese no dereito das persoas a poder escoller a lingua oficial que consideren oportuna, Trátase, polo tanto, de conxugar a protección e promoción da nosa lingua propia, o galego, co respecto a á liberdade lingüística.

Aos poderes públicos correspóndelles o fomento dun bilingüismo cordial, que debe conducir á coexistencia pacífica de ámbalas dúas linguas oficiais en todas as esferas sociais.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular presenta ante Pleno a seguinte moción instando á Xunta de Galicia a:

- 1.- Articular un modelo que garanta, ao remate das etapas educativas, a igual competencia nas dúas linguas oficiais, atendendo tanto á liberdade lingüística como a promoción do galego.
- 2.- Atender aos sectores implicados en materia educativa, incluíndo necesariamente a pais e nais, para a definición dun modelo lingüístico que garanta a convivencia das dúas linguas e a liberdade lingüística.
- 3.- Insistir nas políticas de promoción en positivo e de fomento da lingua galega.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de xullo de 2009, tomou coñecemento do anterior.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO:Esta outra moción tamén era para presentar no anterior Pleno pero, como sabemos, agora hai un sistema de selección por parte do Alcalde das mocións que establece límites, controis sobre o número de mocións que se deben presentar no Pleno deste Concello de Vigo.

Nesta moción se defende a promoción do galego, a liberdade lingüística en Galicia para que libremente se elixa a utilización do galego ou do castelán. A cooficialidade das dúas linguas tradúcese no dereito das persoas a poderen escoller a lingua oficial

que coiden oportuna.

O PP no eido da lingua fai as seguintes afirmacións: Que Galicia é unha comunidade bilingüe, que se debe garantir a libre elección da lingua e, en terceiro lugar, que se debe promocionar o uso do galego. Ós poderes públicos correspóndelles o fomento dun bilingüismo cordial que garanta a convivencia pacífica das dúas linguas e a liberdade lingüística para elixir a lingua na que se queiran expresar as persoas. Promoción e liberdade son os eixos da política que en materia lingüística defende o Partido Popular.

Non cremos que a lingua sexa materia de conflito. A maioría dos galegos e galegas compatibilizan espontaneamente as dúas linguas como galegos e como españois. Coma galegos son españois e polo tanto compatibilizan as dúas linguas. Ter o galego e o castelán supón unha riqueza lingüística.

Non debe ser a lingua motivo de conflito ou de imposición. Xa coñecemos a política do anterior bigoberno da Xunta de Galicia, rematada pola vontade dos galegos e das galegas que así o manifestaron nas eleccións do 1 de marzo. No eido educativo foi clara a política de enfrontamento do anterior goberno do PSOE e Bloque, enfrontamento recoñecido polos propios ex membros do goberno bipartito e así un ex conselleiro manifestou: “Non soubemos valorar o conflito da lingua que exacerbou o mundo educativo e que reuniu cen mil sinaturas. Quedei aterrado cando unha manifestación pacífica de pais foi agredida por nacionalistas radicais”.

O PP non apoiou esa política e así o está a executar, liberdade lingüística e promoción positiva do uso do galego.

Xa coñecemos a oposición do Bloque seguido polo PSOE ás consultas dos pais e das nais para que poidan opinar sobre a lingua vehicular na que queren que sexan educados os seus fillos e fillas. Descoñezo as razóns que xustifican as declaracións extremas do PSOE e do Bloque das últimas datas, as razóns da súa oposición a que os fillos aprendan a ler na lingua materna que elixan pais e nais, na lingua materna que utilicen na familia; que problema existe en que os nenos e nenas aprendan a ler na lingua na que le a familia? Por que esa oposición do Bloque seguido polo Partido Socialista?

A moción fala de promoción en positivo do galego, de liberdade lingüística, de garantir igualdade, igual competencia nas dúas linguas oficiais, de escoitaren ós pais e ás nais no que se refire á educación dos seus fillos.

O PP supón que o PSOE estará de acordo con que poñamos fin ó conflito xerado cun decreto que rachou o consenso en materia lingüística.

Non sei que ten esta moción que poida seren rexeitable. Non coido que teña nada malo para que poida seren rexeitable e supoño que contará coa aceptación do PSOE, pero vista a última votación do PSOE e do Alcalde non me sorprenderá que adopte calquera outro criterio en contra desta moción.

Queremos garantir a promoción positiva do galego e a liberdade lingüística. Do Decreto que vostedes aprobaron o Consello Consultivo de Galicia dixo que non era conforme a dereito. Decía no seu ditame o Consello Consultivo de Galicia, máximo órgano consultivo na nosa Comunidade Autónoma, que o dereito de uso da propia lingua é un dereito individual que se exerce sempre sobre a base da elección subxectiva de cada cidadán.

Galicia votou o 1 de marzo e a mensaxe foi clara. Nas eleccións do 2005 o Partido Popular (que gañara as eleccións, outros as perderan e as matemáticas son claras) o PSOE e o Bloque pactaron para non deixar gobernar ó partido que gañara as eleccións, a diferenza do que adoita suceder que é que os partidos adoitan pactar con quen gaña as eleccións para que este poida gobernar. A decisión que tomaron dicían que estaba amparada en que Galicia quería un pacto para impedir gobernar ó Partido Popular. Cando Galicia tivo ocasión de opinar sobre ese desexo que PSOE e Bloque dicían que interpretaban claramente, dixo claramente o contrario. Non só perderon as eleccións do ano 2005, senón que agora tamén, o 1 de marzo, Galicia di claramente que non quere que nin pactando poidan gobernar na nosa Comunidade Autónoma.

O PP non vai seguir a política de inmersión lingüística do PSOE e do Bloque; non a imos seguir. Xa iniciamos, xa se aprobou polo Pleno do Parlamento de Galicia e xa está publicada no DOG a modificación da Lei da función pública que é a primeira proba dese apartamento das políticas de inmersión lingüística do goberno anterior que nos últimos tempos os propios dirixentes e os propios cargos e ex-presidente recoñecían que erraran. Farémolo porque así o manifestaron os galegos e galegas de xeito expreso e claro, sen necesidade de interpretacións nin de intermediarios.

Temos moi clara unha enquisa recente que publicou un medio de comunicación que di que o 62,2% dos galegos e das galegas consideran positiva ou moi positiva a enquisa sobre o galego. Esa é a opinión que publica un medio de comunicación e que polo tanto amosa o apoio a esta medida pola parte da sociedade galega. Pero insistimos que é un tema de debate de liberdade.

Terei que dicir aquí novamente que non sei que votará o PSOE, vimos que na moción anterior a dependencia dos votos e da Alcaldía, como sucedía no goberno bipartito

da Xunta, levou nun momento determinado ou levou antes ó Partido Socialista a ter que votar co Bloque algo que supoño que non quixerían votar. Sucedeu na anterior Xunta de Galicia e a última hora se quixeron afastar dese criterio e o ex-presidente da Xunta de Galicia dicía que ía gobernar sen imposicións.

Eu dígolle, Sr. Alcalde, que governe sen imposicións. Insisto en que esperamos que aquí non amose unha vez máis co seu voto de calidade que ten que obedecer ós ditados do Bloque Nacionalista; esperemos e ademais sería bo que fose por unanimidade de todo este Pleno do Concello de Vigo. Pero dende logo, como se amosou na moción anterior, semella que o poder ten un prezo, cando un non gaña as eleccións senón que as perde, para gobernar necesita pactos e eses pactos teñen un prezo. O prezo pagámolo na anterior iniciativa na que se rexeitou esa denominación que, por certo, leuna mal, Sr. Alcalde, porque era que continuasen denominándose festas do Cristo da Victoria e non que se denominasen.

Non sei se nestes momentos o PSOE continuará con esa dependencia do Bloque pero nós o que queremos é: Galicia, comunidade bilingüe; promoción positiva do galego e liberdade lingüística. É o que recollemos nesta iniciativa, como tamén o apoio á consulta e que sexan escoitados os pais e as nais como recoñecen agora as enquisas que defenden a actuación do goberno neste sentido, como tamén recollían en materia de gratuidade de libros que preto do 75% estaba de acordo co sistema novo de gratuidade de libros, mesmo o sesenta e tantos por cento do PSOE e o 55% de votantes do Bloque. Antes non puideron intervir pero é un dato, as enquisas ós pais e ás nais teñen un amplo apoio e os datos amósanse cada catro anos nas votacións e por iso falei da votación do 1 de marzo pero as enquisas tamén amosan o apoio a esta iniciativa do Partido Popular como á iniciativa da gratuidade dos libros.

Someto polo tanto a consideración o Pleno do Concello esta iniciativa.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Estamos cunha moción que practicamente xa tivo entrada noutra ocasión.

Eu non sei que lles pasa a vostedes coa lingua galega, que problema teñen se a entenden perfectamente, son capaces de falala e ademais é a nosa lingua, a lingua galega, a de todos os galegos e galegas. Non hai ningún neno nin nena que non entenda o galego se naceu ou vive en Galicia e iso malia que ó mellor no seu contorno familiar non se utilice.

Quería dicirlle que estaría de acordo co escrito aquí e asinado por don Carlos Comesaña Abalde sempre que non houbera de ningún modo ningún tipo de

intencionalidade diferente que non se axuste exactamente ás palabras escritas. Non podo estar en absoluto de acordo co que vostede presenta coma xustificación porque vai totalmente en contra dunha igualdade entre as linguas galega e castelán no trato que se lle dá en Galicia.

Dáse a casualidade que eu son profesora de lingua galega nun instituto de Vigo. Hai doce anos que a lingua galega forma parte do ensino de xeito curricular e asegúrolle a vostede que nin en Vigo nin en ningunha cidade de Galicia o galego predomina sobre o castelán, por máis empeño que se poña no ensino porque ningunha cousa máis coincide en apoiar a lingua galega. Asegúrolle que os rapaces saen totalmente incapacitados dos centros educativos para se desenvolver en igualdade de condicións en galego e en castelán. O castelán predomina absolutamente porque os medios de comunicación así o promoven todos, dende televisión ata a prensa e en todas partes fálase castelán e mostra diso é este mesmo Pleno onde só unha parte cumpre coa normativa, con esa norma acordada neste Concello e que non se leva adiante. Polo tanto as xustificacións que vostede me dá non poden ser asumidas por esta parte.

Pero non crea que son eu a única que non lle dá a razón. Ten que me permitir, e espero que o Alcalde mo permita, tentarei seren breve pero, por favor, déixenme expresar. Vou ler un pequeno texto que corresponde a un membro do seu goberno:

“O ámbito educativo constitúe unha institución clave nos procesos de produción e reprodución dos grupos lingüísticos. No caso do galego a repercusión da escola na intervención sociolingüística está constatada historicamente e non sempre para ben.

De feito, mesmo no período democrático hai datos suficientes para considerar a institución escolar coma unha axencia desgaleguizadora.

Dunha banda en moitos casos supuxo un freo extraordinario ó proceso de mantemento da lingua galega, doutra banda non tivo capacidade para se constituír coma espazo de recuperación e novos falantes.

Con todo non se pode pasar por alto o importante papel dende a restauración da democracia que a educación desenvolveu na ampliación do coñecemento formal da lingua galega, sobre todo no caso das destrezas escritas que non da fala”.

Os rapaces non falan galego a non seren que o teñan coma algo tan persoal que o queiran demostrar.

“O feito de que dende 1981 Galicia tivese transferidas as competencias educativas non foi suficiente para fortalecer a transmisión lingüística interxeracional. Lexitimouse o uso do galego pero non se artellou un escenario tendente a prestixiar socialmente a lingua galega”.

Isto é algo que se segue a facer continua e constantemente sobre todo pola banda do Partido Popular e non entendemos por que esta xenreira coa lingua propia.

“En Galicia durante décadas este valor foi atribuído exclusivamente ó castelán. Os centros educativos tiveron moito que ver nese proceso de construción do prestixio social das linguas en competición. Para corrixir esta tendencia desgaleguizadora do sistema educativo precísase (quero salientar isto) dunha planificación lingüística activa, deseñada con principios democráticos e consecuentes coa realidade sociolingüística do noso País”.

Este texto que lles lin corresponde á Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos que saíu impresa no ano 2007, logo do tan pexorativo e mal posto Decreto de 2007. Este escrito é un libro de 106 páxinas onde se pon a planificación lingüística que deben levar todos os centros educativos para acadar a igualdade de trato entre as linguas galegas e castelán e os seus autores son: Agustín Fernández Paz e Anxo Lorenzo Suárez quen, se non entendo mal, é o secretario xeral actual de Política Lingüística e quen agora di que a lingua é un tema de fondo que afecta á convivencia. O único tema de fondo que afecta á convivencia é o mal trato que lle dan pola súa banda á lingua galega.

Non entendo por que ten que ser motivo de vergoña falar galego, coñecer a lingua, defendela axeitadamente e igualala co castelán, porque non o está baixo ningún concepto e de feito o alumnado dos pobos que falan no seu contorno en galego senten vergoña e agochan no posible a súa lingua nai, a súa lingua propia.

Non hai igualdade se non partimos dun mesmo punto, non é posible. Temos o problema de que moito do profesorado nin está preparado, nin quere facer ese servizo á lingua galega; “pasa olímpicamente”, os medios de comunicación o mesmo e na política, que podemos expresar? É dicir, o galego está moi por debaixo do castelán. O castelán non ten problema de desapareceren, non hai inmersión lingüística en galego, non é posible nin sequera propoñendo o 50%, que é o que se propón, das materias en galego, sexan as que sexan. Mentres non se fale, non se valore, non se respecte e mentres non se faga un apoio sobre o castelán que non ten ningún problema, o galego non está en igualdade de condicións, non hai inmersión.

Polo tanto, axustándonos textualmente á moción presentada por D. Carlos Comesaña Abalde votaremos que si sempre e cando non se garden distintas intencións con respecto ó que claramente se di nesta moción. Non é o castelán o que corre perigo e quero que conste en acta que sempre apoiaremos a moción se a defensa é do galego e non do castelán que non ten ningún perigo.

SRA. VELOSO RÍOS: Non vou entrar a fondo na cuestión lingüística porque sobre iso xa falamos tamén co gallo doutra moción presentada polo Grupo do BNG no Pleno do mes pasado e non creo que sexa tampouco nin moi construtivo, nin moi produtivo repetir argumentacións mes tras mes, ademais moitas argumentacións que daquela non se dixeron xa as expresou agora a Concelleira de Educación, dona Laura López Atrio, moi claramente e bastante escasos andamos de tempo como para andaren malgastándoos. Coido que a cidadanía a estas alturas ten máis que clara a postura do BNG con respecto a esta cuestión e quizais sexa máis importante centrámonos na rectificación da postura do Partido Popular nos últimos tempos, polo cal queremos comezar felicitándoos e anunciando que imos votar a favor desta moción porque a moción escrita di evidentemente cuestións coas que o BNG está de acordo.

Empeza de feito a súa moción sinalando que o idioma galego é un dos sinais de identidade do noso pobo. Eu iría máis lonxe aínda e citaríaa a Castelao que dixo: “Se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma”. Do idioma galego, por suposto. Supoño que o Partido Popular estará completamente de acordo coa cita de Castelao tendo en conta cal é o achegamento do Presidente da Xunta de Galicia á súa figura ultimamente, citouno profusamente durante o discurso do Día de Galicia celebrado no Pazo de Castrelos o día 23 de xullo e realizoulle un ofrenda floral co gallo do Día da Patria, o 25 de xullo, sumándose así ó feito por outras forzas políticas como por exemplo o BNG.

De feito tal é o achegamento a estas nosas posturas que solicitan vostedes nesta moción que o goberno artelle un modelo que garanta a competencia nas dúas linguas, cousa que ven sendo o mesmo que pretendía o Decreto de ensino das linguas actualmente en vigor, o Decreto anterior aprobado polo goberno presidido polo Sr. Fraga, a Lei de normalización lingüística e en xeral toda a lexislación aprobada ó respecto ata o de agora.

A cidadanía ten o dereito de recibir un ensino que lle proporcione a competencia lingüística necesaria para exercer as súas liberdades e poderen escoller que lingua quere falar e as administracións teñen a obriga de garantir ese dereito.

Polas promesas electorais feitas polo Partido Popular e polos primeiros pasos dados no goberno, como por exemplo a modificación da Lei da función pública, semellaba que non pensaban asumir esa obriga. De feito unha decisión como a de modificar a Lei da función pública pode facer que eu, galego-falante, teña que lle falar en castelán a un funcionario porque así mo solicite porque non ten por que saber

galego. Así perdo os meus dereitos de dirixirme á administración na miña lingua porque un funcionario ó fin e ó cabo é administración.

Ademais comezaron o proceso de consulta a nais e pais sobre a lingua na que querían que estudasen os seus fillos e fillas co obxectivo de atender ás súas demandas. Sobre isto si que me vou parar brevemente porque é certo que esta consulta, á que chamaron enquisa pero que realmente non é enquisa porque unha enquisa se realiza sobre unha mostra dun universo censal e neste caso as preguntas diríxense a toda a poboación e non a unha mostra; sería polo tanto máis ben un referéndum. Ademais ten unha serie de defectos formais que xa se sinalaron en moitas ocasións.

Por exemplo, estamos a falar do ensino que é un servizo público, esencial e obrigatorio e polo tanto correspóndelle á totalidade do corpo social e non a unha parte del decidir sobre ese servizo. Ademais estamos a falar de medidas que van ser postas en marcha cunha vixencia prevista de catro anos e polo tanto deberían seren incluídas todas as persoas que se vexan afectadas por estas decisións. Eu teño un fillo que vai facer tres anos no mes de outubro, polo tanto vai comezar a Educación Infantil nun colexio público, concretamente no Colexio Frián, e a min ninguén me preguntou en que quero que lle dean clase ó meu fillo, nin eu, nin o meu home tivemos a oportunidade de responder a esa enquisa, porque ademais inventaron unha nova figura electoral para esta consulta que é a unidade parental; xa non son as persoas, xa non é “unha persoa, un voto”, senón que o meu home e máis eu temos que nos poñer de acordo para poder contestar o mesmo.

De todos os xeitos a consecuencia lóxica desta consulta sería a segregación, é dicir, se eu decido que ó meu fillo lle dean as clases en galego terá que estar nunha aula na que só se dan as clases en galego, e alguén que decida que ó seu fillo lle dean as clases en castelán terá que estar nunha aula na que se dean as clases en castelán, pero as dúas cousas non poden ser ó mesmo tempo.

Aquí atopamos a nova rectificación do goberno do PP. O secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, xa dixo que de ningunha maneira ía haber segregación lingüística nas aulas dos nosos centros públicos e ademais logo o goberno contestou que por unha cuestión económica non era posible. Así mesmo este 25 de xullo nunha entrevista ó Sr. Núñez Feijóo tiveron ocasión de ler que el estaba en contra de calquera tipo de segregación e, por suposto, da segregación lingüística, co que podemos estar un pouco máis tranquilos sabendo que non se van segregar ós rapaces nas aulas pola súa lingua.

Seguro que hai moitos colectivos satisfeitos como nós: os colectivos das ANPAS, os sindicatos do ensino, profesores, funcionarios non docentes, traballadores do ámbito da Normalización Lingüística, organismos científicos e culturais galegos, mesmo algúns da Xunta de Galicia como a Real Academia Galega, o Consello da Cultura, o Instituto da Lingua Galega (ILGA). Os que seguramente non estarán tan contentos son outros colectivos como por exemplo Galicia Bilingüe porque de feito, tal e como xa expresou a súa presidenta, Gloria Lago, denunciou publicamente a traizón de Alberto Núñez Feijóo por nomearen a Anxo Lorenzo como secretario xeral de Política Lingüística e así contaba nunha entrevista que lle realizou D. Federico Jiménez Losantos que a chamaron nais furiosas e indignadas chorando e dicindo: “Como nos puideron traizoar? Eu nunca votara ó PP e fíxeno por isto, fíxeno polos meus fillos”. Menos mal que lles queda a UPID para defender os seus dereitos. Para a Sra. Lago son traizóns e falla de cumprimento de promesas electorais, pero para nós son rectificacións, rectificacións benvidas e de feito xa son varias en política lingüística.

O goberno do PP anunciou que derrogaría o decreto 124/2007 así que tomase posesión coma Presidente da Xunta D. Alberto Núñez Feijóo e xa van máis de cen días de goberno e non se produciu tal derogación. Tamén dixo que realizaría unha consulta sobre a lingua na que deben ser impartidas as materias troncais que definiu como aquelas que teñen libros de texto, porén incluía unha consulta en Educación Infantil que, como se sabe, carece de libros de texto; que implantaría un sistema educativo no que todos os alumnos estudasen na lingua de elección dos seus pais. Isto implicaría unha segregación lingüística por aulas, máis tal posibilidade xa se desbotou dende a Xunta de Galicia.

Por todo isto temos que nos felicitar realmente pola súa rectificación e, vendo a defensa que fixo desta moción, o Sr. López-Chaves coido que xa non é o interlocutor do Grupo Popular en canto a cuestións lingüísticas porque dende logo as accións do seu goberno non teñen nada que ver co que acaba de expresar.

De todos os xeitos, segundo a enquisa post-electoral do CIS, que non dun medio de comunicación, a lingua é o problema menos incitante para os entrevistados, moi por detrás do paro, da economía, a agricultura, a vivenda e un longo etcétera do que si se debería preocupar o goberno galego, aínda que, por suposto non sendo un problema fundamental, é importante solucionalo para que persoas con moita formación académica e ocupando cargos públicos deixen de presentar mocións escritas en galego inzadas de faltas de ortografía e deixen de utilizar en castelán expresións coma “el gobierno no es quien de ejecutar por ser capaz...”, porque ese é

un calco do galego, iso non é castelán, ou “usted es muy listo de saber lo que iba decirle”. Estes son algúns exemplos que demostran que o problema é que hai xente que sabe galego e que sabe castelán, e hai xente que non quere ter nada que ver co galego, pero que tampouco sabe falar castelán.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: “Vanidad de vanidades y sólo vanidad”. Agora veñen aquí darnos clase. Algún se cre por riba dos demais para poder impartir aquí doutrina, cátedra e sinalar e corrixir ás demais persoas. Pero eu tamén a vou corrixir porque é que non sabe o que é a patria potestade.

Esa é a patria potestade, se non hai acordo entre os pais terán que iren ó Xulgado pero a decisión que toman os pais, tómana vostedes diariamente. Di vostede que pasa de non haberen acordo entre os pais, pero ese é o exercizo diario e cotiá da patria potestade. Polo tanto non veña vostede en que se preguntan a un e ó outro non está de acordo porque ese é o exercizo diario e continuo da patria potestade e aí está o Código Civil.

Non coido que se apropien do cariño ó galego. Teño aquí os resultados do Partido Popular nas últimas eleccións de marzo e pódese ver en azul os concellos onde gañou o Partido Popular, en vermello onde gaña o Partido Socialista e outra color non hai porque non hai ningún outro concello onde gañe o Bloque. Aquí pódese ver que hai zona urbana e zona rural. O Partido Popular gañou na zona rural. Hai máis votantes do Partido Popular que falan galego que do PSOE e do Bloque, entre outras cousas porque nos votan máis, pero tamén hai máis votantes que falan o galego. Polo tanto o cariño ó galego non o teñen vostedes, nin é exclusivo de ninguén.

Por que di vostede iso de: Por que ten que ser motivo de vergoña falaren galego?

Non poden patrimonializar o galego. Durante moitos anos, porque así o quixeron os galegos e as galegas, o Partido Popular gobernou en Galicia e toda a promoción do galego, tanto co goberno de D. Xerardo Fernández Albor, como no do Sr. Fraga e xa no goberno de D. Alberto Núñez Feijóo, fíxoas o Partido Popular. Polo tanto non se pode acusar nese sentido de que un está nun lado e outro noutro; ese non é o debate, o debate é o exercizo da liberdade lingüística e por iso, de verdade, dáme moita alegría que vostedes vaian votar a favor desta moción que fala da liberdade lingüística porque o que está recollido nela é o que defendeu o Partido Popular durante os gobernos tanto de D. Xerardo Fernández Albor como no do Sr. Fraga e agora co do Sr. Núñez Feijóo. Defenden vostedes agora a posibilidade de liberdade lingüística e paréceme moi ben. Nós defendemos a competencia nas dúas linguas e a

promoción positiva do galego tamén a fixemos, recóllea a política do Partido Popular. Vostede di que cambiamos pero é que vostedes falan de liberdade lingüística e eu creo que non, creo que teñen dúas mensaxes, unha aquí e outra no Parlamento de Santiago porque coa mesma política que está levando o Partido Popular, aquí están as declaracións de Bieito Lobeira: “Un auténtico atentado á lingua galega”; as declaracións de José Manuel Lage, neses momentos voceiro do Partido Socialista, ían no sentido de que o Partido Popular estaba producindo unha carnicería e un brutal ataque sobre o galego. Pero presentamos a moción e aquí votan a favor, presentamos a moción da política que está xestionando o Partido Popular en Santiago, o que critican hai uns días en Santiago no Parlamento de Galicia, dicindo que é un paso atrás, un atraso e en troques en Vigo teñen outro discurso e outra actuación.

Polo tanto alégrome de que por fin admitan por unha moción do Partido Popular a idea da liberdade lingüística, é moi importante porque hai uns meses non a admitían, a liberdade lingüística non a querían pero agora votan a favor de que se poida falar de liberdade lingüística nunha moción e de bilingüismo cordial que aparece tamén na moción, un termo do que se mofaron, riron e agora o votan a favor. Dende logo que é un cambio de actitude do PSOE e do Bloque, un cambio de criterio que non sei se obedece unicamente a situacións xeográficas, é dicir, que en Santiago sexa unha cousa e en Vigo por outros motivos pensamos outra cousa. Dende logo que é un paso adiante.

No mesmo día no que se producía o atentado contra Gloria Lago no Parlamento de Galicia non o quixo condenar ninguén; tivo que ser en Vigo. Quizais Vigo sexa a avanzada do Bloque e que do Bloque agora veña a liberdade lingüística, ou quizais sexa unha dobre mensaxe, pero dende logo que nunha moción admitan o bilingüismo cordial e a liberdade lingüística é un grande avance.

Por iso o Partido Popular quere felicitar este cambio de criterio do Bloque que espero que o poida manter, cumprir a liberdade lingüística e preguntarlles ós pais e nais sobre o tema educativo. Pero ademais non é só iso, senón o que resultou das enquisas que se publican por algún medio de comunicación que fala dese apoio á política do Partido Popular e ás enquisas que realizou dunha maneira considerable dentro do electorado. A enquisa sobre o galego preto do 48,8% considérasea positiva e moi positiva o 12,4%. Eses son tantos por cento moi elevados porque se os suman os dous nos dá máis do 60% a favor desa enquisa.

Quizais foi que ó veren as enquisas que apareceron o outro día nun medio de

comunicación cambiaron de criterio. Dende logo é de felicitar que agora o Bloque defenda a liberdade lingüística e que o PSOE vote co Partido Popular esta iniciativa. Felicítámonos por iso.

Pero non se pode seguir utilizando a lingua como elemento de conflito, non hai dous bandos, hai o bando dos que defenden o galego e o do que defenden a liberdade. Agora vostedes están nese bando da promoción positiva do galego e defensa da liberdade lingüística. Estanse achegando. Coido que están moderando a mensaxe e iso é unha boa nova. Insisto en que esperamos que non sexan razóns xeográficas ou políticas. Non sei se en Santiago van cambiar tamén a mensaxe, se non o fixeron é que non hai cambio, é que sinxelamente son oportunismos políticos de dicir unha cousa en Santiago e outra en Vigo.

Felicítoos por apoiar esta iniciativa do Partido Popular.

SRA. VELOSO RÍOS: Recollemos a felicitación. Coido que nos debemos felicitar todos por este amplo consenso. Eu felicítoos a vostedes e vostedes a nós; coido que é para se felicitar todo o mundo.

Dixo vostede que hai máis votantes do PP que falan galego que votantes do PSOE e do BNG, pero xa no mes pasado utilizou esa mesma argumentación e xa tamén lles dixen o mes pasado que, por favor, se apropien da lingua, que utilicen vostedes tamén o galego e demóstrennos que persoas con formación, con capacidade e que teñen cargos públicos son quen de falar en galego.

O por que da vergoña de falaren en galego explíqueo vostede, Sr. López-Chaves, que fala sempre en español, quizais vostede nos pode explicar o por que de non falar en galego. É algo que nós non entendemos porque por suposto que hai liberdade para elixir unha ou outra lingua, pero quizais tamén sería interesante coñecer as razóns.

De todos os xeitos a lingua materna da maioría da poboación é o galego, só un de cada catro é bilingüe dende a infancia. O Sr. Feijóo aposta por un ensino bilingüe en nome do respecto á lingua materna dos alumnos, mais a realidade demostra que o bilingüismo é realmente minoritario no ámbito familiar. En termos aproximados de cada catro cidadáns dous foron educados en galego, un en español e outro en ambas linguas. O traslado desa realidade ó ensino non se realizou nunca e esa é realmente unhas das causas principais da progresiva perda de falantes do galego.

A administración ten a obriga de garantir a toda a cidadanía a competencia lingüística nas dúas linguas, se non hai competencia non hai liberdade e repito novamente o que dicíamos o mes pasado: se eu non sei chinés malamente teño a

posibilidade de elixir falar chinés. Cantas veces os e as galego falantes nos atopamos con persoas que nos din iso de: “Perdona, de verdade que me gustaría hablarte en gallego pero es que no sé, vas a pensar que soy una maleducada”. Non, máis ben é unha persoa que sofre que teñamos un sistema educativo que non garante a liberdade das persoas, que non garante unha competencia lingüística en galego suficiente como para se poder expresar se así o quere facer. Esa é a realidade.

O Sr. Conselleiro de Educación dixo no Parlamento de Galicia que ía establecer un sistema que garantise a competencia nas dúas linguas de todos os rapaces e rapazas ó remataren o ensino obrigatorio. Iso é o que dixo o Conselleiro de Educación e agora imos ver como fai, pero dende logo que non se corresponde coa promesa electoral do Partido Popular. Por iso os felicito pola súa rectificación. Esa si que é unha rectificación e quizais non ten moito que ver o que se di en Santiago co que se di en Vigo no caso do Partido Popular, aínda que vendo o texto da moción coido que sinxelamente é o Sr. López-Chaves quen non ten moito que ver coas accións de goberno do seu partido.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: A Sra. Veloso colócame no grupo dos independentes. Non sei, pero coido que o problema o teñen no Bloque onde hai tantas correntes que o Orinoco ó seu lado semella unha balsa de aceite. Correntes hai noutros grupos pero iso non pasa no Partido Popular.

Neste Pleno eu falei en galego nalgunha das miñas intervencións. A min non me dá vergoña falar en galego. Utilizo as linguas en liberdade. A vostede só a escoitei falar en galego e se utilizamos a súa mesma regra e o seu mesmo razoamento: “Non fala galego, despreza o galego”. Vostede non fala castelán, sente vergoña de falar en castelán? Non, verdade que non? Vostede elixe a lingua na que quere falar. Eu elixín falar en castelán e en galego, vostede só en galego, significa iso que sente vergoña de falar en castelán? Quen non fala castelán é porque sente vergoña de falar en castelán? Non, pero eses son uns razoamentos que de aplicaren a regra aplicada por vostede chegaríamos a esa conclusión.

Parlamento Galego, porque se vostede Falou antes da Real Academia Galega, pero lembre o ditame da Real Academia Galega que di que o único nome lexítimo de Galicia é Galicia e se queren cambiar pódese empregar outro.

Insisto en que a aceptación da moción é un profundo cambio por parte do Bloque e do PSOE no tema. Pedimos nela articular un modelo que garanta ó remate das etapas educativas a igual competencias das dúas linguas oficiais atendendo tanto á

liberdade lingüística como á promoción do galego. Esa é a política do Partido Popular que somos carniceiros no Parlamento de Galicia. Atender ós sectores implicados en materia educativo incluíndo necesariamente a pais e nais para a definición dun modelo lingüístico que garanta a convivencia das dúas linguas e a liberdade lingüística. Insistir nas políticas de promoción en positivo e do fomento da lingua galega.

Dende logo esta é a política en materia de lingua do Partido Popular e está ben que agora o PSOE e o Bloque se incorporen a esta política pero, insisto, esperemos que non sexa sinxelamente unha decisión circunstancial e que iso supoña un cambio dentro do Bloque que vai admitir a liberdade lingüística.

Polo tanto insisto en que nos felicitamos e dende logo esta é unha mostra dese cambio. Dende logo que o Partido Popular vai seguir insistindo e así o dixemos na campaña e seguímolo dicindo: dúas linguas oficias, promoción do galego e liberdade lingüística. Imos seguir nesa política que é a que está aplicando o Partido Popular e como xa chegamos a un consenso e visto este cambio de comportamento por parte do PSOE-Bloque, non quero facer referencia a declaracións que fixeron algúns ex-cargos do Consello da Xunta.

É importante que o Pleno do Concello de Vigo recoñeza nunha moción o bilingüismo cordial e o dereito á liberdade lingüística que imos votar nesta moción.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez, do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Comesaña Abalde, relativa á igualdade na competencia das dúas linguas oficias, castelán e galego, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (138).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A POSTA EN FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA ETEA. DOC. 90091957.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do 19

S.Ordinaria 27.07.09

de xuño, número 90091957, a concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse, formula a seguinte moción:

“Despois de que o pasado 29 de marzo deste ano o Comité Executivo da Zona Franca adoptase o acordo de acometer a reparación das instalacións deportivas da ETEA, a través dun convenio no que sexa o Concello quen realice os traballos por valor de dous millóns de euros, compensados por Zona Franca con motivo dos traballos das obras de saneamento e subministro de auga que executa o Concello en rúas próximas ao Consorcio, seguimos pendentes de coñecer todos os termos do acordo.

Ante esta situación que xa se dilata un mes, e que está a supoñer a falta de concreción das datas coas que traballar de cara ao uso das instalacións deportivas polas entidades que teñan dereito a solicitalo, dende o Grupo Municipal do Partido Popular solicitamos que se fixen unhas datas para levar adiante o proxecto, comezando pola sinatura do convenio e continuando polos traballos a levar a cabo na piscina, pavillón, campo de fútbol, ximnasio, vestiarios e contorno, así como os prazos para utilizar as instalacións.

Ademais, tamén queremos puntualizar e expoñer que nos parece de xustiza que sexan os equipos da zona de Teis os primeiros e preferentes á hora de poder optar á utilización das instalacións deportivas. Condición esta que tamén debería aplicarse a pavillóns do rural onde equipos do contorno teñen as mesmas condicións que equipos doutros barrios e parroquias.

Con esta formulación e descoñecendo os tempos que baralla o goberno para abrir as portas do complexo deportivo da ETEA, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

- 1.- Que o Goberno Municipal ofrezca publicamente un calendario para acometer os traballos das instalacións deportivas da ETEA así como as características destas.
- 2.- Que sexan os equipos do contorno de Teis os primeiros en dispor das instalacións de maneira preferente coa coordinación do Instituto Municipal dos Deportes.
- 3.- Que o Goberno articule e dea a coñecer publicamente con que persoal contará o complexo deportivo.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de xullo de 2009, tomou coñecemento do anterior.

DEBATE.- SRA. MUÑOZ POSSE: O primeiro que quero dicir para que quede claro perante todos os cidadáns é que esta moción, igual que a seguinte que vou formular, presentáronse no Pleno do mes pasado pero, como parece ser que neste Pleno non hai total liberdade, non ma deixaron defender; ou tamén pode ser que o tema do deporte non lles interesa demasiado.

Neste mesmo salón o mes pasado eu presentei esta moción por urxencia e vostedes votaron en contra, por iso non entendo moi ben por que agora ven ó Pleno e o mes pasado non. Igual é porque o mes pasado eran as seis da tarde e todos tiñamos presa, pero agora son as tres e o horario vai sendo o mesmo.

Deseguido a concelleira Sra. Muñoz Posse procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

SR. LÓPEZ FONT: Coido que xa está suficientemente aclarado o que aconteceu coas mocións o mes pasado, como as presentou o Partido Popular e cal foi a decisión da Xunta de Voceiros sobre as mocións presentadas. A cada moción que presentan vostedes estamos ante a mesma situación do ter que explicar. A Xunta de Voceiros o mes pasado tomou unha determinación e iso non significa que non tivésemos interese en debater este tema. Eran máis ben vostedes quen co número de mocións presentadas tentaron desvirtuar os temas, polo tanto que lle quede clara esta cuestión.

Para este Goberno o acordo sobre a Cidade do Mar e sobre a ETEA supuxo un fito certamente importante, recuperaren 40.000 metros cadrados para a cidade e sobre todo supuxo abrir as instalacións da ETEA ós cidadáns. Dende o primeiro momento por parte do Goberno municipal instouse a que se chegase a un acordo entre Zona Franca e Goberno da cidade que permitise que con cargo á Zona Franca se puidesen arranxar e acondicionar as instalacións deportivas.

Na súa moción ten un erro e lamento rectificala pero é que o 29 de marzo o Comité Executivo da Zona Franca efectivamente aprobou que estas instalacións se arranxasen pola súa parte vía acordo, pero en ningún momento se cifrou a cantidade na que se tiñan que arranxar. Son membro do Comité Executivo de Zona Franca e en ningún momento houbo un acordo sobre este aspecto en relación cunha cantidade.

A partir daí e dende ese momento o Goberno municipal traballou en colaboración con Zona Franca para procurar a forma de arranxar estas instalacións. Maximo que vostede coñece polo seguimento dos acordos adoptados na Xunta de Goberno Local que a semana pasada aprobouse, igual que o aprobou Zona Franca, un convenio que subscriben as dúas entidades e que estaba pendente de ratificación polos órganos competentes. De feito na xuntanza do Comité Executivo de mañá tamén se dará conta deste convenio.

Direille que o acordo entre Zona Franca e o Goberno da cidade de Vigo supón o

arranxo de todas as instalacións que vostede menciona na súa moción tal e como xa foi comprometido polo Goberno desta cidade. Polo tanto en canto ó que se refire vostede de calendario estamos sinxelamente esperando a que este convenio se ratifique por Zona Franca, xa o foi polo Concello de Vigo, a partir daí que se licite a obra conxunta de todas as instalacións deportivas e lamento non poder dicirle unha data concreta pero coido que o máis importante é que xa hai ese acordo sobre o que este Goberno pretendía.

A partir daí como ben indica na súa moción e xa anticipo que imos votar a favor porque é o que fixemos dende o primeiro momento, corresponderá a decisión do Goberno a través da súa política de deportes e de persoal, coordinar que clubs deben utilizar as instalacións e que persoal é necesario.

Os puntos que expón na súa moción son da nosa conformidade, é precisamente no que traballamos durante todo este tempo e a data de hoxe, aínda que dende o Partido Popular se fagan críticas ó convenio da Cidade do Mar, é agora o momento de dicir o importante que foi, é o momento de recoñecer o acerto que tivo este Goberno en presentar un convenio a tres bandas entre Xunta de Galicia, Administración Central por medio da Zona Franca e Goberno municipal.

Hoxe os cidadáns poden pasear pola ETEA, poden gozar desas instalacións que sempre estaban de costas ós cidadás. Con este acordo que é unha parte máis dese convenio con Zona Franca tamén poderán gozar das instalacións municipais. Aqueles que dubidaban que o convenio de Cidade do Mar era bo para esta cidade, hoxe deberían entoar o “mea culpa” sobre aquelas acusacións.

Coido que o importante é onde estamos: gozando da ETEA, cun acordo de arranxo nese convenio entre Zona Franca e Goberno municipal e como sempre dixemos e como sempre cumprimos. Cando dicíamos que os cidadáns pasearían pola ETEA e vostedes eran moi escépticos e negábano como negan todo, ó final vostede e os concelleiros do Partido Popular poden pasear por alí e gozarán das instalacións deportivas, o que ven confirmar a política deste Goberno de colaboración institucional que se materializou no convenio de Cidade do Mar que co paso do tempo ata dende o Partido Popular se recoñecerá coma un dos grandes fitos na historia desta cidade.

SR. ALONSO PÉREZ: Recollendo o sentir da Asociación de Veciños de Teis, das agrupacións deportivas de Teis e do propio BNG, cando se negociou o pacto de goberno entre o PSOE e o BNG, nós fixemos fincapé en incorporar ó pacto de goberno

a recuperación das instalacións deportivas da ETEA. Afortunadamente isto comprendeuse polos dous partidos que formamos o Goberno e incluíuse nese pacto. Tamén afortunadamente o Goberno cumpre o que está escrito e pactado e logo executámolo.

Estamos en fase de poñer en marcha as instalacións deportivas da ETEA e só dicir que é política da concellería que sempre teñan preferencia as parroquias e os barrios próximos ás instalacións deportivas. Por primeira vez se fixeron acordos en Bembrive, en Castrelos, coas asociacións de veciños para dar esa preferencia ós veciños da zona.

Dende a concellería de Deportes temos necesidade dun seguimento porque a futura apertura das instalacións necesita que no orzamento do ano que ven se habilite unha dotación económica que nos permita ter persoal para a apertura das instalacións. Irá por fases pero todas as instalacións, ximnasio, pavillón de deportes, piscina, campo de fútbol, irán progresivamente poñéndose en marcha.

SRA. MUÑOZ POSSE: O 19 de marzo o Sr. Alcalde dicía textualmente: "Abriranse nun breve período de tempo". Levamos catro meses o que non é un breve período de tempo, polo menos para min, como segamos así imos chegar a 2010 e aquí ninguén fixo nada.

Só pedimos un calendario de traballo, non o vexo tan difícil, que nos digan que día van comezar e que día aproximado van rematar porque xa sabemos que coas obras nunca se sabe pero si o día que van comezar. Non é tan complicado.

O Sr. Font dixo que o máis importante era o acordo entre o Goberno e a Zona Franca. Coido que non, que o máis importante son os veciños que teñen alí as instalacións deportivas feitas unha porcallada. Móvanse, axilicen o convenio e entren a traballar e a arranxar as instalacións deportivas, a piscina, o pavillón e o campo de Fútbol.

O Sr. Alcalde tamén dixo que o campo de fútbol íao substituír por un aparcadoiro. Pois moi ben, debe ser que os aparcadoiros que van sacar en Coia vanos pasar a Teis, o que pasa é que ós de Coia non lles queda moi ben aparcar en Teis porque non lles queda precisamente ó seu carón. O que necesitan é un campo de fútbol, non un aparcadoiro. Non entendo por que teñen que poñer un aparcadoiro dentro das instalacións deportivas cando o que necesitan os equipos de alí é un campo de fútbol.

Dentro do complexo deportivo hai que saber que persoal vai estar alí, que horarios vai ter, se vai estar aberto todos os días. É o único que lle estamos pedindo nesta

moción, que nos digan que persoal vai estar dentro do complexo deportivo, canto diñeiro se vai gastar nese persoal, etc.

SR. LÓPEZ FONT: Abriranse as instalacións en canto se poidan abrir. Vostede fai mención a unhas manifestacións do Alcalde do 19 de marzo. Dende o primeiro momento dende o Goberno municipal o que tentamos é arranxar estas instalacións. O máis importante por suposto son sempre os veciños pero para que poidan gozar das instalacións da ETEA primeiro había que asinar o convenio e se fose polo grupo municipal no que vostede está incluída non se tería asinado ese convenio de Cidade do Mar.

Como dicía o Sr. Alonso anteriormente, o importante é que este Goberno chegou coa intención de recuperar a ETEA, fixo todo o posible e foi un longo proceso negociador para que a cidade de Vigo tivese un proxecto como o da Cidade do Mar que vai ser o buque insignia de Galicia. Nisto non estiveron vostedes a favor, aínda se preguntan que é o proxecto da Cidade do Mar pero cando se o preguntaban tamén estaban negando a evidencia de que se estaba acordando algo moi importante para a cidade. Para os que se preguntan que é o proxecto da Cidade do Mar, é un acordo do mesmo tipo que calquera que poida adoptar o Goberno do Sr. Núñez Feijoo, é tan lexítimo o acordo que asinou don Emilio Pérez Touriño como Presidente da Xunta e ten o mesmo compromiso institucional como calquera dos actos que poida facer o Sr. Núñez Feijoo. Podemos estar vostede e máis eu falando das instalacións, do calendario, de canto persoal vai ter única e exclusivamente porque houbo unha sinatura dun convenio sobre a Cidade do Mar, se por vostedes fose a ETEA permanecería pechada e xa non tería vostede que preguntar como ían quedar as instalacións.

Eu si me preocupo polos veciños e quero que precisamente dende o Goberno municipal o acordo da Cidade do Mar reverta, como xa foi así, nos veciños, pero estamos nunha situación na que podemos dispoñer da ETEA e agora das súas instalacións deportivas porque houbo ese acordo. Iso é o importante fronte a mensaxe que vostedes estiveron dando do que custaba ó Concello, de que era un mal acordo, que descoñecían o proxecto. No acordo que se vai asinar, aprobado por Concello e Zona Franca, englobase o arranxo de todas as instalacións deportivas.

O complexo Cidade do Mar, Sra. Muñoz Posse, engloba un aparcadoiro e determinadas actuacións que pode ser que cheguen ou non. Se nun futuro hai que facer un aparcadoiro e provisionalmente hai que estar sen campo de fútbol, xa o faremos.

Coido que deberían felicitarse vostedes tamén porque o sorprendente é que cando se acadan cousas positivas para a cidade tamén estean de costas a elas.

O calendario igual que todos marcarao a licitación e as ofertas que presenten as empresas. O noso traballo está en acadar o acordo con Zona Franca, en ter a dispoñibilidade presupostaria para que isto sexa unha realidade e non se preocupe que estarán abertas o primeiro día que se poida. Somos nós os máximos interesados, igual que xa o fomos para recuperar a ETEA, en que esas instalacións estean dispoñibles. A partir daí como todas as instalacións e como toda a actuación do Goberno, xa o deixou taxativamente moi claro o concelleiro de Deportes, daremos prioridade ós clubs de Teis e teremos o persoal que as necesidades presupostarias nos permitan igual que en todos os sitios. Esperamos que cando traíamos o presuposto do próximo ano, se esta igual que outras cuestións require de modificación presupostaria, en beneficio dos veciños de Teis contemos co apoio do seu grupo e non como fixeron esta mañá dando as costas á cidade.

SRA. MUÑOZ POSSE: Non creo que nós lle désemos nunca as costas á cidade pero se iso é o que vostedes pensan alá vostedes.

Eu presenteí unha moción con tres puntos moi claros. No punto 1 que nos digan cando empeza o calendario. Se non o queren dicir non o digan, da igual, os veciños de Teis xa virán protestar polas instalacións deportivas porque como van seguir protestando polo AVE de paso xa protestan polas dúas cousas.

Podemos utilizar a ETEA pero non as instalacións deportivas e non nos queren dicir cando imos poder. Non sabemos se vai haber campo de fútbol ou non, non nos están dando solucións. O Sr. Alcalde dixo que o ía substituír por un aparcadoiro. Póñanse de acordo. Eu remítome ó que atopo na prensa. Igual é que nesta cidade os coches son máis importantes que o deporte aínda que o son bastante gracias a Citroën. Que os equipos de Teis sexan prioritarios é moi importante, non ocorre así en todo o rural e nesta cidade moitas veces para xogar ó fútbol é bastante complicado encontrar campo.

Dígannos por favor con que persoal imos contar nas instalacións deportivas porque se abrimos unhas instalacións nas que non hai ninguén, aquilo vai ser unha loucura. Explíquenno publicamente que é o que van facer coas instalacións deportivas da ETEA.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez, do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse, instando a posta en funcionamento das instalacións deportivas da ETEA, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (139).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO O COMPROMISO DA CONCELLERÍA DE DEPORTES DE MUDAR A SUPERFICIE DO TERREO DE XOGO DO PAVILLÓN DAS TRAVESAS. DOC. 90091958.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do 19 de xuño, número 90091958, a concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse, formula a seguinte moción:

“O vetusto terreo de xogo de herba artificial do Instituto Municipal dos Deportes está a vivir a agonía propia de moitos anos soportando o desgaste lóxico que se produce polos equipos que o utilizan.

Tanto se xoga ao fútbol como ao hóckey, unhas veces trátase de adestramentos e outras de xogos oficiais.

Entidades como o Balaídos, Independiente, Vigo 2015 e Gran Peña de fútbol, Hóckey Atlántico, Hóckey Junior ou agrupacións independentes como Cedro entre outros, alugan o terreo para ter dereito a xogar. Algúns teñen xa planificados os días e outros solicitan a instalación segundo das súas necesidades.

O certo do caso é que o terreo de xogo non reúne agora mesmo as mínimas condicións para a práctica do deporte supoñendo un risco de lesións para os xogadores, motivado polos buracos existentes e que atopan remedio caseiro reenchéndoo de area.

Sendo un terreo na actualidade deteriorado e que está a pedir unha muda de superficie facéndose novo, habería que pensar por parte da Concellería de Deportes en executar a reforma da instalación.

Tanto o fútbol como o hóckey teñen dereito a xogar nas mesmas condicións que outros equipos da cidade teñen en instalacións deportivas municipais.

Ante esta situación o Grupo Municipal do Partido Popular pide ao Goberno que adopte o seguinte acordo:

Que se adopte o compromiso firme dende a Concellería de Deportes de proceder a mudar a superficie do terreo de xogo de herba sintética do Pavillón das Travesas.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de xullo de 2009, tomou coñecemento do anterior.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. ALONSO PÉREZ: Supoño que a presentación da moción fíxose anteriormente á reparación e actuación no campo de herba sintética das Travesas. Supoño que estará informada que xa está reparado e xa houbo unha actuación alí. Se toda a argumentación foi anterior á reparación eu encantado que se rectifique e que se aplauda esta actuación como fan os clubs que o están a utilizar.

Por certo que se fixo esta actuación con moito éxito porque de como estaba antes, con retallos, cheo de area por todos os lados, mal cosido, a como quedou agora coido que os clubs están encantados. Como sabe se fixo unha instalación de nova fibra en todos os espazos danados, procedeuse a levantar a fibra na totalidade da superficie do terreo de xogo e a poñer uniforme toda a área e retiráronse nada máis e nada menos que cinco toneladas de exceso de area que había porque en dez anos que tiña o campo nunca se actuara.

Por iso digo que supoño que a moción a presentaría antes desta actuación.

SRA. MUÑOZ POSSE: A moción presenteina o mes pasado e a Federación non deixa xogar ó hóckey nese campo, non sei se vostedes saben que o equipo de hóckey de Vigo ten que ir xogar a Avilés os partidos que xoga en casa porque en casa xa non xogan nunca.

Á parte diso non van só os xogadores senón que tamén o médico, o adestrador, os técnicos, o delegado, os fisios, etc., teñen que ir ata Avilés co custo que iso supón de pagar hoteis, comidas, etc.

Eu mirei como se pode chegar a Avilés dende Vigo. Podemos ir en tren ou en autobús. Levar a cincuenta persoas ata Avilés cada quince días cústalle ó equipo de hóckey da cidade 1.817,50 euros multiplicado por dous para a volta, en total 3.635. Se imos en tren é máis divertido porque primeiro temos que ir a Madrid e logo de alí a Avilés; eu fun buscar ó AVE do Sr. Alcalde que dicía que estaba aí e a verdade é que

non o atopei porque igual no Ave chegaban antes. Ir a Avilés en tren dende Vigo cústalles 9.570 euros ida e volta. Quen vai pagar iso? O club de hóckey non creo, non é un gran club de fútbol que teña millóns por publicidade, etc. Non teñen cartos para ir xogar.

Contando tamén o que custa que os que viñan xogar en casa e que xa non veñen porque están en Avilés, xa non gastan hotel de aquí, non chegan á cidade, etc.

Non sei se a concellería de Deportes lles vai pagar a eles este diñeiro porque igual todos os cartos que están a gastar en publicidade, en viaxes, etc. Ilo van dar a eles para que poidan ir xogar a Avilés. Por outro lado tamén me pregunto se co plan "E" non podían ter solucionado este problema. Temos un equipo que se ten que ir xogar a Avilés e que realmente non lle vai facer ningún tipo de publicidade a esta cidade porque non vai saír na prensa que o equipo de Vigo que xoga en Avilés gañou un partido, co que nos quedamos sen publicidade fóra de Vigo e cun equipo de hóckey que non é precisamente boiante se teña que gastar cada quince días 3.600 euros ou 9.570 se queren ir no Ave vía Madrid.

SR. ALONSO PÉREZ: Eu son unha persoa moi aberta e se vostede ten dificultade en saber exactamente coma están as instalacións deportivas, bríndome a que as visite pero o que non pode ser é que presente unha moción e cando lle digo que xa está reparado, me responda o que lle custan os viaxes a Avilés. É importante pero en todo caso presente outra e explícolle cal é o criterio das subvencións en materia deportiva, agora falamos da reparación.

Dende a concellería de Deportes estamos facendo esforzos por renovar todas as instalacións deportivas e en concreto nas Travesas xógase a fútbol e hóckey herba. Por certo, se acaba de celebrar un torneo internacional e os compañeiros portugueses de Lisboa quedaron encantados pola reparación que se fixo.

Hai unha melloras que xa lle expliquei en que consistiron pero llo podo explicar con máis calma porque me gusta que vostede, que lle interesa o deporte, a coñeza de primeira man.

Non sei que é o que pretende coa moción, se o que quere son as reparacións xa lle digo que está reparado; se o que quere é discutir en materia de como se atenden ás subvencións tamén llo podo explicar.

En definitiva e en canto á moción dicir que imos moito máis alá, estamos cambiando con campo de herba sintética de última xeración en Bouzas, está xa rematado todo o proceso; fixemos reparacións a fondo no campo de Samil e no das Travesas e imos

seguir mellorando. Como lle dixen me brindo para que vostede coñeza cal é o estado actual das obras, porque me parece que neste intre non o coñece, para que poida verificar cal foi o estado de reparación e de actualización que se fixo concretamente no campo das Travesas.

Imos votar a favor porque estamos de acordo en mellorar.

SRA. MUÑOZ POSSE: Eu fixen a miña moción porque o presidente do Club Vigo de Hóckey se puxo en contacto con nós. Se está reparado paréceme moi ben pero eles seguen a queixarse. Eu só recollo o que me din os cidadáns. Se me din que o campo de fútbol está mal é que está mal. Se se reparou posteriormente paréceme perfecto, non llo discuto, e se se vai facer outro mellor, moito mellor, e se se poñen trescentos campos de herba sintética na cidade paréceme moi ben, aínda que me parecen moitos.

O único que quero e que pido é que se repare o campo de fútbol das Travesas porque non se pode xogar. Se está reparado me parece ben pero igual está reparado posteriormente a que eu falase con esta persoa. Igual é que chegou a moción e reparárono. Só digo que a xente se pon en contacto connosco para nos dicir que ese campo non serve para xogar ó hóckey e que se teñen que ir xogar fóra da cidade. Se existen subvencións para ir a Avilés paréceme moi ben, que as pidan, pero é o que custa ir e iso hai que telo en conta porque esa xente non ten eses cartos para xogar, igual pode pasar que remate desfacéndose o equipo e outra cousa menos para a cidade.

Como sempre unha auténtica chapuza, tanto o do campo de fútbol, como dar as costas ó hockey, etc. Están gastando os cartos en cousas que non deberían e nas importantes que son para os cidadáns non o gastan.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez, do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sar. Muñoz Posse, instando o compromiso da Concellería de Deportes de mudar a superficie do terreo de xogo do pavillón das Travesas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (140).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO A APROBACIÓN URXENTE DO REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. DOC. 90091960.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do 19 de xuño, número 90091960, a concelleira do Grupo Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

“A democracia participativa, debe ser o complemento e elemento enriquecedor da actuación municipal. Esa participación permítelle aos concellos impulsar actuacións ao servizo dos intereses dos cidadáns que queren cooperar coa institución municipal.

A participación nos asuntos políticos e na información son os principios que motivan o achegamento entre o cidadán e a Administración Local, para obter unha resposta máis áxil aos problemas cotiáns e principios que á súa vez informan tanto a Carta Europea da Autonomía Local coma a Constitución de 1978.

Co fin de desenvolver unha normativa municipal actualizada e axustada á Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, o anterior Goberno Municipal do Partido Popular presentou ao Pleno do Concello do 31 de Marzo de 2006 o REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, para o seu debate.

Dito Regulamento quedou aprobado de xeito inicial, tendo que seguir a tramitación que esixe a lexislación vixente para a súa aprobación definitiva.

Hai xa dous anos que están a gobernar o PSOE e máis o BNG formando entre os dous a maioría suficiente para levar a cabo cantos asuntos consideren e, sen embargo, non foron quen de aprobar definitivamente dito Regulamento, tendo que estar suxeita a Participación Cidadá no Concello de Vigo á anterior normativa do 26 de marzo de 1992.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular, consideramos fundamental que as materias que recolle o Regulamento de Participación Cidadá se axusten á nova normativa e á realidade que se está vivir na sociedade, sen ter que se remitir a un Regulamento de hai 17 anos.

Por todo o exposto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Aprobar de xeito urxente o novo regulamento orgánico de Participación Cidadá.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xullo de 2009, tomou coñecemento do anterior.

A concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Como facía referencia a Sra. Iglesias, estámonos a rexeir por un regulamento de hai dezasete anos e tamén cumpriría dicir que foi a nosa cidade unha das pioneiras en elaborar este tipo de regulamento, das primeiras en ter un regulamento de Participación Cidadá e o certo é que con ese regulamento se veu fomentando dun xeito importante e amplo a participación dos veciños e veciñas, así como das entidades cidadás, sen ningún tipo de atranco.

Proba disto é que nestes dous anos aumentouse de forma importante facilitándolle a toda a cidadanía o acceso á información, a expedientes, etc., é dicir, todo aquilo que no capítulo de información o regulamento de Participación Cidadá recolle, todas as cuestións que se desenvolven no regulamento como o dereito á información, á petición, de proposta, de audiencia pública, intervención nos Plenos como tivemos ocasión de comprobar nestas últimas sesións, así como coñecer cada expediente, a súa tramitación, o punto en que está da tramitación e xa non me quero estender a outras cuestións que no regulamento non aparecen pero si que o fan na transparencia deste Concello na contratación de servizos, etc.

É certo que se pode precisar, sobre todo para adaptarse á nova lei, un novo regulamento. Como vostede ben di traballaron nun deles durante tres anos e medio ou catro porque a Lei da que vostede fala para o novo regulamento é do ano 2003 e polo tanto tamén tiveron tempo dabondo neses catro anos para aprobar ese novo regulamento.

Nós ímolo aprobar, traerémolo a Pleno seguramente en menos tempo do que vostedes tiveron para aprobalo e non o fixeron, polo tanto imos votar a favor desta moción porque entendemos que o novo regulamento debe acollerse ás novas normas e tamén recoller as novas circunstancias que agora mesmo teñan os cidadáns e as entidades cidadás e que se deben incluír no novo regulamento.

SRA. IGLESIAS BUENO: Vostede di que estivemos catro anos e en realidade non é así, estivemos gobernando tres anos e medio pero vostedes si levan xa dous anos e gustaríame saber a razón pola que aínda non trouxeron este regulamento, aprobado inicialmente por nós e que non foi aprobado definitivamente porque tiñamos unha oposición da que o único obxectivo era asfixiarmonos politicamente e esa foi a única

razón pola que non se aprobou.

Gustaríame saber as razóns polas que durante estes dous anos a súa xestión en canto a este tema foi cero. Esa é a miña pregunta: como está o estado de tramitación dese expediente, que xestións se fixeron sobre este tema.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Como concelleira de Participación Cidadá que me toucou ser no seu momento, precisamente hai catro anos, unha das cousas que se tiña pensado poñer en marcha naquel intre era un novo regulamento de Participación Cidadá. Coas circunstancias que todos coñecen polas que colleu o goberno o Partido Popular, insistir en que transcorreran tres anos e pico porque se trouxo o 31 de marzo de 2006, ata que este regulamento non se trouxo á aprobación inicial.

Aquí falan que seguindo a tramitación, non se trouxo á posterior aprobación definitiva e habería que preguntar que pasou do 31 de marzo de 2006 ata maio ou xuño de 2007 que remata ese mandato, pasa un ano e pico para que unha tramitación que podería ser definitiva non se poña en marcha. Todos e todas sabemos que é un regulamento que só tivera dúas alegacións por parte dos grupos e concretamente o BNG votou a favor tras que se lle admitira unha emenda.

Non ven a conto agora que se nos acuse a nós de atrasar durante dous anos este regulamento.

Respecto ó regulamento do Pleno que tamén corría presa e que tiveron vostedes tres anos e medio, agora tamén somos nós quen o temos que levar á práctica.

De todos os xeitos e como dicía o Sr. Rodríguez, lembrarlle que non por iso deixa de haber transparencia neste goberno, deixa de seren participativo porque vostedes en tres anos e medios non foron quen de crear ningunha comisión e nós en dous anos xa creamos comisións sectoriais como pode ser a comisión de emigración, da que vostedes forman parte, ou puxemos en marcha outros consellos sectoriais como o de Cooperación que vostedes non xuntaran nunca pois levaban dez anos sen se reunir e houbo que adaptar os contidos dos estatutos.

Só lembrarlle todo isto agora que a vostedes lles entran as presas.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Na súa propia moción dio, Sra. Iglesias. Di “que aprobaron inicialmente o 30 de marzo de 2006 o regulamento orgánico de Participación Cidadá para o seu debate”. Logo non fai ningunha referencia a que, logo de todas as alegacións e aportacións que puidera haber, vostedes non o trouxeron a ningún outro Pleno. Non entendo ese querer botar cara fóra cando di “asfixia política”, coido que

non se pode escudar niso.

Cando pregunta a razón de por que non o traemos, contesteille na miña primeira intervención: sinxelamente queremos que este regulamento recolla, non só o que a lei nos manda modificar, senón ademais as novas experiencias das relacións cos veciños e veciñas e coas entidades cívicas da nosa cidade.

Insisto en que co anterior regulamento estase a funcionar, os veciños e veciñas cada día teñen máis e mellor información, máis e mellor acceso a todo aquilo que lle é de interese para a súa vida cotiá e polo tanto non hai ningún baleiro pola falla deste novo regulamento.

Reitérolle que ímolo traer bastante antes do que o trouxeron vostedes. Estará aprobado para que todos poidamos ter ese regulamento que recolla todos aqueles aspectos da vida cotiá que se veñen dando nestes dous últimos anos e que poidan quedar así recollidos.

A PRESIDENCIA: Dado que houbo a intervención dun grupo fóra de tempo, ten vostede espazo para contestar, Sra. Iglesias.

SR. IGLESIAS BUENO: É certo que nós aprobámolo inicialmente no ano 2006, que tentamos consensualo e daí ven o atraso que tivemos pero iso estou admitíndoo. O que traio aquí non é iso, senón que é o que pasou nestes dous anos que aínda non veu a Pleno cando hai un goberno que supostamente está de acordo en todos os temas.

Volvemos ó de sempre, vostedes din que nós non o fixemos e polo tanto que vostedes poden non facelo tampouco pero houbo unhas eleccións, hai un novo goberno co cal a cidadanía esperaba que se tomasen decisións, que se retomasen os asuntos que segundo as súas declaracións eran urxentes. Non pode ser, Sr. Rodríguez, que o seu único argumento sexa sempre que nós non o fixemos. Non me parece xusto para os seus votantes.

Vostedes son un bi-goberno con maioría ou iso é o que tentan escenificar en curiosos actos que non convencen a ninguén e este é un exemplo máis de que vostedes seguen se se poñer de acordo en temas importantes como é a participación. Sei que ó PSOE cústalle especialmente cunha morea de exemplos que vivimos neste Pleno: o Pleno do PXOM con figurantes do PSOE, as restricións de tempo para debater as mocións e o último e triste episodio de eliminar do Pleno as mocións das concelleiras do PP.

Hoxe tamén miramos cambios de normas á carta, segundo o momento e é moi necesario un regulamento do Pleno pero non é o que estamos a tratar agora.

Tamén hai exemplos no aspecto da participación cidadá como o desprezo e bloqueo á Federación de Veciños e a todas as asociacións que difiran da liña oficial do Goberno e a partir dese momento se lle cancelan convenios, se lle retiran subvencións, etc. Se vostedes escoitasen ás asociacións desta cidade saberían que se senten ameazadas, que non se senten libres de dicir o que pensan, de dicir as súas opinións porque saben que de xeito inmediato cúrtaselle a billa para todo tipo de actividades.

Se que este regulamento non é a panacea de todas estas situacións porque moitas dependen do talante do Alcalde que segue a ser sectario e arbitrario, pero dalgún xeito este regulamento daría unha cobertura legal para que os axentes sociais e asociacións desta cidade poidan participar.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez, do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Iglesias Bueno, solicitando a aprobación urxente do regulamento orgánico de Participación Cidadá, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (141).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A POSTA EN MARCHA DE MEDIDAS PARA AXUDA Ó COMERCIO E HOSTALERÍA DA CIDADE. DOC. 90091963.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do 19 de xuño, número 90091963, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

“Desgraciadamente a realidade económica está superando unha vez máis as peores predicións e o Instituto Nacional de Estadística ven de confirmar que o noso país está atravesando o seu peor momento económico polo menos desde que existen estatísticas (1970).

A enorme dureza desta crise, con máis de catro millóns de parados en España, máis de 200.000 parados en Galicia e máis de 25.000 parados en Vigo, está afectando moi gravemente a todos os sectores produtivos.

En contra do que manifesta o alcalde, o comercio e a hostalería están sufrindo adicionalmente as consecuencias da falta de previsión das obras que se están levando a cabo en varios puntos da cidade e que están producindo un enorme caos que ten sido denunciado por diferentes colectivos.

Esta situación límite precisa que o goberno municipal escoite o que lle din ós cidadáns e tome urxentemente medidas para corrixir esta situación. Por iso o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ó Alcalde de Vigo a que poña en marcha un conxunto de medidas para axudar ó comercio e á hostalería da cidade que están sufrindo dobremente os efectos da crise e da improvisación nas obras.”

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 22 de xullo de 2009, tomou coñecemento do anterior.

O concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Moitas gracias Sr. Fidalgo por esta moción coa que estamos case de acordo con toda a súa motivación, agás que cualificar coma “un enorme caos” o que está a acontecer hoxe na cidade, coido que é moito cualificar; igual que falar da “improvisación das obras” coidamos que tampouco é tan certo.

Cando empezaron as obras e empezamos a sentir que no pequeno e mediano comercio da cidade e nos mercados municipais había números negativos, inmediatamente este Goberno, por parte do seu concelleiro do Comercio que son eu, puxémonos en contacto con todas e cada unha das asociacións de comerciantes e dos mercados desta cidade.

Coa asociación de comerciantes reunímonos para escoitala, tal como di vostede na moción, e para marcar entre todos unha liña de axudas e de estratexias a seguir. Liñas que neste momento están absolutamente pechadas e que xa lle anuncio que dentro duns días lle comunicarei a cada unha das asociacións habida conta do que se acaba de aprobar hoxe.

Acabamos de aprobar nada máis e nada menos que 1.200.000 euros que van reverter directamente no pequeno e mediano comercio desta cidade e nos mercados

municipais a través de axudas ás familias máis necesitadas para incentivar o consumo nos pequenos e medianos comercios e nos mercados e tamén co establecemento doutra axuda directa ós establecementos comerciais da nosa cidade para lles axudar nestes momentos de crise.

Polo tanto e sen lugar a dúbidas imos aprobar esta moción porque é algo que xa estamos a facer e que ademais vimos facendo coa cooperación, colaboración e aprobación das asociacións de comerciantes. Tamén o imos facer de cara ós mercados municipais porque tamén nos reunimos con eles e elaboramos un plan de incentivar o consumo nos mercados, da súa posta en valor pero tamén elaboramos un plan moi ambicioso de reforma, un plan estratéxico de obras nos mercados municipais e aquí si que lle pido ó Partido Popular que nos bote unha man.

Deste plan falouse e pactouse coa directora xeral de Comercio do anterior goberno da Xunta. Evidentemente non quedou pactada toda a cantidade pero contemplaba aproximadamente unha cantidade de cinco millóns de euros para dous anos que sería a parte que tería poñer enriba da mesa a Xunta de Galicia para acometer obras de modernización e de acondicionamento de todos os mercados municipais de Vigo poñendo o Concello outro 30%. A gran sorpresa coa que se atopa este concelleiro é unha carta da actual directora xeral de Comercio onde se nos di que dos cinco millóns que solicitamos en prazo, en dous anos a Xunta de Galicia nos vai conceder 300.000 euros.

Imos votarlle a favor desta moción, todos estamos de acordo en apoiar ó pequeno e mediano comercio e ós mercados municipais e tamén pido ó Partido Popular que nos boten unha man dicíndolle á súa directora xeral e ó seu goberno que de cinco millóns de euros pasar a 300.000 non é precisamente axudar ó comercio e ós mercados nun tempo de crise coma o actual, como vostede di. Polo tanto espero da súa axuda para convencer á actual Consellería de Industria e Comercio para que así o fagan.

Ímoslle votar a favor a moción sempre e cando estean dispostos a retirar unha palabra do seu texto resolutivo: “improvisación”, porque evidentemente non podemos estar de acordo. Pedímoslle que a moción quede “Instar ó Alcalde de Vigo a que poña en marcha un conxunto de medidas para axudar ó comercio e á hostalería da cidade que están sufrindo dobremente os efectos da crise e das obras”.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Como fala de improvisación e antes de empezar co programa, gustaríame matizar dúas cousas. Que lles pasa, concelleiros e concelleiras do Partido Popular? Están absolutamente rabiosos e estou preocupada. Por respecto

ós traballadores que están aí que xa só quedan tres e o Partido Popular o único que fai é falar directamente para as cámaras e para os medios de comunicación, aínda que non ten que ver coa moción pero como o Sr. Conde fixo alusión á crise, contestarlle que seguramente hoxe a raíña de Inglaterra faise a mesma pregunta e dilles ós axentes económicos como non se decataron da crise. O mesmo lle debería preguntar a vostede.

Miren se apoiamos ó comercio que: mercado de Bouzas, de Teis, do Calvario e das Travesas nas mesmas condicións que o mercado do centro. Iso en dous anos de goberno, a total remodelación do contorno dos mercados.

Obras en execución financiadas polo fondo de investimento local: rúa Val Miñor co 100% de execución, rúa Sevilla 56%, Valencia 53%, Zaragoza 56%, Urzáiz 46%, rúa Urzáiz dende Gregorio Fernández a Gregorio Espiño 45%, Baleares 49%, Canarias 49%, Venezuela 28%, Simón Bolívar 50%, Sanjurjo Badía 56%, Jesús Fernández 96%, Portela 56%, Badajoz 70%, Antela Conde 54%, Andalucía 51%, Palencia 58%, Sagunto 39%, Toledo 53%, o contorno de Balaídos 31%, Alcalde Portanet 48%, Marín 43% a pesar dos intentos do Partido Popular de paralizala, rúa Redondela 58%, Estrada 51%, Baiona 52%, tramo de Torrecedeira entre Eugenio Fadrique...

A PRESIDENCIA: Sra. Abelairas, o número de rúas é moi elevado e xa sabemos que está moi alto o nivel de realización. Continúe.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Se non me deixa que llo explique non sei se entenderán.

Executadas no ano 2008: Citröen, abastecemento no camiño da Seara, a cuberta do parque central, a mina de auga na rúa Abanico, vella reivindicación dos amigos e compañeiros de Beade, a supresión de barreiras arquitectónicas, a humanización do contorno de Povisa, a humanización do contorno do Calvario: Cataluña, León e Aragón; como lle dixen antes a humanización do mercado de Teis, Alameda de Suárez Llanos.

Obras executadas xa no 2009: o contorno do Calvario, beirarrúas no Xuncal, Sanjurjo Badía, etc. Non quero que me chame outra vez a atención o Sr. Alcalde pero para que vexan: Previsión dos traballos a realizar na semana do 27 ó 31 de xullo e a partir de aquí pódolle dar unha relación de todas esas improvisacións das que vostede fala, por exemplo: colocar varanda no camiño da Escorregada en Sampaio...

Está todo absolutamente programado, pode haber algunha incidencia que se

solventa no momento e por iso ímoslle votar que si sempre e cando retiren vostedes o da improvisación porque lle acabo de demostrar que iso non é certo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Xa adianto que non vou retirar o da improvisación porque é absoluta. Non tiñan bastante os comerciantes coa crise económica que vostedes sempre negaron, que lles fixeron unhas obras improvisadas, cun absoluto caos, con falta de xestión, falta de diálogo cos comerciantes, con comercios inaccesibles para os clientes, cafeterías con ruídos moi elevados, a imposibilidade de aparcar en centos de rúas, con comercios tapados por obras, con valados... A falta de planificación es clamorosa e está mandando ó paro a moitos profesionais.

Non o digo eu, dinllo os comerciantes. Faro de Vigo do 15 de maio: “Os comerciantes advirten que as obras agravarán a crise e o Alcalde cualifícaos de demagogos”. “Uns cincocentos comercios poderían desaparecer a consecuencia do desenvolvemento simultáneo desas obras e da crise económica”. “O voceiro dos comerciantes, Anxo Méndez, cifrou nuns cincocentos os comercios que poderían desaparecer en Vigo (a máis dos trescentos que xa pecharon) a consecuencia do desenvolvemento simultáneo desas obras e da crise económica, ó tempo que lamentou que o Concello vigués non lles informara axeitadamente dos peches de tráfico. Méndez pediu que se articulen compensacións económicas para os comerciantes e que se informe debidamente e coa antelación suficiente sobre os proxectos das obras. Tamén pediron ó Concello que non aconselle ós cidadáns que eviten o centro (se non quen vai ir ás súas tendas?). Méndez negou ademais que estas queixas dos comerciantes estean orquestradas, como acusaron os socialistas do Concello, dende o Partido Popular de Galicia”.

Logo rectificou ou obrigáronlle a rectificar e o 3 de xuño convoca unha comisión de seguimento das obras cando xa estaban bastante iniciadas, esas obras das que ten orgullosa está a Sra. Abelairas que parece que acompaña ó Alcalde no país das maravillas. O 4 de xuño di a prensa: “Concello e comerciantes repasan as humanizacións e consensuarán melloras. O colectivo ve moi positiva a comisión de seguimento e piden que se cumpran os prazos”.

Non me estraña ese listado de obras, por certo obras da parte Socialista porque non me fala das obras do centro que ademais está sen actualizar dende o 3 de xuño. Nestas obras, Faustino Álvarez, data de inicio 9 de marzo, prazo de execución dous meses. Coido que acaban de abrila agora, catro meses despois. Humanización rúa Val Miñor, 18 de marzo, prazo de execución dous meses. Debe ser a segunda de

España e tamén está sen abrir.

Vostede di neste medio de comunicación: “A concelleira salientou o seguimento exhaustivo que se está a realizar e asegura que todos os comerciantes están satisfeitos coa renovación. Nalgunha das rúas xa se superou o 80% da execución como é o caso de Torrecedeira que segundo a responsable de vías e obras estará rematada en quince días”. Isto dicíao vostede o día 4 de xuño. Hai que ver como está a rúa Torrecedeira, que llo digan os de Televigo.

O Sr. Tenente de Alcalde que en teoría é quen está preocupado polo comercio o que ten que facer é escoitar ós comerciantes. Nós fixémoslo, xuntámonos cos comerciantes, fixémoslle a vostede o traballo e imos dicirlle o que lles fai falla: queren obras pero planificadas e organizadas, é necesario o control e a vixilancia das contratas, dos entullos, hai que supervisar as obras como cando calquera fai obras na súa casa, non os deixa alí e logo xa veremos.

Os comerciantes necesitan que os vehículos de reparto poidan abastecer os seus negocios para logo vender a mercadoría; necesitan e reclaman mellorar o alumado para manter a visibilidade e a seguridade física dos viandantes; necesitan tirar o lixo nos contedores porque teñen que andar a buscalos, mentres hai obras haberá que situar novos puntos.

Tamén queren rebaixas fiscais, por que non? Poden recibir rebaixas fiscais no imposto de circulación, no lixo, no vao, hai outros concellos como por exemplo Granada que o están a facer. Sobre todo queren saber cando vai acabar este pesadelo, se rematan antes do Nadal eu xa asinaba. Sr. Domínguez Olveira debería asumir a defensa dun sector básico, estratéxico para a cidade, estamos a falar entre comercio e hostalería de case 40.000 postos de traballo, non dicir o primeiro que se lle ocorre e improvisar.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Van dar vostedes leccións a este goberno e máis concretamente a min de diálogo, de preocupación polo pequeno e mediano comercio cando foi gracias ó anterior Goberno da Xunta cando por fin se puido facer unha lei de horarios comerciais que beneficiou ó pequeno e mediano comercio como nunca. Vanlle dar lección a unhas forzas políticas como as nosas que deixaron no anterior goberno unha lei consensuada de comercio e que vostedes non van levar adiante porque evidentemente beneficia ó pequeno e mediano comercio.

Eu non sei que asociación lle deu iso aínda que ó mellor maximo con quen faloron vostedes. Tiven máis de dez xuntanzas como concelleiro de Comercio coas asociacións de comerciantes e cos xerentes de mercados que, por certo, tivo que ser

este goberno quen por fin puxo en marcha neste Pleno a mesa de diálogo cos xerentes dos mercados municipais porque non existían con vostedes.

Cando se crea esa comisión de obras que vostede dicía, hai un seguimento. Vostede preguntaba que pasa coas do centro; pois o concelleiro de Patrimonio Histórico lévase xuntando máis de cinco e seis veces precisamente cos comerciantes e coa xente que ten que ver con esas obras.

Dicíalle antes que hai dous meses que me reunín coa asociación do comerciantes e estaban completamente de acordo con esas medidas que quedei de lles trasladar a finais de xullo e que, como ben dicía, dentro duns días lle poderei presentar.

Cando empezan as obras é a primeira vez que un goberno desta cidade, en colaboración directa cos comerciantes, subvenciona e patrocina unha ampla actuación para que a xente poida vir comprar á zona centro e teña gratis os seus aparcadoiros e o servizo no autobús, cun total de case 40.000 euros que tivo que poñer o Concello. O ano pasado gastáronse en campañas de dinamización a prol do comercio vigués máis de 120.000 euros que tamén imos gastar este ano. Vostedes que son tan amigos das hemerotecas, rétolle Sr. Fidalgo a que nos diga cando un goberno do Partido Popular nesta cidade investiu en axudas directas ó pequeno e mediano comercio máis 1.200.000 euros.

Pero vostede non ven aquí falar dos comerciantes. Dígollo moi claro e moi alto, a vostede non lle importa o pequeno e mediano comercio. Vostede ven aquí, igual que fixeron durante toda a mañá, criticar ó goberno sexa como sexa e polo que sexa. Fíxese o que lle interesa o pequeno e mediano comercio que cando lle acabo de dicir que nós imos votar a favor e só lle pido que retire a palabra “improvisación”, vostede di que non o fai.

Polo tanto o importante da súa moción que é poñer en marcha un conxunto de medidas para axudar ó comercio e á hostalería da cidade, a vostede non lle importa nada. Na anterior intervención pasou máis tempo falando das obras, de carga e descarga e de non sei que máis, que o que realmente di vostede nos anteceden tes da moción. En que quedamos?

De verdade que a vostedes lles falta algo que para min é importante. Eu tamén estiven na oposición e agora estou no goberno e pediríalles por favor que cambien de rumbo, neste tema e en moitos outros. Fáltalles espírito de colaboración e de traballar por esta cidade. É inaudito que vostede, por non retirar unha palabra dunha moción, non queira conseguir a unanimidade das tres forzas políticas cando vostede ven aquí dar leccións de preocupación polo pequeno e mediano comercio. Por unha

palabra vostede vai saír de aquí sen que haxa unha moción aprobada por unanimidade.

Ese é o espírito construtivo e o que vostedes queren solucionar. Non, vostedes antepoñen as loitas partidistas e a crítica ó goberno por riba de que se solucionen os problemas. Mañá ou pasado reunireime coa Asociación de Comerciantes e direilles en que van consistir esas axudas, as campañas de promoción; pero tamén lles direi que puido haber un acordo unánime de toda a Corporación e que vostedes por unha palabra non quixeron que así fora.

Pero nós imos traballar igual porque o que nos diferencia de vostedes e que nós non estamos no país das marabillas, queremos estar na cidade das marabillas e para iso traballamos. A vostede nada lle parece ningunha marabilla, todo lle parece absolutamente mal porque non ven, non viven e non gozan da cidade. Só viven nesta cidade para molestar ó goberno.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Estamos expectantes porque parece ser que na modificación de crédito que ven hoxe, ese esbozo de plan de axuda ó comercio, 600.000 euros de incentivo ó consumo a través das familias menos favorecidas, non sabemos como se vai materializar iso, non sei se vostedes van expedir certificados de pobre e van dar vales para mercar. Non o sabemos pero estamos expectantes.

Se por unha palabra vostedes tampouco apoian esta moción, non nos estraña que sigan onde están: moi lonxe de estar á altura dos profesionais do comercio e da hostalería desta cidade. Vostede está para permanecer no poder e para non se baixar do coche oficial, dentro dun goberno rendido, desganado, sen ilusión e superado polas circunstancias e o que é peor, que tira os cartos de todos os cidadáns. A pesar diso sabemos que os comerciantes, co seu esforzo e adicación, superarán esta situación tan complicada.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez, do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PsdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, así como dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo Municipal do PP Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil,

Couto Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, instando a posta en marcha de medidas para axuda ó comercio e á hostalería da cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE DATA 17.07.07 RELATIVO Ó RÉXIME DE ADICACIÓNS EXCLUSIVAS OU PARCIAIS DOS CONCELEIROS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 24 de xullo de 2009, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte proposta:

“O Pleno do Concello en sesión extraordinaria de data 17.07.07 adoptou acordo sobre o desempeño de funcións dos Sres./as Concelleiros/as en réxime de adicación exclusiva e adicación parcial, esta última recollendo distintos tempos de adicación mínima.

Con posterioridade en sesión de data 03.09.07 o referido acordo foi modificado no seu apartado cuarto no senso de permitir que os voceiros dos grupos políticos municipais comuniquen á Alcaldía a decisión de dividir ou agrupar as distintas adicacións que lle correspondan.

Téndose comunicado pola voceira do grupo municipal do BNG a necesidade de modificar unha das adicacións parciais que lle corresponden para convertela en adicación exclusiva, para así atender as necesidades da área de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística.

Polo exposto de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, esta Alcaldía, en uso das facultades previstas no artigo 13.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar o réxime de adicacións do acordo plenario de data 17.07.07 que lle corresponde ó grupo político municipal do BNG transformando unha das

adicacións parciais de 19 horas semanais (por importe de 32.279,88 € no seu inicio) nunha adicación exclusiva por importe de 67.167,96 €.

Segundo.- O presente acordo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de editos do Concello.”

O voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, procede a ler o texto da proposta que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: O motivo da urxencia é a petición da voceira do BNG de adxudicar esta adicación exclusiva para atender ás áreas de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística.

SR. FIGUEROA VILA: Só unha información do interventor para saber se esa partida ten incremento presupostario o sinxelamente o BNG o reparte como o considera. Xa dixemos nalgún momento que sempre que non haxa incrementos de partida o que fagan os grupos é decisión de cada quen. Votamos a favor porque non hai ningún tipo de problema.

O Interventor Xeral indica que non hai incremento.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta da Alcaldía-Presidencia, relativa á modificación do acordo plenario de data 17.07.07 de cargos con adicación exclusiva e parcial, co texto que se

transcribe nos antecedentes deste acordo.

22.- (142).- ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. GONZÁLEZ SAGARRA, RELATIVA Á CONSTITUCIÓN E REALIZACIÓN DA COMISIÓN DE RUIDOS.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: O día 25 de febreiro de 2008 aprobouse a declaración de zonas acusticamente saturadas así coma a ordenanza municipal de ruídos. Isto conseguiuase gracias ó acordo e aplicación de todos os grupos políticos a través dunha comisión de ruídos que se reuniu en bastantes ocasións no mandato anterior e gracias a iso e á sensibilidade e necesidade de mellorar estas cuestións que preocupan ós cidadáns chegouse a ese consenso.

Sen embargo na práctica non se están a xerar resultados apetecibles neste sentido. A Sra. Lago hai case ano e medio longo que nos dixo neste Pleno que a comisión non estaba legalmente constituída. Gustaríanos saber por que dixo iso e por que se aprobou neste Pleno a xuntanza inmediata desa comisión e leva máis de ano e medio sen se facer.

Tamén nos gustaría saber por que temos que coñecer a través dos medios de comunicación que, segundo indicaba o Goberno desta cidade, supostamente se reúne esa comisión un sábado sen comunicalo debidamente a todas as partes implicadas como se facía antano. Gustaríame saber se realmente esa comisión está constituída ou non, se é así, se se constituíu perante notario, un xuramento privado ou que. Non sabemos nada diso. Gustaríanos que nos informasen a respecto desta situación.

Tamén nos sorprende e por tanto facemos o rogo de que non volvan ocorrer situacións como a que se presentou na que o Sr. Alcalde trata de torpedear á Federación de Veciños, invitando supostamente a algunhas asociacións, non sabemos se a todas, preséntase un membro da Federación Eduardo Chao para dicir que soubo desa situación pero que marcha desa xuntanza. Unha xuntanza que insisto que non sabemos se é oficial ou non, dende logo ós grupos políticos non nos invitaron.

Rogamos que non se volva proceder do mesmo xeito e que se fagan as cousas como se fixeron antano, que se reúna a comisión de ruídos como corresponde, con todas as

partes implicadas e non se trate de torpedear e dividir a esa comisión invitando a unha parte e a outra non.

A PRESIDENCIA: Conclúa o rogo porque xa leva cinco minutos.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Coidamos que o departamento de Medio Ambiente e a Sra. Lago quedaron na absoluta nulidade no último ano

A PRESIDENCIA: Isto é un rogo. Esta é a sección de rogos e preguntas. Faga o seu rogo ou a súa pregunta pero este xa non é momento de debate, por tanto tomamos nota do seu rogo e contestarémolle por escrito. En todo caso lle imos enviar a forma pola que se lle notificou.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Un rogo de que xa que o Sr. Font fai roldas de prensa, non volva mentir nesta cuestión dicindo que invitaron ó noso grupo. É absolutamente falso, non nolo comunicaron.

A PRESIDENCIA: Sr. Sagarra, voulle retirar a palabra. Este non é momento de debates, isto ten procedementos e formas que debemos asumir todos polo tanto este é o momento de rogos e preguntas. Vostede fixo un rogo, fixo un segundo, queda tomada conta e contestarémolle por escrito.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. MARTIÑO GÓMEZ, INSTANDO A CONTINUACIÓN DOS TRABALLOS DO INVENTARIO MUNICIPAL.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Presentei unha moción o 16 de xaneiro, aprobada no Pleno do 26 do mesmo mes, onde solicitaba que se realizase o Inventario. Non sei se lembra o Sr. Font que dixo que xa se estaba facendo ou que se ía facer. Coido que se fixo porque no seu momento estabamos vendo que posibilidades había para que se executase. Quedou deserto por causas económicas e eu quero aproveitar esta ocasión, xa que hai unha concelleira que delegou no Sr. Font e xa que tomou posesión outra vez destas funcións, rogaríalle que volvese continuar os traballos non vaia ser que teña que estar outra vez a empurralo porque xa vexo que cada vez que eu empurro un pouco vostede camiña, pero me gustaría que andase vostede só.

Por iso prégoille que logo desta dilapidación que houbo de cartos, xa non sei se vinte millóns, tres mil millóns de pesetas, coido que a xente se perde, gustaríame que non volveuse quedar deserto ou que estea parado como sei que está parado nestes intres. Xa que que o Sr. Font di que eu non me decato, que non sei, pero volvo indicarlle que está parado porque así evitaríamos que fosen a Pleno casos como a rectificación do Inventario municipal porque debido a que vostede non está executando o que aprobamos na moción, non tería que vir esta rectificación do Inventario porque xa estaría feita, xa habería as pertinentes alegacións. Pero vexo que vostede continúa co mesmo.

O meu rogo, Sr. Presidente, é que outra vez se poña traballar para que poda funcionar o Inventario.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. MARTIÑO GÓMEZ, RELATIVA A INVESTIGACIÓN REALIZADA NUNHA APERTURA DE Plicas.

SR. MARTIÑO GÓMEZ.- Xa que está outra vez o Sr. Font coas mesmas delegacións, me gustaría saber que pasou con esas plicas que se abriron, todas as pescudas que fixo a Policía dun xeito inquisitorial, pegadas, preguntas, funcionarios, gustaríame saber en que rematou o tema relacionado con estas plicas, que a Sra. Méndez se propoñía dicir á miña compañeira que nós tiñamos interese, cando realmente todo o interese tívoo no seu momento a concelleira correspondente cando dixo que era da súa confianza total e obviamente logo llo deron a ela.

O que pregunto é o que aconteceu con todo isto e se hai algunha resolución, algún culpable ou algo que se poida levar a efecto.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sr. Concelleiro. Informaráselle oportunamente por escrito.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO, RELATIVA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DOS QUIOSCOS NAS PRAIAS.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Estamos xa a finais do mes de xullo e o servizo de quioscos das praias aínda está sen resolver. Queríamos saber en que trámite se

atopan de acordo co que aprobou o Servizo de Costas que a finais de abril autorizou ó Concello de Vigo a ocupación de dominio público dalgunhas praias, outros están na zona de servidume, aboáronse 1.200 euros polo canon que ten que pagar o Concello, a autorización para a ocupación desas zonas de dominio público coido que era dende o día 1 de xuño ata o 30 de setembro e estamos a finais de xullo e non sabemos como se atopa a situación.

Isto orixinou queixas de usuarios, dalgúns establecementos que se ven desbordados como consecuencia da falta de servizos por parte do Concello de Vigo nas praias e por iso queremos saber na situación que se atopan xa que, non sei se teremos o próximo Pleno, pero probablemente no seguinte xa pasou o período do verán e agora mesmo non hai ningún quiosco adxudicado, non se está prestando ese servizo e queríamos saber en que situación se atopa e cales son as razóns deste atraso porque vai transcorrer o verán, xa está moi avanzado e aínda está sen adxudicar e sen prestar o servizo ocasionando graves inconvenientes non só ós veciños, senón a quen nos veñen visitar ás nosas praias e tamén graves danos e prexuízos ós establecementos da praia de Samil e resto das praias da cidade.

Polo anterior a pregunta é en que situación se atopan e cales son os motivos deste atraso tendo sido autorizado hai xa tempo e podendo instalarse os quioscos coido que dende o un de xuño deste ano; estamos a trinta de xullo e nada está resolto.

A PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. CONDE GIL, RELATIVA ÓS TRABALLADORES CONTRATADOS MEDIANTE O CONVENIO COA CRUZ VERMELLA PARA O SERVIZO DE SOCORRISMO NAS PRAIAS.

SR. CONDE GIL: Temos unha pregunta sobre o convenio coa Cruz Vermella para o servizo de socorrismo. Queríamos coñecer exactamente os traballadores que foron contratados a través de ese convenio para exercer os labores de socorrismo nas praias.

A PRESIDENCIA: Informaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás

dezaseis horas e vintecatro minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.